Orquestras populares das Mariñas



XULIO CUNS LOUSA

XOSÉ Mª VEIGA FERREIRA



Xulio Cuns Lousa naceu en Betanzos o 22 de outubro de 1926. Traballou nunha notaría ao longo de corenta e oito anos ata a súa xubilación. Actuou en varios cadros artísticos de Betanzos. Como actor afeccionado representou varias comedias, algunhas de propia autoría. Ten publicados varios libros: *O que non quedou no protocolo*, *Así foi... E seguirá sendo*, *O velorio do tío Chinto*, *Alcumes recollidos en Betanzos*, en colaboración con Xesús Torres e *Historia e historias da Garda Municipal de Betanzos*, en colaboración con Xosé Mª Veiga.
Segredario do Anuario Brigantino dende 1985, nel publicou diversos artigos entre os que cabe sinalar a historia da Banda Municipal de Betanzos.



Xosé María Veiga Ferreira naceu en Esperela (Paderne) o 8 de abril de 1960. Licenciado en Xeografía e Historia pola universidade de Santiago, traballa no Arquivo Municipal de Betanzos e é subdirector do Anuario Brigantino, onde ven publicando traballos de investigación dende 1987. Publicou *Betanzos Fotográfico: Imaxes dos séculos XIX e XX*, xunto con Alfredo Erias e *Historia e historias da Garda Municipal de Betanzos*, con Xulio Cuns. Colaborador habitual da revista *A Xanela*, na que baixo o título *O noso patrimonio*, ten publicados desde o ano 1994 diferentes artigos do patrimonio cultural da comarca das Mariñas, sección que actualmente realiza con Juan Sobrino. Autor dos contos do *Padre Trolas*, que se publican con motivo das Feiras Francas Medievais; colaboracións en periódicos, revistas...



A chegada dos músicos á festa de Esperela (Paderne) na década de 1960.
Foto recollida na casa de Alrique.

Orquestras populares das Mariñas

XULIO CUNS LOUSA
XOSÉ Mª VEIGA FERREIRA

EXCMO. CONCELLO de BETANZOS

© Autores: Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira.

© Editorial: EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Maqueta: Xosé María Veiga e Alfredo Erias.

Depósito legal: C - 994 / 2006
ISBN - 13: 978-84-935022-0-1
ISBN - 10: 84-935022-0-0

Imprime: LUGAMI (Betanzos)

INTRODUCIÓN

As orquestras das que imos falar aquí son aquelas agrupacións que se dedicaron á música lixeira, ou sexa bailable, na comarca das Mariñas. Non quixemos limitarnos ás orquestras radicadas na nosa comarca, senón que tentamos recoller moitas das orquestras nas que tocaron os músicos das Mariñas ou aqueles músicos e orquestras que tiveron un papel preponderante na nosa comarca. Así pois, non quixemos facer unha delimitación ríxida no ámbito espacial, soamente uns límites que nos permitisen integrar dentro do posible este mundo musical, que de outro xeito semellaba inabarcable. Outra limitación que puxemos foi cronolóxica, xa que tentamos non vir máis acó da década dos setenta.

A Comarca das Mariñas é unha zona na que hai gran abundancia de músicos. Supoñemos que isto é debido a unha longa tradición musical en moitas familias mariñáns, tanto pola existencia das bandas de música xa dende mediados do século XIX, como pola cantidade de familias de gaiteiros, que van ser berce de moitos músicos integrantes das orquestras populares.

A case inexistencia de bibliografía que tratase este tema levounos a que sexa, por así dicilo, un traballo de campo. Comezamos a entrevistar a algúns dos músicos coñecidos por nós, e estes fóronos levando a outros, e así sucesivamente ata tecer unha tea de araña que foi cubrindo unha boa parte da comarca das Mariñas.

Somos conscientes, sen embargo, que van quedar moitos músicos e tamén algunha orquestra por incluír, pero esperemos que os lectores sexan condescendentes e nos perdoen estas carencias.

Quixemos facer un libro visual, onde se recollesen en fotos moitas das orquestras e as variacións que sufriron ao longo do tempo. Nunha primeira parte tratamos de analizar o nacemento e evolución das orquestras cronoloxicamente, dende a formación das primeiras músicas ou murgas, ata a década dos anos setenta, en que estas formacións sofren unha crise co nacemento das discotecas e a progresiva desaparición das salas de festas e como consecuencia das propias orquestras.

Non quixemos, nin podiamos, analizar aquí a calidade musical de cada unha, soamente algún dato que coñecemos ou que nos contaron, xa que moitas destas

formacións foron efémeras, que aparecían e desaparecían en pouco tempo. Outras en cambio son auténticos buques insignia e practicamente duraron dende o primeiro momento.

Un segundo apartado vai ser dedicado á vida musical dalgúns dos músicos que coñecemos ou nos deron noticias, sen, por suposto, entrar en valoracións. Unicamente sinalar algunha que outra anécdota que sabemos que lles pasou ou que eles mesmos nos contaron.

Hai que salientar aquí as axudas que recibimos, dos músicos e das súas familias, pero sobre todo de xente que sen ser músicos posúen unha auténtica afección por este mundo das orquestras. Afección que segue latente, quizais reminiscencia doutra época, na que o mundo das orquestras era moito máis variado e rico que o actual. Aquelas competencias daban moito que falar, e os seguidores dunha ou doutra discutían en leiras, prados e tabernas de harmonías e solfas. Onde aqueles músicos que traballaban nas leiras ou no oficio que fose, unha vez subían ao palco de táboas convertíanse en personaxes admirados... case en Deuses.

DAS MURGAS OU MÚSICAS ÁS PRIMEIRAS ORQUESTRAS

Este vai ser un período de tempo que vai dende o nacemento destas primeiras formacións de música de baile nos primeiros anos do século XX ata o desencadeamento dos acontecementos que levaron á guerra civil.

As orquestras populares que coñecemos actualmente tiveron a súa orixe nas primeiras décadas do século XX. Foi por estes anos cando xurdiron as primeiras murgas ou músicas, nomes cos que se coñecía a estas primeiras formacións, compostas de combinacións de instrumentos moi diversas, aínda que a que máis se repetía era a formada por: un par de clarinetes, un saxofón, unha trompeta, un bombardino, un baixo e unha caixa.

Estas murgas ou músicas orixínanse partindo por un lado das bandas municipais que había en lugares como a Coruña ou Betanzos e militares en Ferrol, e polo outro da evolución dos grupos de gaitas, ás que se lle engadía algún instrumento máis, facendo en moitos dos casos estrañas combinacións instrumentais.

ANTECEDENTES

Os gaiteiros

Nas aldeas das Mariñas, ata comezos do século XX, armaban a festa un gaiteiro e un tamboril. Estes gaiteiros a maior parte das veces estaban vinculados a unha familia. Xa o dicía a copla (Torres, 1994):

O gaiteiro toca a gaita,
A muller toca o tambor,
Os fillos tocan o bombo,
O can ládralle ao roncón.

Na nosa comarca había algunhas familias que ao longo do tempo se dedicaron a este – que poderiamos chamar- oficio, e así temos: En Tiobre os Marra, en Collantres os Mansos; os Rilos e os Freires en Oza, os Veiga



O gaiteiro Rilo arredor de 1900 (AMB).



Gaiteiro na festa de Nosa Señora en Guisamo (Bergondo) en 1915. (Foto cedida por Natividad Martínez Pan).



Os Pitas de Pontedeume nos primeiros anos do s. XX



Os Mariñáns de Guisamo nunha festa en Ouces (Sada) no ano 1962. (Foto do Arquivo Municipal de Bergondo).



Os Beades nos anos setenta (AMB).



Os Beiros de Ponte Nafonso (Noia). Ilustra moi ben a relación entre os gaiteiros e as nacentes murgas. (Tirada do periódico La Opinión *do 21 de agosto de 2005).*

As seccións das bandas

A finais do s. XIX para amenizar calquera evento estaban as diversas seccións das bandas, así por exemplo en Betanzos o Sr. Blanco ofrece xa na prensa local, concretamente no periódico Las Mariñas do ano 1888, os servizos da súa "banda de música popular":

> *La banda de música popular que dirige el Sr. Blanco, tiene el sumo gusto de ofrecer al público sus servicios en toda clase de funciones, entierros, misas solemnes, procesiones, fiestas de aldea, etc. Para lo cual dispone de un personal inteligente en el arte musical y de piezas de los más acreditados profesores, prometiendo satisfacer los deseos de los que soliciten aquellos por lo económico de los precios al alcance de cualquier modesta fortuna...*

O normal era que estas seccións das bandas actuaran xeralmente en sociedades de recreo e festas de salón. Tiñan todas algúns instrumentos de corda: un par de violíns, un violonchelo, un contrabaixo e piano –xa que esas entidades tiñan, no seu local, o referido instrumento– e o resto, outros instrumentos de vento, que eran unha verdadeira exquisitez. Un exemplo destes últimos foi a Orquestina Coruñesa, que dirixía Canuto Berea, e era moi coñecida en toda a comarca.



Banda Municipal de Betanzos nos primeiros anos do s. XX (AMB).





Arriba a Banda de Eduardo Pita Milán(Fotos tiradas do Cancionero Popular Eumés, *de Xosé Paz Fernández).*



Orquestina Coruñesa (Foto Villar. Arquivo Municipal de A Coruña).

Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira

OS RITMOS NAS PRIMEIRAS DÉCADAS DO S. XX

O nacemento destas murgas e a súa evolución foi debido a un cambio nos gustos musicais e a introdución de novos ritmos.

A música tradicional estaba composta por valses, dos máis coñecidos: *Las tres de la madrugada*; *Vals de las olas*; *Olas del Danubio* e outros como *Doña Mariquita*, cunha letra que facía moita graza aos nenos:

En el Madrid romántico
no se oye otra canción:
Mariquita, Mariquita,
doña Mariquita, doña Mariquita
de mi corazón.

Estaban as mazurcas e polcas –a polca naceu en París a mediados do século XIX, converténdose nun baile moi popular en toda Europa-, de difícil execución e, finalmente, o que non podía faltar en toda festa eran as muiñeiras e as "jotas", xa que era o que máis se bailaba.


Nas festas de salón ou sociedade, xa con outro tipo de orquestras como a *Orquestina Coruñesa*, dirixida por Canuto Berea, músico moi bo que tiña un establecemento na Rúa Real da Coruña onde vendía toda clase de instrumentos e accesorios, ademais de partituras.

Esta orquestra e as similares tocaban outra clase de música: bolero (non se confunda cos boleros con que nos inzaron, anos máis tarde Cuba, México e outros países hispano americanos) este era unha danza española. bourrée, danza



Baile en Paderne (Foto tirada de Imaxes de Galicia: Fotografía Etnográfica. Xunta de Galicia).

francesa; contradanza; galop, danza moi rápida; mazurca, danza polaca; minué, danza francesa; polca, danza bohemia; polonesa, danza solemne de Polonia; tarantela, danza italiana; rigodón, orixinario de Provenza; czardas, húngaras; e o consabido vals. Comezaban estas orquestras a tocar algún chotis, porque facía furor en Madrid, onde adquiriu carta de cidadanía, porque ser é escocés, tan escocés coma o whisky.



Baile. (Revista La Esfera, *ano XVII, nº 880 do 15 de novembro de 1930).*

A música antes da guerra, ademais dos ritmos xa citados, reducíase en España aos cuplés que cantaban: Concha Piquer, Imperio Argentina, Estrellita Castro, Juanita Reina, Raquel Meller, Pastora Imperio, La Niña de la Puebla. Tamén se interpretaban os fragmentos máis populares e chocalleiros das revistas e zarzuelas, que se representaban en Madrid, Barcelona e poucos sitios máis.

Podíanse escoitar os pasodobres, un ritmo segundo parece, de orixe alemá, pero que pillou carta de cidadanía en España, maiormente en toda Andalucía, en Madrid e pódese dicir que alcanzou, con máis ou menos intensidade, a toda España. Nun primeiro momento era utilizado indistintamente para desfiles militares e espectáculos taurinos e na década de 1920 popularizouse como baile, e foi parte fundamental no repertorio das bandas de música. Entre os máis coñecidos daqueles tempos podemos citar: *Ven, Cirila, ven*; *Soldadito español*; *La Entrada* e outros dedicados a toureiros famosos. Tamén de lugares como *Islas Canarias*, e Galicia que aportou varios pasodobres enxebres: *Santiago*; *Lugo-Ferrol* e *Ponteareas*.

Nos anos vinte os aparatos de radio e os gramófonos levaron a música ata os máis apartados lugares.

Coa aparición dos aparatos radioemisores e rádiorreceptores, empezouse a oír música estranxeira que, pouco a pouco, ía introducíndose no noso país, pola coincidencia de apareceren dous ritmos ou tipos de música, moi dispares entre si, pero moi distintos a todo o que había antes da súa invención: o tango e o jazz.

No ano 1927 púxoselle son ao cine. As primeiras películas faladas e musicadas foron americanas e consecutivas: *Don Juan*, seguida de El *cantor del jazz*, que contribuíron a expandir a música.

Todo isto levou a unifica-la música no mundo enteiro.

"O jazz foi descuberto polos músicos europeos despois da I Guerra Mundial. O que máis interesou aos compositores foi a súa riqueza rítmica, a súa explotación da materia sonora e o xeito de como os virtuosos de jazz tocaban os instrumentos de vento clásicos, tal como se quixeran imitar as inflexións da voz humana." (Stockhausen, 1973). O jazz tiña moitas variacións rítmicas, sendo o charlestón e o fox-trot os que máis impacto tiveron aquí nun principio. Máis tarde pasouse da suavidade do "slow" ao desmadre do "bugui-bugui".

Estes ritmos tiveron importantes consecuencias no desenrolo de novos instrumentos musicais, sobre todo coa importancia que se lle concede aos instrumentos de vento e aos instrumentos de percusión. Nos primeiros xa destacamos a importancia que se concede ao saxofón, que o vai introducir como un dos elementos fundamentais das orquestras e incluso é incorporado ás obras de Berg e de Webern.

As posibilidades que ofrecen os progresos técnicos tiñan que traducirse nun mellor coñecemento e difusión da arte nos países occidentais, cousa que debía ter consecuencias no ámbito da música. O descubrimento das músicas exóticas enriqueceu á música occidental nos eidos rítmico, formal e tímbrico... a incorporación da grande cantidade de instrumentos de percusión que proviñan dos países asiáticos, africanos e americanos, aportaron novas sonoridades e ampliaron as posibilidades coloristas da música de occidente.

O outro ritmo foi o tango, do que imos falar agora



Tango. Debuxo de Alfredo Erias.

mesmo xa que, nos anos vinte ata a guerra, en España, tódalas orquestras tocaban tangos, todo o mundo cantaba tangos e bailaba tangos.

O tango, provocou un verdadeiro furor bailable, case unha tolemia, á que sucumbiron tódalas capas sociais e tódalas idades, sen a menor forza de resistencia. Uns vinte anos despois, dous xéneros cubanos, a rumba e a conga, pasaron pola mesma circunstancia.

O francés Carlos Gardel, nado en Toulouse, foi un intérprete excepcional deste tipo de canción e non sabemos se foi por esa razón, que hai algúns musicólogos que din que o tango é un ritmo francés.

O primeiro tango (arxentino) aparecido no mundo titulábase *La Morocha*, con letra de Ángel Villoldo sobre música de Enrique Saborido, que cantou a cupletista uruguaia Lola Candales, o 25 de decembro de 1905, no bar Rouchetti.

Unha curiosidade é que o tango máis popular en todo o mundo, que se titula *La Cumparsita*, foi composto, tanto a letra como a música, por Gerardo H. Matos Rodríguez, "El Gallego", que era así como o coñecía todo o mundo, aínda que era natural e vivía en Montevideo. Os seus pais eran galegos emigrantes.

A *Cumparsita* foi, polo menos en España, o que máis éxito acadou de cantos tangos se interpretaron. Non había orquestra que non o tivera no seu repertorio.

A música arxentina apreciábase sobre todo en Galicia, xa que non había ningunha familia galega que non tivese un parente en Buenos Aires, porque naqueles tempos o noventa por cento dos emigrantes galegos estaban "*ubicados*" –palabra moi usada polos arxentinos naquel tempo– na capital.

O Gallego fixera a música, poñéndolle letra Pascual Contursi e Enrique P. Maroni, xa famosos naquel tempo. Parece que ao músico non lle gustou moito, facéndolle el outra que, polo menos en Galicia, era a que se coñecía.

A influencia destes ritmos vai ser algo máis que musical, xa que afectou ás modas e modos da época. Cando se produciu o do tango non só foi un afán por oílo, por cantalo e por bailalo. Non, a xente moza comezou a usar sombreiro, pero non era un sombreiro calquera: era un sombreiro de "fieltro", abaixado no cume da copa, como se fixera un rego na leira, dúas concavidades pequenas, unha a cada lado do que sería a liña ideal para partir o sombreiro en dous. En fin: un sombreiro igual ao que usaba Carlos Gardel.

As rapazas: vestido de talle baixo (unha cuarta por debaixo da cintura) e, a partir dese talle, toda a faldra plisada. Igual que as tanguistas.

Máis tarde, cando empezou a influencia do jazz os homes comezaron a usar pantalóns brancos, acampanados, moi anchos na parte baixa; "marinera", que era unha especie de blusa que non se metía por dentro do pantalón, e na cabeza aqueles gorriños brancos que usaban os "marines". Así vestidos parecían "churreros".



Baile na Octava da Ribeira nos anos 20. (Fotografía achegada por Mercedes Morandeyra).

As mulleres máis ousadas comezaron a usar a saia-pantalón e gorra de viseira coma as que usaban os porteiros do fútbol.

O baile que se impuxo na xuventude chamábase "charlestón". O charlestón orixinouse dende principios do s. XX como unha danza folclórica negra na cidade de Charlestón, Carolina del Sur (Estados Unidos), durante a época coñecida como os alegres anos vinte. Tivo unha gran difusión en Europa despois da primeira guerra mundial.

Aquí na comarca fíxose moi popular unha variante coñecida como fox-trot, que atopou unha férrea resistencia nos sectores conservadores da sociedade. A época dourada foi os anos trinta.

AS PRIMEIRAS MURGAS OU MÚSICAS

Nos primeiros anos do século XX tiveron lugar as primeiras actuacións de murgas nalgunhas festas da comarca, como en Betanzos que no 1903 (Expts. de festas do Arquivo Municipal de Betanzos: c-944) actuou xa a Murga de Manuel Pérez que amenizou as festas dese ano. Testemuña da súa puxanza no ambiente festeiro son os certames de murgas que se fixeron nas festas das localidades

máis importantes das Mariñas. Estes certames eran concursos onde participaban varias murgas e había premios para os que mellor tocaran, semellante aos que habitualmente se facían entre os gaiteiros.

En 1907 celébranse nas festas patronais de Betanzos –realizadas nese ano no mes de xullo– un certame de gaitas e outro de murgas como se mostra no semanario *La Aspiración* (nº 172 de 21 de xullo):



BARRALES. Eran de Cecebre (concello de Cambre). O segundo pola dereita –con sombreiro– é José Barral, que era o fundador da saga dos Barrales; ao seu carón, co clarinete, Moris; co saxofón, "O Ferreiro"; detrás del coa tuba, Amador; o neno de diante cun bombardino é Francisco Barral. Non aparece na foto Ramón, que tocaba o saxo. (Foto recollida da revista Esculca*).*

> *En el Certamen de murgas y gaitas celebrado el 15 del actual en esta ciudad obtuvieron el primer premio la murga coruñesa, el segundo la de Cecebre y el tercero la ferrolana.*
> *Los gaiteros de Collantes y Esperela considerados por el Jurado a igual altura fueron calificados ambos en el primer premio.*

Os gañadores aos que se fai referencia no apartado de murgas un deles posiblemente fose dos Barrales de Cecebre. Polo que respecta aos gañadores no apartado de gaitas eran *O Cafú* de Collantres e José Veiga de Esperela.

Dos demais premiados na categoría de murgas non temos máis noticias xa que non se lles puxo o nome, posiblemente nin sequera o tivesen.

Habitualmente estas murgas ou músicas estaban compostas por varios membros dunha mesma familia, polo que se coñecían polo apelido da familia ou polo lugar de onde eran naturais.

Barrales

Eran de Cecebre e xa actuaban con anterioridade aos anos vinte. En 1919 xa un da saga dos Barrales —segundo unha nota de prensa de *La Voz de Galicia* de 30 de maio– dirixía a coñecida como *banda de Cecebre* que sería quen animaría ese ano a festa das flores de Culleredo ao anoitecer.

En 1925 no *El Heraldo Gallego*, editado en Bos Aires, relátanse as festas de Cambre e faise mención da actuación dos Barrales:



Os Barrales no 1918. O neno é Eugenio Barral (Fotografía achegada por Eugenio Barral).

La excelente banda de Barral tan popular y bien organizada amenizó estas fiestas. No hay que olvidar que el gran Barral y los suyos fueron premiados en La Coruña.

O fundador desta saga de músicos, con sona en toda a comarca, foi José Barral. De rapaz ía para cura, estivo preparándose algún tempo na Calle Real na Coruña, pero cando chegou a hora de ir para Santiago deixouno. Tiña moita inclinación pola música e co tempo fixo unha especie de academia en Cecebre. Uns dos máis adiantados dos seus alumnos foron os seus propios fillos –tivo catorce–, que xa de moi nenos formaron como integrantes da "Música dos Barrales".

Co tempo o número de músicos da familia foise multiplicando e así algunhas orquestras nas que tocaron chegaron a ser coñecidas como as de "Os fillos de Barral" ou "Os netos de Barral".

"Chegamos a tocar nas orquestras ata seis dos irmáns –coméntanos Antonio Barral–, pero as mulleres tamén sabían coma Concha que tocaba moi ben o piano. Os que se adicaron máis a ese mundo foron Pepe e Eugenio Barral que tocaron moito tempo na *Orquesta X* e na *Orquesta Radio*. Eu tocaba o trombón de varas, pero deixeino pouco despois da guerra".

Nos anos trinta tocaban nela Pepe, saxo alto; Eugenio Barral, saxo tenor e Laureano Núñez. Tamén tocaba con eles un músico apelidado Moreno, da Estación do Norte que andaba á competencia con Casimiro dos Guiliades, pero despois da guerra non se volveron xuntar.

Fundaron despois da guerra a orquestra "Rosa", pero durou pouco tempo. Moi relacionada cos Barrales estaba tamén a orquestra "Iberia".

Pitas

Eran de Pontedeume, e representan un paso intermedio entre a banda e a música popular. Así no periódico "Ecos del Eume" no ano 1917 (nº 395), quéixanse das festas dese ano. Nun dos parágrafos fálase da actuación da "banda" ou "música" do Sr. Pita:

¿Que habremos de decir de la banda de música que dirige el Sr Pita? Nosotros, ante todo y sobre todo, somos regionalistas, queremos antes lo nuestro, aun cuando fuere más malo, que lo ajeno; y por ello juzgarán nuestros lectores con cuanta satisfacción hemos aplaudido la interpretación que supo dar a las piezas muy afinadamente, por cierto, nuestra música, y que lo único que deploramos es que esos músicos no sean o pertenezcan a nuestra banda municipal, para que así pudiesen ir a donde van otras bandas, con la academia que ella supondría de tiempo en tiempo. Los convecinos que forman esa banda de música, créanlo, cumplieron a satisfacción con su cometido, y mas que a satisfacción hacen milagros con su instrumental no adecuado para el conjunto.





Os Pitas. Arriba na Praza do Conde en Pontedeume. Ao lado na romaría en Breamo, na que aparecen seis músicos: dous violíns, dúas frautas, un clarinete e un bombardino. (Fotos recollidas do libro de Xosé Paz Fernández O Cancionero Popular Eumés*).*
O documento de 1944, foinos achegado por Xosé Paz Fernández.

Ó Orquestina)
" Os Pitas "
==========

Pita Fernandez
M: Pita
A. Pita
P. Pita
M: Mosquera
L. Lopez
J. F. Rguez.
J. Paz
M. Piñeiro
N. Corral
==========

Recibi : Del Presidente de los festejos por amenizar los dias 7 y 11 de Septiembre la seccion de Musica que al detallo a 60 ptas los de la localidad y a 70 los no de la localidad , la cantidad de Mil dos cientas cuarenta ptas.

Puentedeume 12 de Septiembre de 1.944

E. Pita Fernández
Profesor de Música
PUENTEDEUME

Eduardo Pita Fernández

f. Eduardo Pita Fernandez



OS MANSOS. Eran de Leiro (Miño).Conforme aparecen na fotografía, reflicten fielmente unha época de transición das bandas que, pouco a pouco se van convertendo en músicas. Vemos que a vestimenta é a propia dunha banda. Nos instrumentos obsérvase que o que está no medio "O Maragato", de Bañobre, substituíu o clarinete polo saxofón, que quere amosalo de perfil. Compoñen o resto da orquestra dous clarinetes, o da esquerda é Manolo Manso, e o bombardino teno Antonio Manso, aínda un neno. Completase o conxunto co da tuba ó que non poidemos recoñecer.
(Foto recollida do libro de Xosé Paz Fernández O Cancionero Popular Eumés*).*

Mansos (de Leiro, Miño)

A súa orixe é anterior aos anos vinte. A mediados dos anos vinte os irmáns Manso estiveron cos "Catalás" de Miño. Nos anos trinta formouse de novo e tivo moita sona. Estaba composta por xoves músicos da zona que van ter un papel importante nas orquestras da comarca como *O Patolo*, os *Chiscos* de Bañobre e os propios Antonio e Manuel Manso. Estes dous últimos van ser dos primeiros en actuar como vocalistas, aínda hai xente que os recorda, sobre todo aquela peza que se chamaba *María Magdalena*, unha canción xitana de aire andaluz que tiña tanto éxito na época. Dicía así:

Era la Malena cañí muy juncal
como una medalla de bronce fundío;
hecho con la sangre del mismo metal,
Jesús, el platero, su amante rendío
y era la pareja calé más felíz
que jamás en serva la barí se vió.
Pero la Malena se escapó de allí,
y a la mala vida sin pena se echó
y así decía er gitano
al ver que como monea
rodaba de mano en mano:
"Ay María Magdalena,

Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira



OS MANSOS. Detrás de esquerda a dereita: Bernardo "O Chisco" de Bañobre (Miño), trompeta; "O Amarote", de Bergondiño, clarinete; o seguinte non o coñecemos; "O Maragato" de Bañobre, saxo e José Muíño "Mollo" (pai), baixo. Diante: Antonio Leira "Patolo", clarinete; Manuel Manso, clarinete e Antonio Manso, bombardino. (Foto achegada pola familia de Manuel Manso).

que a tóos tus besos has dado
rosa de carne morena.
Por lo mucho que has pecado,
yo te perdono, mujer,
por lo mucho que te he amado
y me has hecho padecer.
Vuelve otra vez a ser mía,
vuelve otra vez a ser buena,
pero vuelve arrepentía.
Ay María Magdalena.

Pobre del platero, ¡que solo quedó!
La burla lo hiere, la pena lo mata,
por el duro golpe conque ella lo hirió
tiene la cabeza cubierta de plata.
Hasta que un buen día la vio de venir
y a sus pies, llorando, la cañí se echó;
"Pa que me perdones, yo he venio a ti
como a Magdalena Jesús perdonó".
Y al verla triste y llorosa,
así le dijo besando
su cara de Dolorosa
"¡Ay! María Magdalena...(estribillo).

Catalás

O Catalán tiña unha taberna na Feira do Tres, en Vilarmaior. Posteriormente trasladouse a Miño, onde montaron un serradoiro e unha gasolineira, e tamén tiñan salón de baile en Leiro (Miño) polos anos trinta. O Catalán tocaba o cornetín, e tres ou catro fillos del eran músicos: Manolo tocaba o clarinete; Emilio o baixo e outro, que non sabemos como se chamaba, o bombo. Con eles tocaba o cornetín e despois o clarinete o *Pachote* antes de ir para América. No ano 1928 desfixéronse xa que un dos fillos empezou a traballar como Oficial Maior do Concello de Miño e os outros montaron un almacén de coloniais na Coruña.

Despois do ano en que se desfixeron houbo varias formacións ocasionais que se coñecían como "Os Cataláns", nas que non tocaba ningún membro da familia, pero que ían tocar asiduamente ao salón de baile que eles tiñan.

Segundo Carlos López García, nalgunha ocasión antes da guerra, algunha destas formacións derradeiras que ían alí a tocar estivera integrada por:

"O *Panchón* —pai de moitos músicos–, un señor de Sada xa moi maior, que viña nunha mula. Na orquestra tocaba Luis Fuentes *Cornán*, Carlos López (pai), e eu —Carlos López (fillo)–, que tocaba o requinto. Ensaiaban na Magdalena, un día na casa do *Copeteiro* e outro na do *Cornán*".

Mansos ou "Cafús"

Eran de Collantres (Coirós). Esta agrupación tivo a súa orixe nos grupos de gaitas. Era habitual ver aos Mansos actuar como gaiteiros polas festas da comarca, incluso non era raro velos tocando coas danzas de Mariñeiros ou de labradores de Betanzos. Tocaban bastante ben, posto que tiñan coñecementos musicais de solfexo.

Noticias dela témolas na revista "Albor", editada en xaneiro de 1936 en Coirós, que nos fala da inauguración das Escolas do lugar, costeadas polos emigrantes na Arxentina. A inauguración, coincidía co aniversario de proclamación da República, o día 14 de abril de 1935:

> *Y así, cuando a las nueve de la mañana, una salva de bombas puso en el cielo su rúbrica de humo y el estampido atronador de sus gases dilatados, y las banderas nacional, gallega y argentina, desde el suntuoso edificio-escuela, pintaron en el aire con su policromía un ¡hurra! Prolongado fué a despertar de su impasible sueño al impasible Espenuca, para ir a confundirse, vibrante aun, con el suave murmullo del Mandeo, y las notas acordes de la afinada banda musical que dirigía D. Francisco Manso Barros.*
>
> *En medio de un esntusiasmo general casi delirante, la banda de música hizo vibrar los corazones entonando el himno de Riego (Nacional) saludando a España republicana y el Himno Gallego en honor a los hijos de Breogán emigrados, que desde tierras extrañas nos hacen el inapreciable obsequio de tan magnífica escuela.*

Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira



OS CATALÁS. Esta música chegou ata 1928. Detrás, Manolo Manso, clarinete; Manolo "O Catalán", clarinete e saxo tenor; Bernardo "O Chisco", trompeta. Sentados: Antonio Manso, bombardino e trombón; "O Maragato" de Bañobre (Miño), saxofón alto; e Emilio "O Catalán", baixo.



OS MANSOS "CAFÚS". Eran de Colantres (Coirós). Arriba unha formación típica dos anos vinte con clarinete, saxofón, bombardino e tuba. O do clarinete é José Manso, e o da tuba José Vara Naveira. Aos demais non os coñecemos. A fotografía foi recollida na Asociación Cultural de Colantres (Coirós).

A fotografía de abaixo apareceu publicada na revista Albor, *editada por "Hijos de Coirós en Buenos Aires" no ano 1936. Foi tomada na inauguración do edificio escolar o 14 de abril de 1935. A formación aparece moi reforzada para este acto especial. O xefe da música era Francisco Manso Barrós e os músicos eran: José Manso Barrós, Silvestre (clarinete) e Julio Valiño (saxo, de pé), Manuel Marcote, Ramón Martínez, José Vara Naveira (tuba), José Mahía (saxo, sentado á esquerda) e José Crespo Maceiras. (AMB).*



Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira



MÚSICA DO PANCHÓN .Eran de Sada. Esta fotografía foi feita no ano 1925 nunha festa en Carnoedo, e publicouse na revista La Mariñana, *nº 12 do 15 de xuño de 1925. "...una de las músicas que amenizaron dichas fiestas". A música dos Panchós foi moi popular na comarca, incluso foi inmortalizada no libro de Lugín* La casa de la Troya. *O seu fundador é o primeiro pola esquerda, que ten o clarinete, é Juan López Panchón; o segundo pola dereita, que aguanta do bombardino, é Francisco Sanmartín; e os restantes, son os tres fillos de Panchón, que tocan clarinete trompeta e tuba. (A fotografía tirouse do libro de Ramón Rodríguez Ares* Historias de Sada*).*

Seguramente a Música reforzouse para a ocasión, e contaba con nove membros: Francisco Manso Barros "Cafú", José Manso Barros, Silvestre e Julio Valiño, Manuel Marcote, Ramón Martínez, José Vara Naveira, José Mahía e José Crespo Maceiras.

Anos máis adiante a orquestra compúñana o Cafú, que tocaba o saxofón, e o irmán a batería. O Xunqueira que vivía en Betanzos, aínda que era de Paderne, tocaba o clarinete. O betanceiro Ricardo Villarnovo, o saxofón tenor. Ademais dos citados tamén había quen tocara a trompeta e máis o baixo.

Panchós

Eran de Sada. A murga do "Panchón" estaba composta por Juan López "Panchón", tres dos seus fillos e Francisco Sanmartín. "O Panchón" era un dos músicos máis populares da comarca. Ramón Rodríguez Ares (1998) e Ezequiel Pérez Montes (1973) fálannos das boas maneiras desta murga, e relátannos un concurso de murgas celebrado na praza de toros da Coruña: "*Se llevó la palma el célebre Panchón de Sada, que con su gente hizo diabluras musicales*".

Foi inmortalizado na obra de Alejandro Pérez Lugín *La casa de la Troya* e tamén falou del no libro *La corredoira y la rúa*. Dise do Panchón que tiña un oído extraordinario e disque se acercaba ao pavillón "Lino" da Coruña para escoitar novos ritmos e despois adaptalos para a súa murga. Morreu no ano 1934.

Música Esperela

Coñecíase así a música composta por José Veiga Cal de Esperela, clarinete; Antonio Cal Purriños de San Mamede, tocaba o saxo; Francisco Beade o clarinete, Jesús Faraldo de San Mamede, o bombardino. En lóxica debería chamarse Música de San Mamede (Paderne), xa que todos os integrantes eran de alí menos o primeiro que era de Esperela (Paderne).

Foi un grupo de rapaces que estaban aprendendo a tocar na escola da Banda Municipal de Betanzos nos ano vinte do pasado século. Ían a pé boa parte do camiño e con iso colleron trato e chegaron a facer unha música que actuaba polos arredores. Anos máis tarde os dous primeiros actuaron coas mellores orquestras do momento.

Nos anos corenta o mesmo José Veiga Cal, vai fundar na Coruña a Orquesta Esperela, que durou ata mediados dos anos cincuenta e que estaba composta por: Pepe *Pachote* e *o Forneiro* de Betanzos, trompetas; Marcial Porto, trombón; Roel, batería; Jacobo Grossi, cantante; David Arias, contrabaixo; Manolo Fraguela, Francisco Barral, *Garrote* e o propio José Veiga, saxofóns.

Música dos Sabín

Eran de Vilouzás. Estaba composta por Manuel Sabín Abrodos, clarinete e saxofón; José Saya Dopico, bombardino e despois trompeta; Heliodoro do Norte "O Moreno", saxofón; *Chantada,* de San Pantaleón, clarinete; un dos do Novo de Vilouzás, baixo e José Lorenzo, de Goimil, trombón.

Cando empezaron algún dos seus integrantes aínda andaba en pantalóns curtos, como era o caso de José Saya.

Ten tocado con esta formación, aínda que xa na súa época final cando se introduciron as baterías, un rapaz de Obre, que ía estar moi vinculado á música ao longo da súa vida, era Antonio Maceiras. Tamén tocou nesta orquestra Mingos de Queirís, que despois tocou na Banda Municipal da Coruña.

Agulleiros

Eran do Val de Xestoso (Monfero) e o nome viñalles do apelido de dous dos integrantes, que eran Germán e Serafín Agulleiro. Ían tocar mais ben para a zona de Lugo e polas proximidades de Xestoso. Despois da guerra civil non volveron



MÚSICA DOS SABÍN. Eran de Vilouzás (en Paderne),e a foto é de 1930. De esquerda a dereita: Manuel Sabín, clarinete; Gómez, clarinete; Saya, trompeta; Gerardo Cal, de Areas, trombón de pistóns; Pedro Novo, de San Martiño, tuba. Abaixo xa era unha segunda etapa da orquestra, no ano 1933. A foto foi feita diante da casa de Sabín e coa música está xente da familia. Manuel Sabín, que era o xefe do grupo, está co clarinete vestido de camisa branca; ao seu lado está "Chantada", clarinete; Heliodoro, saxo, era do Norte; Crespo, bombardino. Sentados diante: Castellano, trombón de pistóns; Pedro Novo, de San Martiño, tuba. O dos foguetes é Pedro Fernández, pai de Pedro e Fernando, que tamén foron músicos. (Fotos cedidas por Pepe Sabín).





AGULLEIROS. Eran do Val de Xestoso. Esta fotografía é do ano 1934. De esquerda a dereita: Germán Agulleiro, saxofón; Celso do Santo, clarinete; Serafín Agulleiro, clarinete; Domingo do Blanco, caixa; Martiño do Demiño, bombo; sentado Luis Casabella co trombón de pistóns. (Foto cedida pola Casa Rural Lourán do Val de Xestoso).

tocar. Un dos integrantes tiña un coche de liña que facía o servizo entre Xestoso e a Coruña, coñecíase como o *Restrevas*, que era o nome dun lugar do Val de Xestoso.

Música de Ois

Comezou a tocar máis ou menos polos anos trinta, nun mes de outubro, na festa das Dolores. Estaba composta por mozos da parroquia de Ois (Coirós): Ramón Martínez Marcote, clarinete (era o xefe do grupo); Manuel Tizón Brañas,



MÚSICA DE OIS. Foto da inauguración da escola do Fontelo, en Santa María de Ois (Coirós), no ano 1933. O acto estivo amenizado pola música de Ois, que estaba composta por: Ramón Martínez Marcote, clarinete, era o xefe do grupo; Manuel Tizón Brañas, clarinete; José Medal, trompeta; José Bellón Álvarez, trombón; José María Gómez Perdís, baixo; José Mahía, de Santa Mariña de Lesa (Coirós). (Foto achegada porMiguel Gayoso e publicada na revista As 4 Aldeas, *nº 21 de agosto de 2002).*



CASTELLANOS DE GOIMIL. Todos eles excepto un eran do lugar de Goimil, do concello de Vilarmaior. De esquerda a dereita aparecen: Jesús Lorenzo, de Goimil, tuba; José Lorenzo, trombín; José María Díaz, de Callobre, saxofón; Rogelio López, clarinete; Andrés Lorenzo, clarinete. (Foto achegada por Francisco José Meijide).



OS CANOSA. A denominación deste grupo musical vén do apelido dos fundadores da música. De esquerda a dereita: Ricardo e Felipe, clarinetes; Manuel Eiroa, co saxofón; Antonio cun trombín e Marcelino Canosa, director da orquestra coa tuba. (Foto achegada por Manuel Eiroa).

clarinete; José Medal Medal, trompeta; José Bellón Álvarez, trombón; José María Gómez *Perdís*, baixo e José Mahía (era de Lesa), saxofón. No 1940 deixaron de tocar todos salvo o Perdís.



José Vara Naveira

A CREACIÓN DAS PRIMEIRAS ORQUESTRAS. OS ANOS TRINTA.

Os anos trinta darán lugar á consolidación das orquestras de baile. Van aparecer as grandes orquestras, que van marcar boa parte do século XX, como os Rambalts, Rádio, Guiliades, Mallo ou Pachotes.

Outras músicas existentes a principios dos anos trinta desaparecen e algúns dos seus membros pasan a integrarse nestas novas orquestras, xa dunha maneira semiprofesional.

Aparición do "animador" ou "vocalista"

Outra novidade acaecida nestes anos foi a de acompañar coa voz algunha canción, isto que hoxe vemos como normal naquela época non o era tanto, xa que era bastante difícil destacar coa voz humana por encima dos instrumentos da orquestra. Esta dificultade solucionouse en parte pola aparición duns instrumentos de cartón de forma cónica, que permitían ampliar a voz do cantante e de calquera instrumento nun momento dado. Era a orixe dos altofalantes. Para algúns estaría aquí a diferenza entre as antigas murgas e músicas e as novas orquestras.

Nun primeiro momento eran os propios músicos os que se atreveron a cantar, algúns deles con bastante éxito como poderiamos sinalar a Manuel e Antonio Manso. Xurde tamén a figura do cantante ou animador e antes da guerra van



Orquestra no Gran Café Americano (Coruña). Arquivo Municipal de A Coruña.



Actuación dunha orquestra de A Coruña nos anos trinta. Fondo Villar. Arquivo Municipal de A Coruña.

aparecer nas orquestras a figura das animadoras, que invadiron os palcos das nosas festas. Actuaban –para a época– un pouco lixeiras de roupa, para satisfacción da xuventude e escándalo das avoas e beatas.

Os salóns de baile imitaban en certa maneira os espectáculos que se daban nos Cafés-cantantes das grandes capitais, como se podía ver na Coruña no "Méndez Núñez" da Calle Real.

Unha das primeiras que se recorda era coñecida como "La Mancheguita", que era unha rapaza loura, "de gran atractivo físico e de voz preciosa", cun amplo repertorio de cancións moi de esa época como *María de la O*, *Rocío*, etc.

Desta época era tamén a coñecida como "La Neskita", que fixo popular a canción *El Limonero*, que comezaba coa seguinte estrofa:

A los pies de un limonero florecido
una noche que jamás olvidaré
a un mocito pinturero y presumido
recelosa, a sus quereres me entregué

...

Máis adiante houbo outras animadoras de moita sona como Finita Gay, "Alicia Beatriz y su orquesta Saboya" e Isabelita Aceituno.

O cambio que se deu nas orquestras tivo tamén como consecuencia un cambio na consideración social destes grupos. Unha mostra desto vémola nos programas de festas da comarca, que nas primeiras décadas do século aparecían (se aparecían) de forma xenérica indicando que tal día habería unha murga. Nos anos trinta aparecen nos programas os nomes das orquestras que actuarían nas festas, xa como un número de certo peso dentro dos programas.



Finita Gay. Foto achegada pola familia.

A Lei Azaña

Neste proceso evolutivo tivo gran importancia a coñecida como "Lei de Azaña". Esta lei aprobada non ben se proclamou a república no ano 1931 (28 de abril de 1931), entre outras moitas cousas, concedía o retiro voluntario –pagado– a tódolos militares que o desexaran. Suprimíronse moitas das bandas de música, pasando os músicos á reserva. Moitos deles tiñan importantes coñecementos musicais e ao integrarse nas orquestras populares fixeron que as orquestras mellorasen e ao mesmo tempo que a profesión de músico collese dignidade.

Os grupos que van a perdurar vólvense estables e actúan dunha forma profesional, tanto na categoría musical como na presentación do grupo. Un destes aspectos van ser os uniformes, como a orquestra ferrolán (AMB: c-3268) "Los Phatys", que recalca o uso dos uniformes na súa presentación, nunha carta que vai dirixida ao secretario da Sociedade Liceo de Betanzos en 1934:

> *Significándole además que nuestra presentación puede ser de Smoking o gran lujo estilo americano con "chupa roja de gran etiqueta", no alterando el precio en nada.*



OS GUILIADES. De esquerda a dereita, o primeiro clarinete que aparece é José Veiga "O Esperela"; o que segue, non sabemos quen ;, despois, Laureano Nuñez; e o cuarto, co saxofón nas mans é Casimiro. O do bombardino e o do baixo, descoñecidos. Os dous que están diante son da comisión de festas. (AMB).

Nos anos trinta José Padilla compoñía *El Relicario*, *Valencia* e *Princesita*. Por estas mesmas datas Celia Gámez, facía famoso *Pichi,* o castizo chotis de "Las Leandras".

Co triunfo do jazz en toda liña, outros ritmos gozaron tamén de especial auxe como a rumba e o tango que xa facían presaxiar un lugar para os ritmos brasileiros.

Guiliades

Chamábanse así porque eran do lugar de Guiliade (Betanzos). Eran tres irmáns: Emilio, Francisco e Casimiro Gómez (este último tocaba o saxo e cantaba) que comezaron a tocar polos anos vinte do século pasado. Emilio e Francisco marcharon para fora emigrados e a orquestra pasou a depender de Casimiro. No ano trinta entraron a formar parte dela Romero e José Veiga o "Esperela". Nos anos corenta foi a sensación das Mariñas ao contar cunha animadora, coñecida como Finita Gay.

Á marcha de Finita Gay contaron con outra animadora que foi Obdulia Sánchez.

Estiveron nos Guiliades os *Chiscos* de Bañobre que tocaban o clarinete e a trompeta, Romero de Guiliade o trombón, Caramés que tocaba o Jazz, Roque de Guísamo que tocaba o baixo e estivo tamén Núñez de Cañás que tocaba o clarinete.



RAMBALTS. Esta formación que figura na fotografía é do ano 1935, que foi cando adoptaron este nome, xa que dende o 1932 chamábanse "Os Mozos de Paderne". De esquerda a dereita figuran: Rogelio López Dopico, clarinete; Serafín Gómez Brea, clarinete; José Saya Corral, trompeta; Secundino Deibe Sanmartín, saxofón; José Juan Campos Purriños, bombardino; Regino Deibe Sanmartín, trombón; e Antonio Díaz Montero, tuba. Estes músicos, ou polo menos parte deles, estaban no exército, tocando na Banda Militar. Pero ao implantarse a República e entrar en vigor a Lei de Azaña, que regulaba toda a milicia, tiveron que saír da referida Banda; foi así como formaron a orquestra. (AMB).

Tocaron algunha vez con eles Manuel Martínez Veiga "O Seva" e Ramón Otero, un home de Santiago, que viñera para a Banda Municipal de Betanzos.

A orquestra chegou ata o ano 1964.

Hai que sinalar a existencia, a finais dos anos corenta, de outro grupo de Guiliade, que se coñecía polo cualificativo de "Os Novos", pero que durou pouco tempo.

Rambalts

Fundáronse polos anos trinta. Unha das causas da formación desta orquestra foi a Lei Azaña, que deixou en excedencia a moitos músicos das bandas militares. Isto aconteceulle a algúns membros desta orquestra. Neste contexto naceu no ano 1932 o grupo musical: "Os Mozos de Paderne", chamados así porque eran todos orixinarios dese concello.

O nome actual veulles de que Pastor Asensio, bo músico, ademais de moi lido, cando oíu tocar "Os Mozos de Paderne", gustáronlle e fixo un comentario chufándoos e facendo o seguinte simil: "*Son tan buenos que se les puede comparar a la orquesta francesa Rambalts.*"



RAMBALTS e BARRALES. Esta fotografía foi realizada na festa da Saleta, en Presedo (Abegondo) o 19 de setembro de 1934. Nela figuran os integrantes dos Barrales e dos Rambalts. De pé, de esquerda a dereita: Laureano Núñez, Secundino Deibe Sanmartín, Barral Mosquera, Serafín Gómez Brea, o seguinte (sen identificar) era de Brives (Cambre) e Antonio Díaz Montero. Sentados diante: José Juan Campos Purriños, Regino Deibe Sanmartín, Eugenio Barral Mosquera e Rogelio López. (Foto do AMB).

Pouco a pouco foron acadando nome na comarca como unha das mellores orquestras daqueles tempos. Esta formación musical animou as festas das Mariñas ao longo de máis de corenta anos. Gran cantidade dos músicos da comarca –e houbo bastantes– tocaron nalgún momento na Orquestra Rambalts.

Temos constancia dun cuarteto nos anos vinte na Coruña que se chamaba "Ramball" ou "Rambla" (Voz de Galicia de 14 e 16 de agosto de 1923), que actuou na inauguración do pavillón Fernández Latorre do Sanatorio Marítimo de Oza, pero evidentemente non tiña nada que ver coa nosa orquestra.

Mallo

Segundo parece orixinouse nos anos vinte con Juan Otero Mallo, aínda que a orquestra propiamente dita vai partir dos anos trinta con Antonio Otero Mallo e catro músicos máis co nome de "Orquesta de Antonio Mallo". Estaba integrada por Pucho Portela, un dos máis prestixiosos vocalistas do momento, un saxofonista negro, un trompetista e o pianista ferrolán Cerdeiriña. Frecuentaron festas, casinos, cafés-teatros e –segundo di Juan L. Cudeiro (1996)– incluso chegaron a inaugurar a mítica pista de *El Seijal*, en San Pedro de Nós.

Tras a paréntese da guerra civil volven formar a orquestra no 1940. O número de músicos foi aumentando paulatinamente ata formar con doce a mediados desa década. O repertorio musical ía da música clásica de baile ata a zarzuela, pasando por pasodobres e boleros.

Nos anos cincuenta foi a época dourada con tres irmáns Mallo: Antonio, Juan e Daniel, que integraban unha orquestra que imitaba os Big-bang americanos, con catorce músicos. Eran tres acordeonistas –Os Mallo-, catro saxofonistas, tres trompetas, un trombón, contrabaixo e batería. O número central era o trío de acordeonistas.

Incorporáronse tamén máis adiante os vocalistas Pepe e Raimundo Pita. Recórdase na comarca a interpretación destes dous artistas con aquela balada, un tanto romántica, que se titulaba: *En los jardines de Granada.* Dicía así:

En los jardines de Granada,
cerca del Darro y del Genil;
entre magnolios escondidos
tengo un palacio para ti.
Allí la brisa es deliciosa
y así podrán rivalizar
el suave aliento de tu boca
con los claveles y el azahar.
Y entre rumores
que son las notas de un cantar,
te dirán mis ojos

cuanto yo te he de amar.
En los jardines de Granada,
cerca del Darro y del Genil,
allí te espero en el palacio,
que he soñado para tí.

Coa orquestra da primeira época andou José Fraga de Espenuca, que tocaba a trompeta.

Nos anos setenta a dirección da orquestra recaeu en Daniel Mallo e posteriormente en Juan Mallo.

Segundo conta Xurxo Souto (2002), foi unha das primeiras orquestras motorizadas, ao mercar un *ford* para trasladarse de festa en festa.

Castigadores do Alto

Fundouse esta orquestra nos anos trinta con xente do Alto Xestoso. Ao rematar a guerra volvéronse xuntar. Estaba integrada por: Alfonso García, clarinete; Juan Gen, trombón; Gumersindo Pico, trompeta; Amador Prieto, saxofón; Andrés Pena Pena, baixo; Antonio Sordo Abeal "Albariza", saxofón; e un sobriño deste último que tocaba a batería. Aínda se recorda a sección de vento que disque era moi boa.

A maioría deles aprenderon música cun cura que tocaba o fliscornio e dirixía a Banda de Ribadeume, das Pontes de García Rodríguez. Algúns deles, cando se desfixo a orquestra, integráronse en formacións das Pontes, nas orquestras: "Puentes", "Hispania" e "Mallorca".

Lamas

Era de Pontedeume, houbo varios músicos con este apelido, destacando Antonio e Manuel Lamas. Temos noticia da súa presenza en *La Voz de Galicia* do ano 1933 (7 de xullo), en que se consideraba como posible que actuase nas festas de Pontedeume dese ano.

Despois da guerra atopamos a Orquestra Lamas en Ferrol e a mediados dos anos corenta como "Lamas La Piña". O de "La Piña" foi por ser unha piña de amigos.

Pachotes

A orquestra dos Pachotes, coñecida así por ser do lugar do Pachote (concello de Vilarmaior), foi fundada antes de 1931 en Leiro (Miño), xa que neste ano chegou o Pachote de Sudamérica. Presentouse moi organizada en Miño. Foi unha das primeiras da comarca das mariñas en contar cun coche propio, que guiaba o propio Pachote, que na parte de arriba tiña un letreiro co nome. Tamén



CASTIGADORES DO ALTO. Detrás: Bernardo Pena, Pascual Filgueiras, José Carballo, Manuel Bermúdez, Gumersindo Pico. No medio: José Vilaro, Narciso, Cándido, Juan Gen, Pedro Lamas. Diante: Amador Prieto e Alfonso García. (Foto cedida por Antón Ferreiro).





Selo dos Castigadores do Alto (Achegado pola familia de Albariza). Abaixo a Banda de Ribadeume (As Pontes). (Foto cedida por Antón Ferreiro).





PACHOTES. De esquerda a dereita: José Fernández Vázquez "O Pachote", saxofón soprano; Rogelio López, clarinete; descoñecido; Secundino Deibe, saxofón; descoñecido; Ramiro Ramos, bombardino; co baixo, á dereita, está José Muíño "Mollo" (pai). Ainda non contaba a orquestra co seu coche, xa que o que aparece na fotografía é de aluguer.
(Foto cedida por Carlos Fernández).

foi a primeira en usar roupa con chaquetiña encarnada, solapas de raso negro, pantalóns de smóking e zapatos de charol. Nesta orquestra tocou Mollo de Ambroa (pai).

"O Pachote" –nome co que se coñecía a José Fernández Vázquez– cando estaba nalgunha competencia e vía que a cousa púñase mal, botábase embaixo do palco e nunha leira de maínzo collía caruncho e embadurnaba toda a cara e, con esta guisa, presentábase no palco de novo. Moita da xente que acudía á festa era o primeiro negro que vían. Tiña moito éxito.

Un dos que isto escribe recorda ao "Pachote" no ano trinta e cinco actuando no San Ramón de Ambroa pintado de negro e con uniforme cubano. Cantaba e tocaba as maracas, sería das primeiras veces que en España se oía este instrumento.

"O Pachote" foi un revolucionario da música na comarca, el estivera emigrado en América, e foi o primeiro que trouxo a música do Caribe: de Cuba, Puerto Rico, Venezuela... e tamén a norteamericana, aquela que facían os negros: ritmos como a rumba, o bolero, o fox-trot, o charlestón e moitos máis.

Tocaban *Os Pachotes* en Callobre na festa do Carme un 18 de xullo de 1936 cando moita xente empezou a vir con armas e mandaron parar a festa.

Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira



ORQUESTINA PACHOTE. Arredor de 1930. Pachote, violín; Antonio Muíño "Mollo", clarinete; "Chisco", trompeta; "Amarote", de Bergondiño, saxo; Pedro Roca, de Bemantes (Miño), batería; González Andrade, saxo tenor; "Corina" de Leiro (Miño), trombón e José Muíño "Mollo", maracas. (Foto cedida por Pepe "Pachote").

Comezaba a guerra civil, unha guerra que ía rematar coa vida do "Pachote", ao que mataron dun tiro en Monfero no ano trinta e nove, despois de que se botara ao monte.

Co estalido da guerra civil xa non houbo máis músicas que os himnos patrióticos, marchas militares e cancións copiadas dos alemáns, traducíndolles a letra, como *Yo tenía un camarada*, *Adiós Lily Marlen* e outras.

Temos constancia de que actuaban pola comarca neses anos as seguintes: Quinteto de José González, os Lelos de Bergondo, a orquestra do *Jajá* de Vila de Suso (Betanzos) e algunha coñecida "murga" como a de Luís Fuentes que era da Magdalena (Betanzos) e a murga de Souto, tamén coñecida popularmente co expresivo nome de Xirigaitos.

Desta época hai que sinalar tamén o nacemento da orquestra Trebol, con sede en Ferrol na que posteriormente estiveron os Cabalares, Pedro Canosa ou Freire de Doroña.



José Fernández "Pachote"
co seu saxofón soprano.

O APOXEO DAS GRANDES ORQUESTRAS
(Anos corenta e cincuenta)

A POSGUERRA. A SITUACIÓN SOCIAL E O CAMBIO ECONÓMICO

Houbo unha época coincidente co apoxeo e cúspide da afección de toda a xente de Galicia polas festas e romarías, que proviña dun xaxún causado pola guerra civil. A mocería que, toda ela estivo ata tres anos, sen máis "diversión" que matar, ferir, causarlle a invalidez ou inutilidade a un irmán, a un parente, a un amigo ou, como máis lonxe, a un semellante, sen contar os asasinatos, violacións e castigos de todo tipo, que se cometeron nos dous bandos.

Ao terminar semellante pesadelo a xente estouraba coas gañas de se divertir, aínda que non fora máis que por esquecerse de todo aquel inferno que padecemos tódolos españois durante tres anos.


Xa que está claro que, naquel intre, ocorreu todo o contrario do que di a nosa relixión: resulta que, cando alguén morre e se vai para o inferno xa non sae del; se vai para o ceo, tamén vai directo, e se vai para o purgatorio tarda, o que sexa de razón, para ir ao ceo. Nós do inferno pasamos ao purgatorio.

Cando acabou a guerra civil tódolos artigos de primeira necesidade, de segunda e, case de terceira, estaban racionados, dende os alimentos aos vicios coma o tabaco. Ata as festas tiñan que acabar a unha hora determinada. As tabernas, bares, cafés e "similares" tiñan un horario fixado polas autoridades. Había que sacar permiso para todo, ata para darlle unha serenata a unha rapaza. Se cho daban era por escrito e tiñas que amosalo á Garda Municipal.

¿Que era o que había? ¿Non había nada? Si que había. Había unha cartilla coa que tiñas "dereito" a coller –previo pago– os alimentos que estaban racionados, expedidos pola Comisaría de Abastos, cando a eles lles daba a "real gana". Había outra cartilla coa que tiñas dereito a conseguir –para satisfacer o único vicio permitido– o tabaco, se fumabas. A posesión desa cartilla dábache dereito a mercar, cando eles querían, un paquete de tabaco... ou o que fora. Só tiñan dereito a fumar os homes, cumpridos os dezaoito anos. As mulleres non tiñan dereito a fumar.

¿Os víveres que daban no racionamento chegaban para alimentar a unha persoa? A xente morría de fame e de tuberculose. ¡A feixes!

Nas aldeas de aquí de Galicia non había fame. Aquí cada labrego colleitaba todos, ou case tódolos produtos que necesitaba para a súa alimentación perante todo o ano e, algo máis, para vender e mercar aquilo que lle facía falla. Aínda que, tiñan a obriga de entregar unha gran parte dos seus produtos ás entidades de "acopio", provisión e abasto, pero non entregaban o que se lles esixía, xa que a Comisaría de Abastecementos non podía controlar o que cada familia rural colleitaba. Esa "maquía" que facían era para comer eles e tamén para vender de "estraperlo".



SINDICATO PROVINCIAL DEL ESPECTACULO

FALANGE ESPAÑOLA TRADICIONALISTA Y DE LAS J. O. N-S.

GRUPO DE LA MUSICA

CENTRAL NACIONAL - SINDICALISTA DE LA CORUÑA

Sindicato Local de ____ Orquesta Piñeiro

CONTRATO DE TRABAJO

En Puentedeume, a 9 de septiembre de 194 4

Entre D. Jesus Freire, vecino de Puentedeume con domicilio en la calle Empedrada, núm. 1, como Vicepresidente del Circulo Recreativo y de una parte, y de la otra el contratado Manuel Portejo, Enlace Sindical de un grupo de 9 Profesores Músicos, vecino de Puentedeume con domicilio en la calle de Virtudes, núm. 27, sindicado con el núm. 11.254 en el Grupo correspondiente del Sindicato de Música, ambos con capacidad jurídica para contratarse y obligarse, convienen lo que sigue:

PRIMERO.— D. Jesus Freire, en la calidad expresada, contrata con el Enlace de referencia un Grupo musical integrado por 9 Profesores para actuar en el espectáculo de Baile, en el local destinado a ____ del que es Empresa D. ____, debiendo abonar por dicho trabajo la cantidad de PESETAS 400 pts por ____

SEGUNDO.— La relación de Profesores y las firmas de los mismos se insertan al dorso del presente documento, considerándose, por tanto, como contrato individual de cada uno de los Profesores firmantes, a más del Enlace, el que asume la representación de los Profesores Contratados por el presente documento, así como también está obligado a velar por todo lo concerniente en el Contrato y de denunciar cuantas infracciones de carácter recíproco sean apreciadas.

TERCERO.— Este contrato empezará a regir el día 9 de septiembre de 194 4 y tendrá de duración 1 Dia

CUARTO.— Este Contrato, que no tendrá validez alguna sin el visado de este Sindicato, en caso de ser prorrogado se hará constar en este mismo documento y con la autorización, si procede, de este Sindicato.

QUINTO.— Todas cuantas quejas hubiese la Empresa sobre el presente Contrato, las dará por escrito al Jefe del Grupo de Música de este Sindicato, a través del Enlace Sindical.

SEXTO.— Las cuestiones litigiosas que puedan surgir como consecuencia del presente Contrato, sin más excepción que las delicadas de la Ley de Accidentes del Trabajo, serán resueltas por ambas partes al Sindicato del Espectáculo correspondiente, conforme a lo prevista en el apartado 3.° del art. 16 de la Ley Sindical de 6 de Diciembre de 1940.

Antes de proceder a la ejecución de cualquier despido, la Empresa, o su representante, lo comunicará al Sindicato, quien con toda urgencia intentará la conciliación por medio del Organismo a que se hace referencia en el párrafo anterior, y para el caso de no lograrla fijará en su laudo la cuantía de la indemnización que se estimase justa en caso de que procediese.

Si no hubiere avenencia, la Empresa, a partir de la fecha de la notificación del laudo, podrá llevar a efecto el despido, y el Profesor Músico podrá recurrir ante la Magistratura del Trabajo, a cuyo efecto se le expedirá la certificación del laudo para su unión a la demanda.

SEPTIMO.— Son de obligatoria aceptación, por ambas partes, las condiciones de trabajo y demás reglamentación comprendidas en las vigentes Bases de Profesores Músicos y Ley de Contratación de Trabajo.

Contrato da orquestra Piñeiro de Pontedeume. (Documento achegado por Xosé Paz Fernández).

Toda esta situación e moito máis que non dicimos, estaba provocada polos organismos ou polos que se beneficiaban deles, que eran os que poñían en circulación os produtos no "mercado negro" ou "estraperlo".

Como consecuencia disto cambiou o status económico do novo país. Xa que a poboación rural pasou a ter a economía máis sólida, e a urbana a máis desfavorecida, posto que non tiña os produtos alimenticios que subían de valor no mercado do "estraperlo" ata cifras, nalgúns casos, inalcanzables.

¿Que ten que ver todo isto coas festas e romarías? Pois si que ten que ver. Xa dicían os romanos: "Panem e circenses".

Antes da guerra civil as festas boas facíanse nas vilas e cidades, que era onde había moita xente e máis cartos que no rural. Pero, despois da guerra cambiáronse as tornas. As boas festas, amenizadas polas mellores orquestras celebrábanse nas aldeas. En moitas delas, no canto de pagar con cartos pagábanlle á Comisión en especie: dous ferrados de trigo, tres quintais de patacas...

Este cambio puramente económico, tivo máis repercusións. Ata aquela hora as xentes que nacían no mundo rural, tiñan que dedicarse á agricultura como seus pais, nunha porcentaxe moi grande, tanto homes coma mulleres. Algúns

homes –pero moi poucos– aprendían algún oficio: carpinteiro, albanel, ferreiro, zoqueiro, zapateiro, serrador... e pouco máis, como por exemplo xastre. Pero ao aumenta-lo nivel económico foron máis os que se dedicaron a deprender eses oficios e outros diferentes, que saían do ámbito rural.

A afluencia a Institutos e Universidades foi cada vez a máis para varrer, dunha vez para sempre, as diferenzas entre "aldeáns" e "*señoritingos* da vila", ou, como dicían outros: "señoritos de caldo e merenda".

Uns dos oficios de máis cobiza, eran os de músico e o de xastre, xa que a profesión en si, esixía vestimenta máis lucida.

Esta afección de tanta xente pola música tiña que ser, necesariamente, beneficiosa para ela. Non todos ían chegar á categoría de bos músicos, pero moitos si.

OS RITMOS E AS CANCIÓNS DE MODA

Alcanzou gran popularidade Lily Marlén, o triunfo dun texto cheo de nostalxia, debido posiblemente aos anos de guerra mundial.

Aparece o "boogui-woogie", con ritmos iberoamericanos, que dominaron a música de baile. A conga, o bolero e a samba xuntáronse para formar a guaracha, o corrido e outras danzas que acapararon os repertorios, demostrando a gran vitalidade da música centro e sudamericana.

A samba é de orixe brasileiro e africano, acompañada de varios instrumentos de percusión. Chegou nos anos trinta, posteriormente nos anos sesenta, influenciada polo jazz dou lugar aos bossa-nova.

Nestes anos o máximo representante da orquestra española era Xavier Cugat, que con ela, percorreu triunfalmente os escenarios do mundo.

Podemos sinalar algunhas pezas de moda que se escoitaban con máis frecuencia nas festas da comarca:

¡No hay novedad, señora baronesa!

Esta composición está feita por tres autores; un deles chamábase Manolo Bel, valenciano, que tiña unha orquestra: "Manolo Bel y sus muchachos", e traían un espectáculo de variedades, que actuou no mesmo Cine Capitol. A peza, moi apropiada para despois dunha guerra, era un diálogo telefónico entre a baronesa e os seus criados. Ela estaba de viaxe e eles gardando o "palacio":

José, José, aquí la baronesa
Que llegó anoche a la ciudad.
José, José llamé por preguntarte
Si en el Palacio hay novedad.
No hay novedad, señora baronesa,
No hay novedad, no hay novedad
Solo pasó que anoche le robaron
Las perlas de su gran collar.

Orquesta PIÑEIRO

Se complace en dar a conocer al público sus excelentes y modernísimas creaciones

«QUE BONITO ES EL QUERÉ» (Pasodoble)

I

En un patio moruno
que hay en Sevilla,
una tarde de fiesta
le conocí,
y al mirarme en sus ojos
negros muy negros,
que me amaba el mosito
yo conocí.

El patio adornado
con plantas y flores
le daba a la fiesta
su vivo explendor.
Y al son de guitarras,
el canto flamenco
dejaba sentirse
mas cerca el amor.

II

Ha pasado algún tiempo
y aquel mosito
que en el patio moruno
yo conocí,
vino a hablarme de veras
ante mi reja
y con cara sonriente
le recibí.

Y ahora las horas
se pasan veloces
sin que haya un mal rato
que enturbie el amor,
llegando a nosotros
el eco del canto
que oyera en la fiesta
del vivo esplendor.

ESTRIBILLO

Que bonito es el queré
Cuando es queré de verdá
Que al nacer de buena fé
No conoce la maldad,
y alegra a los corazones
pá darles felisia,
que bonito es el queré
Cuando es queré de verdá.

IMPRENTA MIGUEL LÓPEZ TORRE - PUENTEDEUME

Folleto achegado por Xosé Paz Fernández

E así chamando a outros criados que lle van dicindo, co retrouso de "No hay novedad", que un terremoto tirou coa teitume; que unha chispa caeu de noite e do "palacio" fixo unha leira para patacas...

Tiro-liro-liro
Comadre, miña comadre,
¡ai! Eu gosto da súa pequena.
É bonita, apreséntase ben
e parece que ten unha façe morena.
La em riba vem o tiro-liro-liro
La em baixo vem o tito-liro-lairo.

Esta é unha canción popular de Tras os Montes e, polo menos tiña ese sabor, ou mellor dito, ese arume ou recendo antigo do que gustan os portugueses.



Baile dos xoieiros de Bergondo no 1943. (Foto do Arquivo Municipal de Bergondo).

Tamén había cancións que, se val a redundancia, cantaban algo que valía a pena cantar, como podía ser unha muller, unha cidade, unha paisaxe, o mar...

Mirando al mar
Os autores son C. Haro Valencia e M. García González:

Bajo el palio de la luz crepuscular
cuando el cielo va perdiendo su color,
quedo a solas con las olas espumosas
que me mandan su rumor.
Ni un lejano barquichuelo que mirar
ni una blanca gaviota sobre el mar.
Yo tan solo recordando la ventura que se fué...
...
Mirando al mar soñé
que estabas junto a mi...

Ampulosa. ¡Romántica dicían as "nenas" daquel tempo... Si, tan románticas coma os versos de Bayron, Rilke, Chelley... ¿non si?

Hai que recordar a canción dun músico que tivo moito éxito nos anos corenta, como compositor e como intérprete. Pedro Bonet Mir, que tiña un grupo musical chamado Bonet de San Pedro y los Siete de Palma.

Raska-yu

Raska-yu, cuando mueras ¿que harás tú?
Tu serás un cadaver nada más.
Oigan la historia que contome un día
el viejo enterrador de la comarca
que era un ciego a quien la suerte impía
su rico bien arrebató la parca.
Todas las noches iba al cementerio
a visitar la tumba de su hermosa
y la gente murmuraba con misterio
"es un muerto escapado de la fosa.
¿Raska-yu cuando mueras que harás tu?
Hizo amistad con muchos esqueletos
que salían bailando una sardana
y mezclando sus voces de ultratumba
con el croar de alguna rana.
Los pobrecitos iban mal vestidos
con sábanas que "had hoc" habían robado
y el guardián decia con recelo
esos muertos se me han revolucionado.
Era bastante tétrica la historia;
los fuegos fatuos se meten en el lio,
armando con sus luces tenebrosas
un cacao de padre y señor mío.
...

Esta canción foi censurada toda ela, de arriba abaixo e, polo tanto, prohibida a súa interpretación, non só da letra, senón tamén da música.

Nese tempo de posguerra había moito costume de cambiar ou altera-las letras dalgunhas cancións e con tales alteracións criticábase a falta de moitas cousas de primeira necesidade, como eran os alimentos, que estaban racionados e, como o que daban no racionamento non chegaba, había que mercalos no "estraperlo". Por exemplo:

A canción *Salud, dinero y amor*, do mestre Sciammarela, que cantaba a chilena Inesita Peña, que por certo, actuou por derradeira vez en España, coa súa Compañía, no Cine Capitol de Betanzos.

Nunha parte da letra dicía:

Tres cosas hay en la vida:
Salud, dinero y amor.
El que tenga esas tres cosas,
que le dé gracias a Dios.
Pues, con ellas uno vive
libre de preocupación,
por eso pido que aprendan
el refrán de esta canción

El que tenga un amor
que lo cuide, que lo cuide,
La salud y la platita,
que no la tire, que no la tire.
Hay que guardar, eso conviene,
Que aquel que guarda siempre tiene.

Na última parte, que é o refrán da canción, substituíase a palabra "amor" por "jamón", xa que interesaba máis o comer ben, que o amor.

Noutras substituíase practicamente toda a letra, como ocorría no tango *Alma*:

Letra orixinal:

"*Alma, perdona si te pido*
mendrugos del olvido...", etc.

Esa letra substituíase por esta outra:

Hermano, perdona se che pido
un cacho pan de millo,
que de trigo non hai;
que veño cansado do traballo
Tocado do... e quero merendar...

Si falamos dunha canción que representou unha época esa foi *A Conga de Jaruco*, non había festa nin baile que non rematase con ela.

Baile popular cubano de orixe africano que se acompaña de tambores de diversos tipos, abarrilados e dun solo parche (conga, tumbadora, quinto); bombo e outros obxectos de metal. Da Conga de Jaruco son autores Mendívil e Vázquez:

La conga de Jaruco
ahí viene arrollando
y trae su comparsa
la alegría del lugar.



Bailando a Conga na romaría do San Cosme nos anos corenta. (Foto do Concello de Paderne).

Ahí viene arrolando
con su ritmo sin igual,
ahí viene arrollando
con su ritmo sin igual.

Estes dous derradeiros versos repítense ata o infindo...

Nos anos cincuenta aparece o bayón, mambo, o calypso e o cha-cha-chá.

O mambo é orixinario de Cuba, mestura de música latinoamericana e jazz, converteuse nun dos ritmos latinoamericanos máis populares de mediados da década de 1950.

O cha-cha-chá foi creado polo violinista cubano e director de orquestra Enrique Jorrín. Pouco despois de introducirse o mambo apareceu o cha-cha-cha, que empezou a ganar cada vez máis popularidade. Esta rápida e ampla difusión débese, sobre todo, a ser un ritmo facilmente bailable, nin moi lento nin moi rápido. O nome naceu como onomatopeia do ruído que marcan os pés ao bailar.

Por primeira vez na historia, as cancións esquecidas póñense de novo de moda, mediante evocadoras lembranzas como o cuplé, o tango e o charlestón.

É a época dourada das grandes orquestras con moitos músicos a imitación das Big-Bands americanas. Os músicos desenvolveron o uso de estruturas melódicas curtas con pautas de pregunta e resposta chamados "riffs". Para facilitar este procedemento as orquestras dividíronse en seccións instrumentais, dando lugar a que os músicos fixeran improvisacións ou "solos" que servían para competencias entre eles e en todo caso mostrar o virtuosismo de cada quen.



Bailando a Conga nos Caneiros no 1940. (Foto achegada por Antonio Pedreira).

OS NOVOS INSTRUMENTOS

Hai unha tendencia á formación de grandes orquestras con moitos integrantes.

Os conxuntos menos numerosos, estaban constituídos por dous saxofóns –que normalmente tamén tocaban o clarinete-; un trompeta; un trombón; un baixo ou contrabaixo e un batería.

A partir do anterior podíase aumentar o número dos músicos pero gardando sempre un equilibrio ou proporcionalidade marcada no apartado anterior.

Pouco a pouco os grupos musicais foron transformándose tanto no número de integrantes, como no instrumental que utilizaban e, incluso houbo algúns que se especializaron no tipo de música a interpretar.

Formáronse grandes orquestras como os Satélites, Rambalts, Orquestra X, Lamas La Piña, Radio, Patolos, Trovadores...

Chegou a haber orquestras con seis saxofóns: tres altos, dous tenores e un barítono; tres trompetas; un ou dous trombóns, contrabaixo, piano e batería; e vocalistas ata tres.

Nestas datas a megafonía, iluminación, transporte e escenario, con camerinos, era todo propiedade da agrupación musical.

Cremos que Galicia –igual que Valencia e Cataluña– é terra de músicos. A razón, se é que é certo, non a sabemos. Nestas orquestras do noso contorno



ROSA. Case a totalidade dos integrantes desta orquestra pasaron a formar parte da Orquesta X. Sentimos non poder dar o nome do violinista e da animadora. Deseguido: Eugenio Barral, saxo; Pepe Barral, saxo; "Madrileño", trompeta; Pastor, trombón; Sergio, helicón e Fernández, batería. (Foto cedida por Eugenio Barral).

había moitos músicos bos, xa que en Galicia subsistían algunhas bandas de música, inda que a calidade non era tanta como se supoñía.

Así mesmo faltaban referencias: non había grupos de cámara. ¡Xa non se podía pensar en Sinfónicas! O que si había algúns músicos que proviñan de familias prestixiosas que, nalgún tempo vivían de rendas ou de pensións, foros e outras prebendas, que, despois da guerra civil, tiveron que dedicarse a traballar e o único que sabían facer era tocar algún instrumento. Esta xente era moi valiosa dentro dunha orquestra que non tocaba máis que bailables. Corrixíalles aos colegas vicios e fallos musicais, xa que, polo menos en teoría, sabían máis ca eles. Así empezaron a verse pianistas, violinistas e contrabaixos, que lles daban unha énfase e un toque de calidade ao conxunto no que estaban.

Un aspecto importante das orquestras e do seu apoxeo constituíano as competencias entre elas ou entre determinados músicos solistas. Algunha destas competencias eran lendarias, e aínda se recordan con nostalxia nas Mariñas.

As competencias entre músicos chegaron tras dun proceso longo, onde a primeira cuestión estaba na selección dos músicos que a ían integrar, onde non era só os coñecementos musicais e a formalidade do individuo, xa que era importantísimo o instrumento ou instrumentos que tocaban. Digamos que estaba de moda facer competencias entre as orquestras.



Os Guiliades na Pista do Cubeiro na festa dos xoieiros de Bergondo no 1943. Algún dos seus integrantes son o sobriño de Casimiro, coa tuba; Caramés, batería; José Veiga, clarinete; Chisco, saxofón; Casimiro, saxofón. (Foto do Arquivo Municipal de Bergondo).



RAMBALTS. Formación do ano 1942. O primeiro pola esquerda, tocando o saxo soprano, é Rogelio López Dopico; séguenlle Serafín Gómez Brea; Purriños, saxo alto; Pedro, de Bemantes, batería; Antonio Díaz Montero, helicón; Hervás, trompeta; e o derradeiro, co trombón, Regino Deibe Sanmartín. (Foto cedida pola familia de Rogelio López e Regino Deibe).



CAPITANES. A fotografía está feita na festa da Saleta (na parroquia de Presedo, Abegondo) o día 19 de setembro de 1948. De esquerda a dereita, de pé, aparecen: "Seva", co seu trombón; Miguel, saxo tenor; Louzán, saxo alto; Manolo "O Capitán", saxofón; Quique Téllez, contrabaixo, aínda que ten un saxo na man; "Granxeiro", trombón; José Muíño "Mollo", trompeta; José Luis Téllez acordeón; e "Bordomás", trompeta. (Foto cedida por Narciso Louzán).

A popularización do trombón de varas

A música do capitán "aliado" Glenn Miller que facía soar a orquestra dunha maneira cortada, verdadeiramente inconfundible deu lugar á popularización do trombón de varas. Este novo e insólito instrumento gañou, inmediatamente, polo menos, a atención de todos e a admiración de moitos. Non tiña chaves nin pistóns, había que busca-la nota xusta a forza de estirar e encoller a "vara móbil" pola outra vara que estaba fixa e, habíaos, que non marraban nota. Entre eles destacaban dous: "O Granxeiro" e "O Seva", que militaban en orquestras diferentes.

As orquestras nas que eles estaban integrados, tiñan moita "saca" e contratábanas, case sempre, para tocar na mesma festa, xa que sabían que, unha vez terminado o descanso, comezaba a "competencia", na que as pezas que se ían interpretar tiñan sempre un "solo de trombón", de difícil execución. A xente, polo menos a maioría, non bailaba e amoreábase fronte ao palco da orquestra que estaba en quenda de tocar. Os "fans" –como se diría agora– animaban a aquel que era o seu preferido e ao rematar, veña aplaudir.

Os artistas do trombón, cando calquera deles terminaba a súa sesión, facía un aceno tan expresivo, que calquera podía entender: "aí queda iso" ou "haber se o melloras".



RAMBALTS. Esta fotografía está feita no comezo da avenida de Jesús García Naveira, de Betanzos, fronte á entrada da Casa Cuartel da Garda Civil no 1945. Nela figuran, de esquerda a dereita: Rogelio López, Antonio, descoñecido, Serafín Gómez, descoñecido, Secundino Deibe. (Foto cedida pola familia de Rogelio López).

Entre o público había discusións, que ás veces chegaban a palabras maiores, incluso chegaban "as mans".

O que antecede non quere dicir que estes músicos fosen os únicos en entrar en competencia. Competían todos os que valían para competir, dende os vocalistas, aos saxofonistas, clarinetistas, etcétera.

Cando as competencias eran entre os intérpretes de tuba ou baixo, sempre tocaban cadansúa polca. A orquestra dos Patolos, tivo en certa ocasión –que durou anos– un baixista que cando estaba en competencia, tocaba con tal rapidez coma un trompetista.

A introdución do trombón trouxo como consecuencia a desaparición do bombardino, da familia das tubas, que ademais de facer baixos, non moi graves, tamén podía levar unha parte melódica importante, ademais cun son moi grato.

A batería ou "Jazz-Band"

Incorpóranse ás orquestras os "jazz-band", nome co que se coñecían as modernas baterías que incluían todos os instrumentos de percusión nun so instrumento.



MODERNA. Orquestra de Coruxou (Irixoa) en 1945. O da esquerda é David López e o que está á batería Santiago Golpe. Os demais non eran integrantes da orquestra. (Foto cedida por Francisco López).

Compúñase aquilo dun bombo con pedal para zouparlle, un tambor, que lle chamaban "caixa"; un platillo grande, pendurado dun gancho e outros artefactos que se escapaban ao noso nomenclátor. Todos aqueles cachivaches íaos tocar un solo home. Non se concibía iso. Na Banda Municipal, un tocaba o bombo, outro a caixa e outro os platillos. Menuda ía ser para tocar un "solo" toda aquela quincallada.

O acordeón

Potenciouse a súa presenza na primeira metade do s. XX, en asociación con outros instrumentos de percusión. Nas orquestras aparece nos anos trinta, xeneralízase o seu uso e a partir dos anos corenta e nos cincuenta faise imprescindible a figura do acordeonista dominando o escenario.

É un instrumento relativamente moderno, xa que foi inventado no século XIX. Incorporouse con gran rapidez na música tradicional de toda Europa.

O acordeón posúe moitas vantaxes respecto de outros instrumentos, por un lado permite a un solo músico levar a melodía e o acompañamento e incluso cantar, é fácil de aprender –polo menos para empezar– e é un instrumento resistente, moi apropiado para viaxar.

Houbo algunhas destas formacións que se caracterizaron polo uso deste instrumento como os Espallantes e os Mallos.

Na nómina de bos acordeonistas temos que citar tamén os mestres de Pontevedra que deixaron moita pegada na nosa comarca: *Os Poceiros*, e por suposto, César Dios, "Diosiño". (Souto, 2002).



Festa con acordeón en Santa Marta de Babío (Bergondo) a principios do s. XX.
(Foto achegada por Natividad Martínez Pan)



Arriba os irmáns Mallo (Daniel, Antonio e Juan) nos anos sesenta. (Foto cedida por Pepe Marcote). Á esquerda Cesar Dios "Diosiño".



A aparición dos altofalantes

Hai que destacar a utilización xeneralizada dos altofalantes. As orquestras antigas unicamente tocaban, pero xa antes da guerra comezaron a aparecer, nalgunhas orquestras, a faceta de cantar a letra daquelas cancións que a tiñan. Pero había un inconveniente: a voz humana non alcanzaba o grao de potencia que teñen os instrumentos musicais de vento e percusión. Así que, como non se podía oír nin a dez metros de distancia, polo son da orquestra e o balbordo da xente que alí estaba, alguén discorreu facer un altofalante de cartón, en forma de embude ou funil e, con iso, amplificaban un pouco a voz que por alí emitían.

Non tardaron moito en aparecer os micrófonos e altofalantes eléctricos e, con iso, apareceu na orquestra para baile, a figura do animador, vocalista ou cantante.

Estes eran escollidos polo ben que



OS GUILIADES. Pódense ver diante os altofalantes de cartón.É unha foto de principios dos anos corenta. De esquerda a dereita: Casimiro, saxofón alto; José Veiga, violín e contrabaixo; Chisco, saxofón tenor; Caramés, batería; un sobriño de Casimiro co helicón; outro Chisco, coa trompeta; e outro sobriño de Casimiro, co trombón. (AMB).

cantaban, pola facilidade de aprende-las pezas que constituían o repertorio da orquestra e polo seu aspecto físico, e, ademais, ese "*savoire-faire*" que, para os franceses, inclúe cultura, educación, cortesía, urbanidade... Cousa que non sempre se conseguía.

Pronto apareceron os equipos megafónicos, compostos dun micrófono para o animador e un par de altofalantes, que se colocaban en lugares estratéxicos – que case sempre eran árbores– ou balcóns das casas para que a xente oíra a música o canto e puidera bailar. Máis tarde ampliouse o número de micrófonos e, en moitos casos, o de altofalantes. Isto supuxo un adianto para a audición da música.

Para este sistema que acabamos de dicir había un inconveniente: era que non tódalas aldeas de Galicia tiñan corrente eléctrica. ¿Como facían? Se naquel lugar, ou preto del había alguén que tivera unha malladora, ese podía, poñendo o motor en marcha, dar luz para iluminar o palco e que funcionaran os altofalantes.


Pero alugándolle os altofalantes a "*José Cancela: Electricidad y Radio. Altavoces y alumbrado para bailes...*" etcétera, levaría el os altofalantes nunha motocicleta moi potente, que tiña. Armaba todo: altofalantes e iluminación. Poñía a motocicleta en marcha pero sen marchar, e xa había festa.



PAULOS. Esta foto foi feita nos anos corenta, e os altofalantes representaban a modernidade. Para darlle prestancia á orquestra o Moreno de Cos sostén o que semella un dos modernos altofalantes, aínda que en realidade... era de pau! Como pon na batería, a orquestra era de Cortiñán (Bergondo) e estaba integrada polos seguintes músicos, de esquerda a dereita: Cartemil, saxofón e clarinete; Antonio de Paulos, saxofón; Pepe da Lola, helicón; Gelito de Paulos, batería; Germán de Paulos, trompeta; fillo do canteiro de Viúxe, trompeta; "O Moreno" de Cos (Abegondo), saxofón. (Foto cedida por José Antonio Penedo Bouza).

As primeiras veces que apareceron estes aparellos –que hoxe en día maltrátannos os oídos nas festas– tiveron tamén os seus máis ou menos, coma unha vez nas festas de Oza polo ano corenta e sete ou corenta e oito, nunha competencia entre os Guiliades e os Mansos. Estes últimos usaron por primeira vez a electricidade con dous altofalantes e micrófono con cable, a electricidade enganchábana da fábrica de Louriño que viña de Portorraro (Reboredo). Os Mansos tiñan de saxo ao "Veijeiro" (Benito Suárez Arévalo), e o certo é que escoitábaselles moito mellor que aos Guiliades que aínda usaban os tradicionais altofalantes de embude. A xente, que xa de antes tiña cada un os seus seareiros, así os do Vinte e Reboredo apoiaban aos Guiliades e cos Mansos estaban os de Oza e Parada, empezáronse a picar uns cos outros e comezou a haber trifulca, que si un tocaba mellor pero coa corrente non se podía ter unha competencia leal, ata que algúns dos seguidores dos Guiliades fóronse ata o transformador e deixaron á orquestra sen corrente. Armouse unha boa liorta non so entre o público senón tamén entre os músicos, ata din que algún deles quitou de pistola.

Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira



Os Patolos, xa cun altofalante eléctrico. Detrás o que está á esquerda non sabemos quen é; David Maceiras, trompeta; Chisco, trompeta; o do acordeón non sabemos o nome; Antonio Maceiras coa batería. Diante: Serafín Gómez, saxofón; Antonio Leira Díaz (Patolo), saxofón; o seguinte descoñecido; Enrique, animador e Platas, baixo. (Foto cedida pola familia de Serafín Gómez).

Outras veces coloca-los altofalantes tamén tiña os seus inconvenientes como aquela vez en Andrade que colleron un pino grande dun monte e chantárono dereito ao lado do palco. Naquel tempo estaba de moda a canción *Tierra va a temblar* e cando o animador subiu ao palco co micrófono na man e se dispoñía a comezar esta canción veuse a baixo o pino... e si, a terra tremeu.

"Altavoces Cancela"

Na comarca de Betanzos falar de altofalantes para as orquestras non é posible sen falar dos "Altavoces Cancela", que dende mediados dos anos corenta alugaba altofalantes para a celebración das festas (anuncio programa de festas de 1958).

O Sr. Cancela non era natural de Betanzos, pero casou na cidade. Foi o precursor de todo canto aparello eléctrico ou electrónico ía xurdindo polo mundo adiante, dende que el se radicou nesta comarca de Betanzos.

Cando ¡por fin! se acabou a guerra, empezaron, pouco a pouco, a celebrarse algunhas festas e romarías, previa solicitude á autoridade correspondente, do permiso pertinente. En todas estas festas estaba presente unha parella da Garda Civil e, ao se poñe-lo sol acabábase a festa, sen remisión.



O Sr. Cancela nunha festa en Cesuras con Leonardo de Cutián.
(Fotografía achegada por Adolfo e Antonio Ulloa).

Coido que á primeira festa que asistiu un dos que isto escribe, tras da guerra civil e sen a asistencia da súa mamá, foi polo San Pedro, que se celebraba na parroquia de San Martiño de Tiobre, non sei por que razón, e que desapareceu de socato. Pero durante tres ou catro anos –supoño que pola fame e sede que había de festas– facíana en distintos lugares desa parroquia, como eran: Caraña, a Xerpe, Touriñao de Abaixo, Touriñao de Arriba e outros.

Eu estaba cuns amigos que tiñamos de trece a quince anos e, naquela hora, eramos nenos, xa que non pasaba coma hoxe que, con esa idade xa son homes. Entón nós non bailabamos, senón que oiámo-la orquestra e mirabamos para as raparigas.

Para aqueles tempos aquela orquestra estaba moi adiantada de medios, xa que dispoñían de altofalantes, mentres outras utilizaban uns megáfonos de cartón, que eran coma embudes. Estes tiñan altofalantes do Sr. Cancela, que estaba el mesmo ao cargo deles.

O empezar a esmorece-lo día a parella da Garda Civil fixolles un sinal aos músicos e o "vocalista" ou "animador" dixo que a festa íase acabar logo de tocar unha muiñeira. A xente seguiu a baila-la peza e, en canto acabaron, empezou o público a aplaudir e

a pedir outra... O vocalista volveu a dicir que tocarían unha "jota". Volta a tocar, volta a bailar e, cando acabou a peza, volta a aplaudir. Os da Garda Civil fixeron o sinal de que non se podía tocar máis e, daquela o Sr. Cancela achegouse ao micrófono e dixo:

> *"Por orden de la autoridad competente la fiesta se ha acabado y el que no haya metido bastante mano, que venga mañana más temprano."*

Estarán vostedes con nós en que a alocución do Sr. Cancela está dita dun xeito que pretende ser poemático, ou sexa que, en certa maneira, rima, o que se di vulgarmente que está en verso.

Este home non era un poeta porque non tiña a preparación gramatical e literaria suficiente para selo, pero a súa afección e inclinación natural, ían por ese camiño. A súa rima era imperfecta, asonante e paródica, pero tiña moita graza. Dicindo ademais, cousas moi acertadas.

Este home, tan enxeñoso, arteiro e espelido, ía moito, a cotío, por unha taberna denominada "O Bo", propiedade de Aníbal González Conde, que era músico, natural de Alongos, na zona do bo



Cartel dunha festa na rúa Travesa (Betanzos) organizada pola casa de amplificadores en 1950. Dábase a casualidade que era na mesma rúa na que estaba Cancela. Actuaban os Rambalts co animador Máximo Carballal.(AMB).



Anibal "O Bo" coa caixa, antes de facer a alborada.

viño do Ribeiro. Esta bodega estaba radicada na rúa do Rollo, no mesmo baixo onde un dos seus fillos, Guillermo, tiña unha cafetería chamada "Lasi". Nome que provén da profesión de músicos que tiña toda a familia. Xa falaremos da Orquestra que esta familia, en unión de outros, tiveron aquí en Betanzos.

¿Como sería que unha familia de Alongos, naqueles tempos, veu poñer un bar, taberna ou como lle queiran chamar, a Betanzos?

Naqueles tempos un dos circos máis prestixiosos de España era o "Circo Feijoo", propiedade dun señor apelidado Feijoo, natural daquela zona de Ourense, na que había moi bos músicos, pola tradición de bandas musicais que por alí tiñan.

O Sr. Feijoo contrataba os artistas onde podía ou onde lle conviña, pero os músicos, todos ou case todos, eran de Alongos.

Aquel circo –que sempre era o mesmo– aparecía en calquera sitio de España co nome de Feijoo, Corzana, Americano, Francés, Alemán ou Ruso, xa que todo era cuestión dun remozamento do persoal artístico, da estrutura, pintura do exterior, etc.

Nun deses circos chegou Aníbal González a Betanzos, cansado daquela transhumancia e decidiu quedarse aquí. Chamou á familia e en Betanzos se instalaron. Traían o viño da súa colleita e así viviron vendéndoo, e de seguido,



ORQUESTA BRIGANTINA.Como se deduce do seu nome, esta orquestra tiña o domicilio en Betanzos, nun local que estaba destinado a bodegón de viño do Ribeiro, denominado O'Bo, na rúa do Rollo. Alí facían os ensaios pola tarde, antes da noite, para non molestar á clientela do bodegón. Os que aparecen na fotografía son, empezando de esquerda a dereita: Aníbal, tocando o clarinete; "O Cornán", tocando o baixo; diante del, cunha trompeta na man, o señor Ortega ("o señor" Ortega era coñecido así en todo Betanzos), tocando o saxofón e máis a batería, Carlos González, fillo de Aníbal; Chucho "O Lelo" de Bergondo, co trombón, a continuación, Juan Crespo coa trompeta; Ricardo Villarnovo, co saxo tenor, e non puidemos identificar ao que toca o clarinete. Os debuxos do Jazz son de "Musa". (AMB).

armou unha orquestra, poñéndolle o nome de "Brigantina", cousa que lle tiñamos que agradecer, inda que coido que ninguén o fixo.

O Sr. Cancela fíxose amigo do propietario de "O Bo" pola relación profesional, xa que Aníbal contratáballe os altofalantes a Cancela e, ademais, había outros músicos doutras orquestras, que tamén ían a cotío polo bar, que se converteu nunha especie de Fogar Musical.

Aníbal admiraba moito a José Cancela por esa facilidade tremenda que tiña para facer esa especie de "versos" que, a cada intre, saían da súa boca. Andáballe na cabeza como podería chegar a facelos e, caeu na conta de que había que pensalos, matinar sobre eles e, unha vez conseguidos, escribilos e, logo, aprendelos de memoria. E así o fixo. E así sucedeu a escena un domingo pola mañá, segundo me contou "Carlines" (Carlos Seijo), que estaba alí no momento en que entrou o Sr. Cancela, quen se puxo xusto no mostrador á carón do "Carlines":



BRIGANTINA. De esquerda a dereita aparecen: Antonio Cal Purriños (pai), Fiandeiro, Cuiña – cantante de Miodelo-, Aníbal, Manolito "Merallo" (de pé), Guillermo González, Manolito Puga (sen uniforme, porque tampouco é músico), Campos, e o derradeiro é José Vilariño Mella "O Carlista". (Foto cedida por José Vilariño).

Aníbal pillou unha cunca nunha man e na outra a xerra e díxolle ao recen chegado:

Se queres entrar en baza
has de tomar unha taza.

Contestación inmediata de Cancela:

Ti que eres do Ribeiro,
e traes o viño de Leiro,
non presumas de poeta,
porque eres taberneiro.

O Aníbal quedou varado. Non imaxinaba aquela contestación tan rápida e acertada e non soubo que dicir.

Entón o Sr. Cancela, solucionou a papeleta dicíndolle:

E para que non te desafines
bótalle unha taza ao Carlines.



José Antonio Penedo Bouza no programa "Desfile de Estrellas".
(Foto achegada por Francisco José Meijide).

Nun calendario propagandístico de 1952, impreso en Villuendas, anunciábase dun xeito poético:

Cuando usted sea vicario,
Lleve la orquesta que quiera,
Pero con los altavoces
De la casa de Cancela.

ESPECTÁCULOS DE VARIEDADES

A finais dos anos corenta apareceu unha modalidade de espectáculo que arrasou na escena española: As Variedades.

Antes da súa aparición nos teatros de España enteira só se representaba o teatro "puro" –comedia, drama ou traxedia-, a zarzuela e a ópera. Esta última case exclusivamente en Barcelona e en Madrid. Tamén había nas grandes cidades espectáculos chamados "varieté", palabra francesa que, traducida á nosa fala, quer dicir "variedade". Este último xénero, sobre todo entre as señoras da "alta sociedade", non estaba ben visto, ou mellor dito, non estaba ben que o mirara o común da xente. Na maioría dos pobos pequenos, xa non había locais que fixeran representacións e, onde os había, raramente viñan compañías que tiveran sona. Ademais o cinematógrafo triunfaba en tódolos sitios...

Pero as Emisoras de Rádiodifusión, sobre todo as importantes, metéronse dentro do espectáculo, convocando uns concursos, con premios, naturalmente, que se realizaban da seguinte forma:

Convocaban a toda persoa, ou grupo de persoas, que practicara, de xeito aleccionado ou profesional, calquera faceta artística: Canto, música instrumental, recitado, humorismo, baile, etc. Os que pretenderan concursar tiñan que asistir a unha demostración ou exame previo, na emisora, diante dun "xurado".

Os seleccionados, que eran moitísimos, actuarían nun espazo determinado, que se anunciaba a "bombo e platillo", nunha sala da emisora, á que acudía xente invitada e un xurado ía eliminando aos que consideraba "menos bos", xa que dicir "máis malos", non resultaba elegante.



Cartel anunciador dun espectáculo de variedades no Cine Capitol en Betanzos. (AMB)

Unha vez feita a criba, os seleccionados irían a un teatro da localidade onde outro xurado dirimiría os premios entre os concursantes.

Máis tarde esa xente ou parte dela –que xa adquirira unha relativa fama naquela bisbarra– formaba unha compañía que, nin eles sabían se eran profesionais ou non, traballaban en diversos pobos e cidades.

Estes concursos tiñan, en cada lugar, un nome determinado: "Salto a la fama", "Buscando una estrella", "Desfile de estrellas", etc.

Precisamente, do referido concurso "Buscando una estrella", formouse logo unha compañía profesional integrada por artistas premiados nese concurso e "capitaneado", cun número verdadeiramente profesional e de moita calidade: Los Chimberos, vascos eles. ¿Qué quere dicir Chimberos? Txinbo (que en éuscaro se pronuncia "Chimbo") é o nome que se dá, como alcume, aos bilbaínos, sendo o plural Chimberos, pois, naqueles tempos, coa grafía éuscara, non o podían poñer.

Este era un grupo de cinco, cunha trompeta, un acordeón e tres guitarras e cantaban todos.

Outro número de éxito era o formado polas irmás xemelgas "Lombide", que ademais de cantar moi ben eran moi guapas.

Aquí na comarca tiveron lugar algunhas finais destes concursos no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, presentados por Marina de la Peña e Emilio Díaz. Os concursantes contaban coa participación e asesoramento do mestre Diehl.

Algúns dos gañadores tiveron sona na comarca, o que lles abriu as portas a participar en orquestras como foi o caso do "Albañil de Cambre", nome co que se coñecía a José Manuel Mosquera e Toni Vía Amor "Lucho Gatica brigantino" ou Fernando Fernández de Vilouzás. Houbo outros que tiveron grandes éxitos neste concurso como Esther Martínez de Sada ou José Antonio Penedo Bouza de Miño, pero que posteriormente non se inclinaron a traballar nas orquestras.



Algúns dos compoñentes dosTrovadores con Antonio Machín.(Foto achegada por Eugenio Barral).

Un dos artistas máis de moda e que tivo un significado importante na evolución da música bailable foi Antonio Machín. Naceu en Cuba, fillo de nai cubana e pai español, pero como non era el o único fillo, compoñían unha familia moi numerosa. Este comezou xa de neno a profesión musical, tocando o saxofón nunha das bandas que había na súa bisbarra. Naquel ambiente axiña descubriron os seus compañeiros a bonita voz que tiña.

Despois de triunfar en Cuba, illas adxacentes e nos Estados Unidos, deu o gran paso a Europa. Naqueles tempos o gran paso artístico era ao contrario de hoxe, que é de Europa a América.

No ano 1939 estaba actuando en París. Estala a Segunda Guerra Mundial e Machín, sen pensalo máis, veuse para España.

O triunfo de Machín en España coidamos que foi o máis grande e duradeiro que houbo ou que puido haber, ata agora. E non é porque naquela época non houbera bos cantantes, xa que estaban: Bonet de San Pedro, Lolita Garrido, Raúl Abril, Rafael Medina, Celia Gámez, Lorenzo González, Gloria Lasso, Jorge Sepúlveda, Nati Mistral e un longo etcétera...

Machín actuou varias veces na nosa comarca das Mariñas, e algunha delas



MACHÍN BLANCO Y SU ORQUESTA..Formación de principios dos anos 50. Antonio López, clarinete; Juan Sobrino, saxo tenor; Francisco Rodríguez, co saxo alto; Gumersindo, trompeta; Víctor, de Vilamateo (Vilarmaior), acordeón; o da guitarra non sabemos como se chama; Chucho "O Lelo", batería; Barrié, trompeta e a continuación "Machín Blanco", animador. (Foto cedida por Juan Sobrino).

no Cine Capitol de Betanzos. Parécenos que a primeira vez foi o 24 de abril de 1951, cun espectáculo titulado "Cancionero Cubano", con artistas naquel tempo coñecidos e, como número estrela, a súa Orquestra, baixo a dirección do mestre Casas Augé, naquel momento un dos mellores que había en toda España. Sabemos tamén que o 9 de xuño de 1967, actuou no mesmo teatro, no que: "Presenta su gran espectáculo de Music-Hall."

Na última actuación ocorreu a seguinte anécdota:

Era *vox populi* en Betanzos e en moitos lugares máis, que Machín tivera que deixar de interpretar algunhas cancións que, pola súa tesitura, moi aguda, naquela hora éralle imposible interpretala. Entre esas estaba unha titulada "La Ruñidera", que, francamente, estaba nunha tesitura moi alta.

Un empregado do local –que tamén facía os seus "pinitos" cantando– achegouse a Machín, pedíndolle se podía cantar a peza antes referida. Machín contestoulle que estaba fora do repertorio e que a orquestra non a tiña preparada. O rapaz contestoulle que a xente dicía que si a retirara era porque non podía cantala:

-Tate, Machín, ya te vienen con la vuelta y la revuelta del gallego, pues estamos en Galicia. Pero ten en cuenta, muchacho, que mi padre era de Ourense.

E realmente era.



AGÜELAS. Esta agrupación musical tiña o seu domicilio na parroquia de Mondego (concello de Sada) arredor de 1945. Estaba composta por tres irmáns que se apelidaban Agüela, outros tres que se apelidaban Louzán e outro que se chamaba Benito. Os tres irmáns Louzán estaban a aprender música cos irmáns Agüela. Na fotografía, de esquerda a dereita: José Agüela, trompeta; Benito "O Veijeiro" e Narciso Louzán, saxofóns; Ángel Louzán, batería; Ramón Agüela, bombardino; Juan Agüela, trombón e Juan Louzán, baixo. (Foto cedida por Narciso Louzán).

ORQUESTRAS

Aparte das antigas orquestras de antes da guerra que seguirán neste período como os Rambalts, Orquestra Radio, Lamas, Guiliades ou Mallo, aparecen novas orquestras: Os Paulos de Cortiñán, Murga de Luís Illobre, Orquesta Brigantina, Orquesta X da Coruña, Orquesta de Jaime Camino y sus Satélites e posteriormente os Satélites da Coruña, Piñeiro da Coruña, Piña de Ferrol, Patolos de Campolongo, Breamo, Capitanes de Sada, Orquestra Moderna de Coruxou, Oriente da Coruña, Bellas Farto de Ferrol, Agüelas de Mondego (Sada), Caporales, Palma de Cesuras, Trebol de Ferrol, Compostela de Betanzos, Sintonía, Trovadores, Príncipes e Oriente da Coruña, Bellas López, López-Malde de Ferrol, Gran Casino, Leira-Beceiro e Saratoga de Ferrol, Bohemios, Cumbancheros, Tropical, Palma, Solana de Cesuras...

Agüelas

Creouse a mediados dos anos corenta. Os compoñentes desta orquestra eran todos eles veciños de Mondego, concello de Sada. Case se lle podía chamar unha reunión de familias, posto que tres eran irmáns entre si, outros tres tamén e quedaba un que non tiña nada que ver cos outros seis. Os tres irmáns apelidados Louzán, cando eran moi novos, tiveron a ilusión de chegar a ser músicos. Puido influír nesta afección o que na mesma parroquia houbese catro músicos máis, todos eles con moitos coñecementos da materia, que era o coñecido polo alcume de *Veijeiro* e outros tres irmáns, apelidados Agüela que eran os que lle daban nome á orquestra.



Compoñíana: José Agüela, "Veijeiro" e Narciso Louzán, saxofóns; Ángel Louzán, batería; Ramón Agüela, trombón e Juan Louzán, baixo.

Bellas Farto

Fundárona Mauricio Farto, Xerardo Bellas e Gonzalo Picado Bellas a mediados dos anos corenta en Ferrol. Este último xa de neno formaba cos seus primos o cuarteto "Os Nenos da Vila" en Pontedeume. Posteriormente con dezaoito anos entrou por oposición como músico da Armada no corpo de Infantería de Mariña en Ferrol, pasando dende músico de terceira categoría ata subdirector da banda.

Xerardo Bellas, tamén orixinario de Pontedeume, foi músico militar e participou en agrupacións musicais ferrolás como a Sociedade Filarmónica Ferrolá e Coral Polifónica de Bazán. Fundou e tocou na Bellas Farto e máis tarde na Bellas López.





BELLAS FARTO. Ano 1952. Arriba, o cuarto pola esquerda é o "Granxeiro", o animador, Manolo Martínez "Tanguitos".
Abaixo, o "Granxeiro" de Ambroa é o primeiro de atrás, co trombón, Cupeiro, trompeta. Diante, o segundo co saxofón é Gerardo Bellas; o animador, Manolo Martínez "Tanguitos".
(Fotos cedidas pola familia do Granxeiro).





BRIGANTINA. Atrás: Valiño, Antonio Villarnovo, saxo; Aníbal, saxo; descoñecido; Luis "Cornán", maracas. Diante: o Sr. Ortega, trompeta; Carlos, batería e Chucho e o do trombón non o coñecemos. (Foto cedida por Carlos López González "O Bo").

Brigantina

Como se deduce do seu nome, esta orquestra tiña o domicilio en Betanzos, nun local que estaba destinado a bodegón de viño do Ribeiro, denominado "O'Bo", na rúa do Rollo. Facían os ensaios pola tarde, antes da noite, para non molestar á clientela do bodegón. Fundouna Aníbal González no 1941, e durou ata 1956. Aníbal era natural de Alongos, en Ourense, e establecérase en Betanzos por casualidade, el viñera no Circo Feijoo de músico.

Tocaron nesta orquestra: Aníbal González, Luís Fuentes "O Cornán", Guillermo González, batería; Carlos González, acordeón; Lito, violín; Manuel Sanmartín, vocalista. Tamén estaban o Sr. Ortega, Campos, Tonecho e Chucho de Bergondo que tocaba a trompeta, Juan Crespo o trombón, Ricardo Villarnovo, saxo, Antonio Cal Purriños (pai), Louzán, Manolito Merallo e José Vilariño Mella "O Carlista".

Capitanes

Eran de Riobao, Sada. Estaba integrada polos seguintes músicos: Seva, Miguel, Louzán, Manolo o Capitán, Quique Téllez, Granxeiro, Pepe Mollo, José Luís Téllez, Bordomás.



BRIGANTINA. Atrás: José María Campos, Carlos González, Sr. Ortega e Manolito Sanmartín. Diante: Mella, Lito e Aníbal.(Foto cedida por Carlos López González "O Bo").

Casanova

Fundárona en 1940 os irmáns Manuel e José Rodríguez Presedo, coñecidos como os irmáns "Fixoi", que eran de Meangos (Abegondo), e Pedro Casanova. A orquestra estaba composta ademais polos irmáns Bellón, Francisco Presedo e Luis Bestilleiro, todos eles veciños de Meangos.



Cartel anunciador da Orquestra Brigantina nas festas de San Tirso de Quilós, no Bierzo. AMB.



CAPITANES. Atrás de pé: Manolo "Granxeiro", "Seva", trombóns; a continuación, un señor descoñecido; Bordomás, Louzán, saxofóns; José Luis Téllez, acordeón. Diante, abaixados: Quique Téllez, contrabaixo; Pepe "Mollo", trompeta e Manolo Capitán, saxofón.

Abaixo: o que está detrás á batería non está identificado, o do contrabaixo é Quique Téllez. Diante: Bordomás, Pepe de Pazos, Emilio Capitán, Seva, cantando coa vocalista, e Manolo Capitán. (Fotos cedidas por Narciso Louzán).





CAPITANES. Sentados, ao fondo: Louzán, saxo; Cochero, trompeta; Chas, trompeta; Emilio Capitán, saxo. Diante: Manolo Capitán, saxo; Mero, pandeireta; o vocalista non sabemos quen era; Plácido, que era o batería e Chucho Pedreira, trombón.

Abaixo. Atrás: José Pedreira, trombón; "Mollo" e "Cochero", trompetas. No medio: Capitán, Louzán, saxofóns; Marcelino Chas, batería; Alvarito, cantante; e Quique, contrabaixo.

(Fotos cedidas por Narciso Louzán).





CASANOVA. Esta foto é de 1942 e nela están: José Rodríguez "Fixoi", saxo; Francisco Presedo, saxo; Pedro Loureda, clarinete; José Bellón, trompeta; Luis Bestilleiro, trombón; Claudino Bellón, helicón; e Manuel Rodríguez "Fixoi" á batería. Todos os integrantes eran de Meangos (Abegondo).

Abaixo, a orquestra Casanova nunha procesión en Abegondo no ano 1942. (Fotos cedidas por Luis Rodríguez "Fixoi").






COMPOSTELA. Cando polos anos corenta se reformou a Banda Municipal de Betanzos, viñeron moitos músicos de Santiago de Compostela, pola sinxela razón de que a Banda desa localidade se disolvera. Co tempo foron pensando en facer unha orquestra de baile, co fin de sacar un sobresoldo, posto que iso xamais sobra. Na ringleira de atrás están: "Bastabales", baixo; Hipólito, batería; Domingo Luces, trombón. Na ringleira de abaixo están: Manuel Fafián, "banjo"; Illobre, Jesús e Pereiro, saxofóns, ademais do trompeta Ramón Otero. Non durou moito a orquestra porque, en canto se reorganizou a Banda de Santiago, todos os santiagueses, agás un, volveron para a súa cidade. (Foto do AMB).

Compostela

Parece ser que antes da década dos Corenta, existiu en Santiago de Compostela unha orquestra denominada "Compostela". Segundo di un artigo de Esther Naya na Voz de Galicia do ano 1992, orixinárase no 1919 con seis músicos, que tocaban piano, batería, contrabaixo, clarinete, saxo, trompeta e violín. A primeira formación, que non incluía cantante, naceu para amenizar os bailes de gala e as festas tradicionais que celebraban as sociedades de Santiago e comarca. Tamén tocaban no intermedio das películas mudas que se proxectaban no Teatro Principal. A orquestra desapareceu coa guerra civil.

Pero da Compostela que nós imos tratar aquí non ten nada que ver con esa antiga Compostela.

O dezasete de marzo de 1943, a Corporación Municipal de Betanzos acordou que se celebraran oposicións de aspirantes a músicos da Banda o día vinteoito do mesmo mes, ante un tribunal composto polo Director da Banda de Betanzos e o Director da Banda do Rexemento de Infantería de Zamora, nº 29, con base na Coruña.



CONQUISTADORES DE SOBRADO. (Foto achegada por Chucho de Sobrado).

A esas oposicións presentáronse varios músicos da disolta Banda de Santiago, que quedaran na rúa, xa que naqueles tempos aínda non se inventara o "paro". Os que aprobaron integráronse na Banda de Betanzos, empezando inmediatamente os ensaios, para poder amosar ao pobo o froito das oposicións e máis os de algúns dos educandos que saíron da Escola de Música da propia Banda.

A Banda no seu primeiro concerto gustou moito e as autoridades enchéronse de satisfaccións.

Pero os emolumentos que cobraban os músicos da Banda non chegaban para manter unha familia e, algúns deles reuníronse co obxecto de formar unha orquestra para así, nos días libres, poder sacar unhas "pesetas" polas festas dos arredores.

A orquestra estaba integrada polos seguintes músicos: Ángel Pereiro Cores, saxofón alto; Jesús Filgueira, saxofón tenor; Vicente Illobre, saxo e clarinete; Manuel Fafián Casal, clarinete; Ramón Otero y Otero, trompeta; Domingo Luces Martínez, trombón; Arturo Fernández Picallo, baixo; e Hipólito Sánchez Deive, a batería. Vicente Illobre, Manuel Fafián e Hipólito Sánchez, eran de Betanzos, e os demais viñeran da disolta Banda de Santiago. Como estaban en maioría os "picheleiros" a orquestra denominouse "Compostela", que non durou moito tempo. Cando se reorganizou a Banda de Santiago, volveron para ela a maioría deles.



CONQUISTADORES DE SOBRADO. É curioso o palco, colocado enriba de bocois de viño... ¡eso si que era unha boa base! (Foto achegada por Chucho de Sobrado).

Máis tarde en Santiago apareceu outra "Compostela", con Manuel Muñiz e Carlos de Paz de vocalista. Esta nova Orquestra Compostela ía ter moito éxito, chegando a gravar catorce elepés con máis dun millón de discos vendidos e catro discos de ouro no seu haber. Foi unha das orquestras galegas máis internacionais.

Conquistadores de Sobrado

Orquestra formada por Ramiro Ramos López "O Chabolas" ou "Pachote" en Sobrado. Era natural de Irixoa e tocaba o saxofón. Entre outros, formaban a orquestra: Jaime Fernández, saxo; Manolo Danide, saxo; Xulián, trompeta; Salvador, vocalista; Abelardo, batería; "Periquito", trombón e Xamarilo, contrabaixo.

España

Esta orquestra ven da dos Paulos de Cortiñán. A orquestra tiña a sede en Vila de Suso (Betanzos) e empezaron a tocar o día de San Estebo no ano 1943, aínda que ensaiaban en Betanzos, na rúa Pardiñas na casa de Avelina.

Estaba composta por: Ángel Roel Miramontes "Gelito de Paulus", tocara nos Paulos e foi esta a última orquestra na que tocou, José Miramontes "Pepe de Lola", Señor Ortega, Fillo do Señor Ortega, Pedro (de Vilouzás), José Antonio (de Ambroa), Agustín e Pepe.

¡Betanzos Norte en Fiestas!

Los días 25, 26 y 27 de Julio

Con motivo de la festividad de Santiago Apóstol

Día 25-Por la mañana, alegres dianas y alboradas con disparo de potentes bombas de palenque. A las 12 misa solemne y a la salida

Gran concierto musical

a cargo de la maravilla de las maravillas



Orquesta "España"

que al hacer la presentación ante el público, le ofrecerá un selecto programa de música clásica y americana, demostrando con ello que es la única en su género

Por la tarde

Gran Baile-Verbena

amenizado por ésta Orquesta; en la magnífica

Pista de Betanzos Norte


que estará adornada con infinidad de banderitas y lucirá una magnífica iluminación a la veneciana, presentando con tal motivo, un fantástico aspecto

Los días 26 y 27, se repetirá el programa del día 25.

¡Todos a Betanzos Norte!

a pasar unos días de franca alegría

Tip. Rodríguez - Barrera, 50



ESPAÑA. Estaba integrada por nove músicos: Belarmino Carro, Pepe, Agustín, José Antonio, Pedro Fernández de Vilouzás, que é o cantante ou vocalista; Ortega (fillo), a continuación o Sr. Ortega, "Pepe de Lola" e Gelito (José García Villaverde). Diante deles están os instrumentos seguintes: dous clarinetes, tres saxofóns, dúas trompetas e un acordeón. Supoñemos que tamén tiñan contrabaixo e batería, pero como eses instrumentos ocupan moito, non os puxeron na foto. (Foto cedida por Mercedes Vázquez Pena).





ESPAÑA. Formación do ano 1956. De esquerda a dereita: José Antonio, saxo tenor; Pepe Sabín, trompeta; Paquito Ortega, trompeta; "Carlista", saxo; Gelito de Paulos, batería; Villaverde, acordeón; Pedro Fernández, baixo (era animador e guitarrista). (Foto cedida por Pepe Sabín).

Abaixo:formación de 1958. Detrás: Paquito Ortega, coas maracas, tocaba a trompeta; Ángel Roel "Paulus", tocaba o saxo; Belarmino Carro, saxo tenor. Diante: Antonio González, violín; Villaverde, acordeón; Paco Cerneda, sentado, normalmente tocaba o saxo; José Canle, violín e tamén trombón. Diante, o animador, Ricardo Fraguío. (Foto cedida por Ricardo Fraguío).



Flor

Entre 1941 e 1942, ensaiaban en Vilamateo. Estaba composta por Severino de Ambroa, baixo; un de Areas, trombón; Pepe do Cal de Callobre, saxo; Juan López de Torres, clarinete; Mosqueira de Callobre, clarinete e Celestino Amado, de Torres, batería.

Flor de Maio (Os Novos do Alto Xestoso)

Aínda que tiña o nome de "Flor de Maio" a esta orquestra coñecíase como "Os Novos", o motivo era que no Alto Xestoso xa había unha orquestra de antes da guerra que era a dos "Castigadores do Alto"e así a uns chamáronlles "Os Vellos" e aos outros "Os Novos".

Empezaron a aprender música co método *Eslava* no ano 1947 con Gumersindo Pico, dos Vellos, e ao ano seguinte xa empezaron a tocar polas festas. A orquestra durou pouco máis de dous anos. Estaba composta por: Antonio Blanco, tuba; Virginio Rivera, trombón de varas; Arturo Mirad, trompeta primeiro; Hipólito de Caulfe, trompeta segundo, saxofón terceiro e cantante; Aurelio Sanmartín Grueiro, saxo primeiro; Tomás Souto Castelo, saxofón segundo; un dos de Hipólito de Caulfe tocaba o saxofón terceiro; Ramiro Blanco, batería; Julio de Blanco, clarinete; Celso González "O do Brocho", trompeta terceiro.

Algúns deles seguiron moito tempo vinculados á música como Aurelio Sanmartín.

Iberia

Orquestra de Cecebre polos anos corenta. Noticia dela dánola a revista Esculca da "Sociedade Cultural Museo As Mariñas dos Frades" nela tocou Marcelino López Chas "Candelas" que era de San Martiño de Orto. Estaba composta por Manolo Rivas "Pichelo", Manolo de Morís, Juan Bujía e Pepe de Chas "O Patejo". Esta orquestra estivo moi vencellada aos Barrales.

Imparciales

Fundouse no ano corenta e seis en Abegondo. Estaba composta por: Paulus, clarinete; fillo de Paulus, saxo; Manolo de Cerneda, trombón; Jaime, batería; Claudino, baixo e Jesús de Moar, trompeta. A orquestra durou pouco máis dun ano.

Juventud de Guísamo

Todos os seus integrantes eran de Guísamo: Pedro de Xampán, batería; Manolo Barreiro, saxofón primeiro; Pepe Barreiro, saxofón tenor; Arturo, clarinete; Ángel Carro "Gelucho", trompeta; Baltasar, trombón de varas; e Pepe da Primavera, helicón.



LEIRA - BECEIRO. De esquerda a dereita, ringleira de atrás: Cupeiro; Vargas; Zapata; don Pedro; Fernando Formoso. Na ringleira de diante: Barros; Sindito Leira; Tonecho (cantante); Saturnino Beceiro. O seguinte non está identificado. (Foto cedida por Zapata).

Leira

Fundada por Gumersindo Leira en Ferrol. O fillo de Gumersindo, Sindo Leira que pertencía ao exército de terra formou outra orquestra con outro militar, este de infantería de Marina, que se chamou Orquestra Leira-Beceiro. Anos máis tarde separáronse e Sindo Leira montou a "Orquesta Juvenil".

Melody-Jazz

Orquestra composta polos "Lelos" de Bergondo. Aparecían naqueles anos despois da guerra vestidos cun uniforme, composto de chaqueta branca, con solapas azuis, camisa branca, "lacito" negro, pantalón tamén negro. Os músicos eran sete e cada un traía na man o seu instrumento, agás o da percusión. Compúñase aquilo dun bombo con pedal para zouparlle, un tambor, que lle chamaban "caixa"; un platillo grande, pendurado dun gancho e outros artefactos. Un dos que isto escribe recorda aquel novidoso instrumento coa cara do bombo que daba fronte ao público tiña todo o parche pintado: unha palmeira e debaixo unha negra bailando e no espazo que sobraba o título do conxunto: "Orquesta Melody-Jazz".



LEIRA - BECEIRO. De esquerda a dereira, na ringleira de atrás: Fernando, trombón; Barros, trompeta; outro trompeta, non identificado. Na ringleira de diante: don Pedro, saxofón; Constantino Cupeiro, saxofón; Saturnino Beceiro, saxofón; o vocalista, sen identificar; Illobre, de Mugardos, acordeón; Zapata, contrabaixo e violín. (Foto cedida por Manuel Zapata).



LEIRA - BECEIRO. Ringleira que está de pé: o primeiro é un músico gaditano (sen identificar); Gerardo Miño; David Aguillón, da Viña (Irixoa); Sindito Leira; Vargas; Doce. Abaixados: o encargado dos altofalantes; Zapata; Pepe Fraga, vocalista; Cabalar.



LEIRA - BECEIRO. De esquerda a dereita, ringleira de atrás: Cupeiro; Vargas; Zapata; don Pedro; Fernando Formoso. Na ringleira de diante: Barros; Sindito Leira; Tonecho (cantante); Saturnino Beceiro. O seguinte non está identificado. (Foto cedida por Zapata).

Leira

Fundada por Gumersindo Leira en Ferrol. O fillo de Gumersindo, Sindo Leira que pertencía ao exército de terra formou outra orquestra con outro militar, este de infantería de Marina, que se chamou Orquestra Leira-Beceiro. Anos máis tarde separáronse e Sindo Leira montou a "Orquesta Juvenil".

Melody-Jazz

Orquestra composta polos "Lelos" de Bergondo. Aparecían naqueles anos despois da guerra vestidos cun uniforme, composto de chaqueta branca, con solapas azuis, camisa branca, "lacito" negro, pantalón tamén negro. Os músicos eran sete e cada un traía na man o seu instrumento, agás o da percusión. Compúñase aquilo dun bombo con pedal para zouparlle, un tambor, que lle chamaban "caixa"; un platillo grande, pendurado dun gancho e outros artefactos. Un dos que isto escribe recorda aquel novidoso instrumento coa cara do bombo que daba fronte ao público tiña todo o parche pintado: unha palmeira e debaixo unha negra bailando e no espazo que sobraba o título do conxunto: "Orquesta Melody-Jazz".



MUSICA DE SANTAIA. Fotografía feita na romaría de Cumbraos: Pedriño, saxofón; Pedro Lata, clarinete; Adolfo Ulloa, clarinete; Tomás Lata, bombardino; José Ferreño, tuba. (Foto cedida por Adolfo e Antonio Ulloa).

Oriental

Organizouse no ano corenta e sete, con integrantes de Abegondo e Cesuras. Os de Abegondo eran os que antes foran dos Imparciales. Estaba composta por: Manuel de Cesuras, clarinete; fillo de Manuel de Cesuras, saxo; Roel de Cesuras, saxo; Manolo (tamén de Cesuras), batería; Florindo de Vilacoba, trompeta; Claudino, baixo e Jesús de Moar, trompeta.

Palma

Fundouse en Cesuras no ano 1947 con varios músicos procedentes das distintas músicas dos arredores. Os fundadores e integrantes nun primeiro momento foron José Balado García e José Lata da "Música de Cesuras", Antonio Mosquera Botana da "Música de Carres", Florindo Vázquez da "Música de Loureda" e Adolfo Ulloa Ferreño da "Música de Santaia" (Probaos). Posteriormente ampliouse o número de músicos ata nove integrantes.

Arredor de 1955 escindíronse os seus compoñentes sorteando o nome. Uns seguiron coa "Palma" e outros fundaron a "Solana".



PALMA. Formación do ano 1951. De esquerda a dereita: Manolo Carreira, batería; "Pepe de Gudín", acordeón; Manolo Carro, cantante e guitarrista; "O Cerneda", trompeta; Adolfo Ulloa, saxo alto; Manolo "O Relojero", saxo tenor; Antonio Ulloa, contrabaixo.

Abaixo, atrás: Manolo, de Cerneda, Antonio Ulloa, Florindo Vázquez, Manuel Montero. Diante: José Regueiro, Adolfo Ulloa e Manuel Pérez Beade. (Fotos cedidas por Adolfo e Antonio Ulloa).





PATOLOS. Unha das primeiras formacións desta orquestra. Os dous primeiros de atrás descoñecémolos; os seguintes son Enrique (o vocalista), Platas e Manso. Diante: Serafín, David Maceiras, Antonio Leira "Patolo", o seguinte non o coñecemos e Antonio Maceiras. (Foto cedida pola familia de Serafín Gómez).

Patolos

Orquestra que actuou entre 1945 e 1950, era de Campolongo, porque de alí era o seu fundador: Antonio Leira Díaz *O Patolo*. Nela traballaron músicos como Serafín Gómez, Antonio Maceiras, *O Chisco*, etc..

Paulos

Este era o nome dos fundadores da orquestra, polos anos corenta en Cortiñán (Bergondo). Tamén se coñecía como "La Estrella". No ano 1943 os seus integrantes formaron a Orquestra España.

Piñeiro

Eran de Pontedeume, e no ano 1944 estaba integrada por: Manuel Piñeiro – o xefe-, Juan Piñeiro, Ignacio García, Antonio Couce, Miguel Varela, José Leira, José Vázquez, Antonio del Río e Román Piñeiro.

Puentes

Orquestra das Pontes, formada por Rodrigo López arredor de 1943 (Ferreiro, 1998). Estaba integrada por músicos de varias agrupacións da comarca, así: José Souto, de Burgás; Alfonso García, dos Castigadores do Alto, de Xestoso; José López, Andrés Ramos, José Piñeiro, Servando López, Antonio Ferreiro, José Cruz e Domingo Ferreiro.

SAN TIRSO en Fiestas

LOS DIAS 8, 9, 10 y 11 DE SEPTIEMBRE

(en honor de la Natividad de Nuestra Señora y del Santísimo Sacramento)



Se celebrarán, a las 5 de la tarde

EMOCIONANTES PARTIDOS DE FUTBOL


Día 8, Guiliade y Limiñón — Día 9, San Tirso B y Orto F. C.
Día 10, casados de San Tirso y San Vicente. — Día 11, Birloque, de La Coruña y San Tirso

A continuación tendrán lugar unos animadísimos y

MAGNOS BAILES - VERBENA

que serán amenizados por la mejor orquesta de Galicia, la famosa

ORQUESTA PATOLOS



que con el extraordinario y simpático estilista

ENRIQUE

cantarán y acompañarán también las misas solemnes que se celebrarán todas los dias por la mañana.

No deje de admirar esta orquesta sin par

¡Le asombrará por su ritmo y simpatía!

¡¡No falte estos días en San Tirso!!

Tip. Tomás Rodríguez.—Barrera, 32.

Cartel cedido pola familia de Serafín Gómez.

Grandes fiestas patronales en honor a Nuestra Señora, en el

Alto de Gestoso

Los días 8, 9 y 10 de Septiembre



Como todos los años, a las 12 de la mañana habrá misas solemnes a toda orquesta, y al final

Conciertos musicales

Por la tarde se celebrarán

Grandes Verbenas

actuando la maravillosa

ORQUESTA PATOLOS

y el cantor internacional **JAIME** que con su característica maestría interpretarán un modernísimo repertorio de música americana, de la que son sus mejores intérpretes.

Geniales creadores de la "magia musical"

¡La mejor agrupación de Gali

Cartel cedido pola familia de Serafín Gómez.



PATOLOS. Na pista Brigo, de Betanzos. Chisco, trompeta; Crespo, trombón; David Maceiras, trompeta; Antonio Maceiras, batería; Platas, baixo. Diante: Serafín, clarinete; Antonio Leira "Patolo", clarinete; descoñecido; Enrique, vocalista.



PATOLOS. Foto tirada en Vimianzo, o 9 de agosto de 1951. De esquerda a dereita. Detrás: Crespo, trombón; Chisco, trompeta; David, trompeta; Enrique, acordeón; Antonio Maceiras, batería. Diante: Serafín, saxo tenor; Antonio Leira "Patolo", saxo tenor; Aurelio, saxo alto; Enrique, vocalista. O contrabaixo non o puidemos identificar. (Fotos cedidas pola familia de Serafín Gómez).



PAULUS. Nas festas do San Roque en Betanzos nos anos corenta. (Foto cedida por José Antonio Penedo Bouza).



PUENTES. Detrás: Alfonso García, trombón; Servando López, trompeta; Domingo Ferreiro, acordeón; Andrés Ramos, baixo e José López, batería. Diante: José Piñeiro, saxofón; Antonio Ferreiro "Bidueiro", saxofón; Rodrigo López, saxofón e José Souto, animador. (Fotografía tirada do artigo de Antón Ferreiro: As Antigas Bandas e orquestras de As Pontes).



SATÉLITES.Formación de 1945. Detrás: Celso Béjar, violín; Manuel Eiroa, acordeón; Lamigueiro, guitarra; "Cachet", acordeón. Diante: Fernando, animador; Manoliño, violín; Sancho Ramón, violín; "Madrileño", violín; Baldomero, baixo; e Lolito. (Foto cedida por Luis Rodríguez "Fixoi").

Satélites

Esta é unha das orquestras de máis sona da comarca. Segundo parece orixinouse despois de rematada a guerra, no ano 1939. Os idearios foron Manuel Otero Mariñas e "Manoliño", que era un trompetista do Rosal, que estando un día nun hotel en Oviedo decidiron deixar a Banda militar e formar unha orquestra na vida civil. Quen lle deu o nome definitivo foi Jaime Camino, que se lle ocorreu chamarlle "Jaime Camino y su Orquesta Los Satélites".

Era este home un personaxe curioso que habitou na Coruña, polo menos unha longa tempada, durante a que estivo exclusivamente dedicado ao mundo do espectáculo e, en especial, á música.

¿Músico? ¿Cantante? ¿Animador? ¿Representante? ¿Administrador?... Quizais todo...Quizais...

Polo que se deduce do título do espectáculo, a grande estrela era Jaime Camino, como Rei-Sol, e os músicos... os satélites que xiraban ao seu redor...

A xunta directiva do Liceo Recreativo de Artesanos de Betanzos, enviou ao seu conserxe á dirección que figuraba na propaganda, para mirar de contratar o referido espectáculo, se chegaban a un acordo.

Cando o conserxe chegou de volta viña desconcertado pola entrevista, que contou así: Unha vez chegado á dirección que levaba, abriulle a porta o mesmo



SATÉLITES. "Madriles", contrabaixo; "Lamigueiro", batería; Celso Béjar, guitarra; Fernando, vocalista (de costas); "Cachet", piano; Manoliño, trompeta; Eiroa (fillo), trompeta; Sancho, trombón; Lolito, saxo alto; Eiroa (pai), saxo alto; Baldomero, saxo tenor.
(Foto cedida por Manuel Eiroa).

Jaime Camino, que o mandou pasar. Entrou nun piso moi luxoso, con mobles de acordo có piso: sofás, cadeiras, mesa, lámpadas...todo –como se dicía– "de Primeira". E o señor a tono có piso, sendo cantante non ía a desafinar: bata de casa, de seda, pano facendo "pendant", a cara brillante dalgunha crema, a cabeleira...tratada por un perruqueiro de primeira....

En canto ao contrato non chegaron a acordo.



Jaime Camino

Jaime Camino fixo carreira como representante de orquestras, un dos pioneiros deste oficio. Foi un dos artífices da diáspora das orquestras nos anos cincuenta e sesenta, que levou aos músicos da comarca a actuar en América, África, Europa e incluso Xapón.

Polo que respecta á orquestra estaba composta nun primeiro momento por músicos como Manuel Otero, Eiroa, Celso Béjar...

Nos anos despois da guerra tiñan unha animadora de moita fama na comarca coñecida polo nome artístico de "Charo". Despois viñeron máis: Alvarito Pita, Sito Sedes, Andrés, Melchor...



SATÉLITES. Formación de 1959. Detrás: Celso Béjar, baixo; Paco Casal, batería; Manuel "Cochero", trompeta; Ricardo Doval, trompeta; José Gestal, trompeta. Os dous do medio son os trombóns, José Sancho e Virginio Rivera. Diante: Emiliano Redondo, piano; Fernando, animador. Saxos: José Ramón Sierra, Manuel Otero Mariñas, Antolín Ferreiro, Carlos Rodríguez e Agustín. (Foto cedida por Luis Rodríguez "Fixoi").

Como di Xurxo Souto, "Lolito e os seus rapaces estaban a crear un xeito novo de facer música neste país. Virtuosismo, paixón e elegancia. Vestidos sempre de traxe branco, sen concesión ningunha ás camisas de chorreras. Preciosismo enxebre que lles permitiu achegárense, sen dificultades, ao seu primeiro gran referente, a música orquestral norteamericana. O repertorio de Glen Miller foi e é o seu selo...

No ano 55 cruzaron o océano para levar a súa repichoca a Venezuela. Primeira orquestra galega no Caribe. No último momento, a carón de Álvaro Pita, subiu no transatlántico un cantante novo para reforzar o asunto: Pucho Boedo...Lolito, *alma mater* da orquestra, por motivos de saúde, tivo que quedar na Coruña.

En Venezuela a iniciación foi dura. Os músicos das Mariñas víronse apurados. Presentábanse como Los Satélites de España, o público esperaba escoitar pasodobres e atoparon merengues e *marecumbés*. Grave erro, tentar competir cos caribeños no seu terreo. Por aló, cando un músico non agarra o compás din que fai ritmo galego. Mais *Os Satélites* aprenderon axiña a lección. Na volta trouxeron as sincopas do trópico directamente ao campo da festa, para facernos bailadores cosmopolitas. Moito antes de que en Nova York se inventase a denominación salsa".



SATÉLITES. Esta fotografía foi sacada en Arteixo. O primeiro da esquerda é un espectador, seguíndolle a el están Baldomero, Sito Sedes, e Doval; seguindo esa liña: Fixoi e Narciso Pillo. Na fila dianteira: Virginio, Béjar, Louzán, Serafín, un pianista de Ferrol, logo Luis "Fixoi" e "Tonecho".

A xira americana tivo consecuencias para a orquestra, que foi perdendo algún dos seus integrantes polo camiño, en total catro, entre os que estaban Álvaro Pita "Alvarito" que seguiu varios anos en Venezuela e Colombia, e Pucho Boedo.

Esta orquestra contou con músicos destacados como os Eiroas pai e fillo, Sierra, Luís Rodríguez "Fixoi", os trompetistas Willy Marambio e M. Cochero, os trombonistas Marcial Figueroa, Virginio Rivera e José "Sancho", J. Manuel Mourullo, Ricardo Doval...

Con respecto aos cantantes (Parga, 1990) tamén estiveron: Fernando Mouriño, Abel, Joselito, Toni Vía Amor, José Luís, Andrés Lobato...

No ano 69 incorporouse un vocalista de Sillobre que deixou gran pegada na orquestra: Sito Sedes.

Foi o tempo dos primeiros discos, do triunfo televisivo no programa *Aplauso* con José Luís Uribarri e Fradejas, e das visitas a Valencia...

Di Sito "o son dos Satélites é brillante, preciosista, redondo. No antigo local da rúa Oriente en Monte –Alto, cada corda, saxos, trombóns e trompetas, ensaiaban por separado. Ao reunirse producíase unha conxunción milagrosa que puña os pelos crespos".

De mediados dos anos setenta son os seus primeiros discos gravados en Madrid, hoxe todos uns clásicos. Quén non recorda esas cancións que levaron de festa en festa con son caribeño como: *Papá y mamá, La Soga, El chinito,Triste Papel, Pégale duro Ramón...*



SATÉLITES. Actuación pública nas festas de San Miguel de Reinante. Integran a orquestra os seguintes músicos: Domingo, contrabaixo; Emiliano Redondo, acordeón; Paco Casal, batería; saxofóns: Lolito, Manuel Eiroa (pai), Carlos e Sierra; trompetas: Manuel Eiroa (fillo) e Doval; Virginio, trombón; Abel González, vocalista. (Foto cedida por Paco Casal).

Sobrinos

Unha tarde de domingo, no verán, unha grea de rapaces de Betanzos, subimos á Infesta, máis coñecido para nós coma o "Norte", porque un sabía, de boa tinta, que aquel día se inauguraba a temporada de verán na pista do "Jarapeto".

Fomos polo atallo e chegamos con tempo dabondo. Para pasa-lo "rato", cando oíamos a campaíña da Estación, entrabamos nela a mirar o tren: ver quen baixaba, quen subía e logo faciamos que estabamos alí para despedir a alguén asomado a unha fiestra do vagón, saudabámolo, como se o coñeceramos...¡cousas de rapaces!

Cando máis entretidos estabamos na Estación sentimos tocar a orquestra. Alá nos fomos a todo correr; chegamos e atopámonos con que se denominaba "Los Sobrinos". Agás un, que era un home de talla normal, os demais, tiñan a aparencia de nenos. Coido que ningún deles tivera feito o servizo militar, que naquel tempo era o que definía o paso de rapaces a homes formados.

Parece ser que –sacado o máis corpulento– era a primeira vez que tocaban en público. Xa falaremos aquí doutra orquestra: "Melodía", que tamén fixo o seu debut, ou estrea, nesta mesma pista.

Tódolos da nosa cuadrilla –uns máis que outros– tiñamos interese en saber a relación que puideran ter entre si tódolos rapaces, e que motivo os levaría a poñerlle ao grupo aquel nome que non era rechamante nin rimbombante. Dixo un:

-O porqué do nome está moi claro: ¿Vos non vedes a aquel que é máis alto e incorporado que tódolos demais?

-¡Si! –respondeu o coro a "unis".

-Pois ese é o tío. E os demais son os sobriños.

Pasado o tempo chegamos a saber que a razón do título da orquestra era a seguinte: a maioría deles tiñan parentesco e, ben no primeiro apelido ou no segundo, todos levaban o de Sobrino. Compoñíana Juan Sobrino Pazos, Francisco Sobrino, Francisco Agilda Sobrino e o seu irmán Antonio Agilda Sobrino, naturais do lugar de Callobre de Oza dos Ríos, que se xuntaron para facer esta orquestra no ano 1943.

Spallant

Era un nome collido dunha orquestra francesa, pero despois aquí acabou chamándose "Espallante". Era unha das orquestras que usaban como elemento importante o acordeón.

Nos anos corenta e cincuenta foi director dela Enrique Suárez. Este home tiña certa facilidade para dar nome artístico aos músicos e así moitos dos nomes artísticos da época foron debidos a el: Marcelino López Chas "Candelas"; "Os Cebolos", que eran dous xémelos que cantaban; "O Tortas", que se chamaba Rogelio e aparte de ser aprendiz de xastre empezou a tocar o saxo; "Molina" a Pepe o Pachote; ou "Chan-Kai-Chek" a Felipe González. Estes nomes eran buscados moitas veces para diferenciarse no ambiente musical polos mesmos "afectados".

Nesta orquestra tocou o citado Felipe González, non o ex Presidente do goberno, senón o Presidente do "Hogar Musical", actualmente falecido.

Trovadores

A mediados dos anos cincuenta triunfaba en Madrid esta orquestra dirixida por Alfonso Saavedra. Un empresario de Madrid oíunos tocar na Coruña e contratounos para inaugurar a Sala de Festas *Rumbo*. O contrato nun principio era para pouco tempo pero acabaron tocando alí case dous anos.

Era unha orquestra ampla, ao estilo das big-bands. Algúns dos músicos que integraron esta orquestra foron: Os Eiroas, Cabalar, Varela de Bemantes, Francisco Sobrino, Ángel Paz, Marcial... posteriormente: Gerardo Miño de Vilamaourel, Maceiras, Zapata, Alfonso Saavedra, Presedo e Francisco Pena entre outros. Como cantantes estaban Pucho Boedo e Pucho Portela, o primeiro tiña un repertorio máis movido, "rumbero" e Portela era o das pezas máis pausadas.



TROVADORES. Normalmente esta orquestra invernaba en Madrid e veraneaba en Galicia. Foi no ano 1955 cando un empresario de Madrid os escoitou na Coruña e os levou para inaugurar a sala de festas "Rumbo". Daquela o xefe da orquestra era Alfonso Saavedra. Detrás: Ángel Paz, Alfonso Saavedra, Arturo, Antonio Cabalar. No medio: Pena; Manuel Rumbo "Blanquito", Eiroa (pai), Eiroa (fillo). Diante: Boniato, Pucho Portela; e un cantante cubano do que descoñecemos o nome. (Foto cedida por Manuel Eiroa).



TROVADORES. De esquerda a dereita: Gerardo Miño, Pallarolas, Zapata, Paquito, Antonio Maceiras, Francisco Sobrino, Alfonso Saavedra. A animadora non sabemos quen é. (Foto cedida por Manuel Zapata).



TROVADORES. Esta formación é de 1959. Detrás: Marcial Figueroa, trombón; Francisco Sobrino, trompeta; Francisco Pena, trompeta; Eiroa (fillo) trompeta; Pepe de Pazos, batería. Diante: Manuel Rumbo "Blanquito", saxo alto; Indalecio, saxo tenor; Manuel Eiroa (pai), saxo alto; Alfonso Saavedra, saxo baritono; Pucho Boedo, vocalista; Ángel Paz, guitarra; Antonio Cabalar, contrabaixo. (Foto cedida por Francisco Pena).



ORQUESTA X. Era o ano de 1940. Detrás: descoñecido, Sergio, Pepe Barral, Fernández (pianista), Pastor e outro irmán Fernández. Diante: Ricardo Morales, Manolito e Eugenio Barral. Como curiosidade hai que dicir que os xerseis se fixeron copiando un cartel de cine dunha película de esquiadores, e deron como resultado este curioso uniforme da orquestra.
(Foto cedida por Eugenio Barral).


Orquestra X e a Orquestra Radio

Estaba composta por Manolito, animador e vocalista; dous saxofóns. Un "alto" e outro "tenor", que os tocaban dous irmáns: Pepe e máis Eugenio Barral. A trompeta era o instrumento do Sr. Garrido, que fora músico da Banda Militar; o trombón, Pastor Asensio, músico da Banda Militar e director desta orquestra; dous irmáns, de apelido Fernández, que tocaban: un o piano e o outro a batería; e, por último o do contrabaixo, chamado Sergio, que era o que tiña máis idade de todos eles.

Foron moitos anos os que esta orquestra actuou no Liceo Recreativo de Artesanos de Betanzos, tantos que chegaron a se converter en algo así como "xente da casa". Se non podían vir eles a xente protestaba, aínda que foran substituídos por outro conxunto mellor. A simpatía de Manolito –que realmente era moi agradable– gañaba a tódolos socios. A este vocalista acaíalle moi ben o outro nome que tamén se lles daba aos vocalistas, o de animador. Simpático, amable, atento e cantaba bastante ben.

Cando lle chegou o momento a Sergio, o contrabaixo, de ter que se retirar foi substituído por Ricardito Morales, que tocaba, ademais do instrumento mencionado, o violín e a guitarra.

Ademais de músico, este rapaz dominaba outra arte: a pintura. Os salóns do Liceo destinados para bailar, estaban cheos de espellos, colocados nas dúas paredes de cada salón, uns fronte dos outros, co hálito ou bafo da xente que alí



Propaganda da orquestra X no Libro de Festas de Betanzos de 1947. No sentido das agullas do reloxo están: Manolito (arriba no centro), vocalista; Fernández, batería; Eugenio e Pepe Barral; Garrido (abaixo); Sergio; Pastor Asensio; Fernández, pianista.

estaba, poñíanse embazados. En canto el tiña uns compases de espera na partitura, xa estaba facendo a caricatura ou esbozo dun retrato de calquera das beldades que estaban bailando. Máis tarde, houbo outro cambio no conxunto, xa que se retirou o trompeta Garrido e substituíuno o trompeta Eiroa, a quen tamén despois, substituíu outro trompeta, de nome, Benito.

Aqueles bailes duraban practicamente toda a noite, ata case o amencer. Entón a orquestra, aló polas tres da mañá facía un descanso que ben merecía e a xente sentábase, ben no *ambigú* ou nun dos salóns destinado a este efecto, para refrescar. A bebida que máis se consumía era a sidra "El Gaitero". Pero os músicos, en compaña do fillo do Conserxe da Sociedade, na secretaría da mesma, tomaban un refrixerio a base dun surtido de pasteis, regado cunha bebida –daquela moi de moda– hoxe case desaparecida: "Manzanilla la Gitana". Un viño amontillado que levantaba aos mortos.


Cando a substitución de Sergio por Ricardito Morales, aquel –que xa vía vir a cousa, porque a vellez notábaselle– inscribiu ao seu nome persoal, no rexistro correspondente, o título que ostentaba o grupo musical, que era, como sabemos "Orquesta X". Ao saír el creou outro grupo que se chamou, así mesmo, Orquestra X, máis tarde, cando el xa non podía tocar, vendéulle-lo nome aos compañeiros.

Os outros tiveron que cambia-la denominación e puxéronlle "Orquesta Radio".

O cambio da denominación non sei se causaría prexuízos a, agora, Orquestra Radio. Con respecto aos bailes do Liceo seguiu vindo a orquestra de "Manolito".



ORQUESTA X. Os compoñentes da orquestra son: Pastor Asensio, tocaba o trombón; un dos irmáns Fernández, que tocaba a batería; Eiroa, trompeta; Ricardo Morales, violín e contrabaixo; Manolito, animador e vocalista; Pepe Barral, saxo alto; Sergio, baixo; Eugenio Barral, saxo tenor; Fernández, pianista. (Foto cedida por Manuel Eiroa e Eugenio Barral).



ORQUESTA X. No Casino, na Coruña. Detrás: Sergio, baixo; Fernández, batería; Fernández, piano. Diante: Pastor, un trompeta de Madrid; Manolito, vocalista; Ricardo Morales; Pepe Barral e Eugenio Barral. (Foto cedida por Eugenio Barral).



ORQUESTA X. Na inauguración do Liceo de Monelos (A Coruña). Detrás: Sergio, baixo; Fernández, batería; Ricardo Morales, violín. Diante: Pastor, trombón; non coñecemos o nome do trompetista, que era de Madrid; Manolito, vocalista; Pepe Barral, saxofón; Eugenio Barral, clarinete; Fernández, piano. (Foto cedida por Eugenio Barral).



ORQUESTA X. Esta é unha das moitas formacións desta orquestra. Descoñecemos a identidade do primeiro pola esquerda; o segundo, que toca o violín, é José Canle. A seguir: Toñito, Belarmino, Doval e "Chao Chao" co acordeón; o do baixo tampouco se coñece.
(Foto cedida pola familia de José Canle).



RADIO. Formación dos anos cincuenta. Detrás: Antonio Maceiras, batería; Pastor Asensio, contrabaixo; Aquilino, acordeón. Diante: Manolito, timbales; Benito Doldán, violín; Ricardo, violín; Eugenio Barral, frauta; Louzán, clarinete; o último da dereita co clarinete non sabemos como se chama. (Foto cedida por Eugenio Barral).



RADIO. A fotografía foi feita na Sala Saratoga, en Monelos (A Coruña), no ano 1958. Están nela: Aquilino, acordeón; Maceiras, batería; "Panocho", contrabaixo; Manolito, vocalista; "Marroquí", batería; Louzán, Alba e Eugenio Barral, saxofón. (Foto cedida por Narciso Louzán).



RADIO. Unha formación do ano 1959, na que aparecen os seguintes compoñentes: Aquilino, acordeón; "Marroquí", batería; Mosquera ou "Albañil de Cambre", vocalista; "Panocho", contrabaixo; Pastor, trombón; Louzán, saxofón; Benito, trompeta; José Lantes, trompeta; Eugenio Barral, saxofón tenor; José Alba, saxo alto. (Foto cedida por Narciso Louzán).



RADIO. En Madrid. A ringleira de atrás de todo está formada por: Pita, José Lantes, "O Valenciano", Fixoi, e Camba. Os que están nas escaleiras son: Abrodos, Louzán, José Álvarez Moar –sentado- "Edy Duming"(Jesús Domínguez), vocalista; Antonio Paz Vales, deseguido Manuel Rumbo Blanco "Blanquito"; e finalmente o director, Pastor Asensio. (Foto cedida por Narciso Louzán).



RADIO. A formación que aparece nesta fotografía é do ano 1953. Comezando por detrás: Agustín Abrodos Saya, batería; Pita, de Oza, contrabaixo; trompetas: Benito Doldán, José Gómez Lantes e Manuel Moris, de Bergondo; Argimiro Camba, trombón. Diante: Aquilino, acordeón; Pastor Asensi Pan, director; Jesús Álvarez Moar, saxo barítono; Narciso Babío, saxo alto; Francisco Rivas, clarinete; Manuel Rumbo Blanco e Eugenio Barral co saxo tenor.
(Foto cedida por Narciso Louzán).



RADIO. Procesión en Elviña. (Foto cedida por Narciso Louzán).



Eugenio Barral e un amigo diante do coche da orquestra. (Foto cedida por Eugenio Barral -fillo-)



RADIO. Esta fotografía é do ano 1961. Detrás: Paco Casal, batería; Aquilino, acordeón; Benito, trompeta; Lantes, trompeta; Pastor, trombón. Diante: "Panocho", contrabaixo; descoñecemos o vocalista; Pepe Alba; Louzán; Rivas e Eugenio Barral, saxofóns. (Foto cedida por Narciso Louzán).

Outras orquestras desta época



ATLANTIC. Orquestra de Torres (Miño) nos anos 50. Atrás: o do acordeón descoñecemos quen é; logo Pedro e Celestino Amado, coa batería. Diante: Raimundo e Leonardo Amado, saxofóns; Carlos, vocalista; Pedro Amado, trompeta. O outro animador e o trompetista non se coñecen. (Foto cedida por Celestino Amado).



BARRALES. Anos 40. Na parte de arriba, o primeiro pola esquerda é Moris; o segundo é Pepe, que tocaba a trompeta; Pepe Brandariz, animador e intérprete de "Jazz", era de Piadela (Betanzos); un saxofonista de Carral, do que non coñecemos o nome, e finalmente Enrique Barral. Abaixo: á esquerda un saxofonista (sen identificar) de Pravio (Cambre), e á dereita, Francisco Barral, que era o xefe do grupo. Esta orquestra, segundo nos comentou Antonio Barral, gañou un premio á mellor interpretación nun concurso que se fixera en María Pita.(Foto cedida por Eugenio Barral).



BELLAS LÓPEZ. De pé: do primeiro non coñecemos o nome, pero si que tocaba a trompeta; Silvar, clarinete; Pepe Pita, animador; "O Granxeiro", Enrique Duval, violín. Diante abaixados: Gerardo Bellas, violín; Enrique, acordeón; Ramón, violín. (Foto cedida pola familia do "Granxeiro").



BELLAS LOPEZ. Nunha festa en Sarandós (Abegondo) en 1954. Detrás de esquerda a dereita: Francisco Pena, Suso, Ramón, Manuel Manso e Anselmo. Diante de pé: Manolo, Manuel Silvar, Miguel de Grandal, Doce e "O Granxeiro". Sentados diante, con saxofóns, están dous membros da comisión de festas; no medio está o animador, Pepe Pita. (Foto cedida por Francisco Pena e familiares do Granxeiro).

Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira



BELLAS LÓPEZ. Esta fotografía corresponde a unha actuación da orquestra en Landrove (Viveiro) no ano 1954. Aparecen: López, pai do batería, acordeón; Quique López, batería; Manuel Silvar, saxofón; Miguel, trompeta; Francisco Pena, trompeta; "Granxeiro", trombón; e diante, Pepe Pita, animador. Faltan na foto Anselmo, o saxo, Gerardo Bellas, saxofón, e Ramón, o contrabaixo. Descoñecemos, iso si, a causa do desgusto da rapaza que está diante do palco... ¿serían cousas do querer?



BELLAS LÓPEZ. Formación de 1959. Detrás de esquerda á dereita: "Granxeiro", trombón; "Xolo", trompeta; Miguel, trompeta; Manolo Pardo, acordeón; o batería pode ser Pepe Pita. Diante: Manso, descoñecido, Doce e Silvar, cos saxofóns; Raimundo Pita, animador; Ramón, contrabaixo. (Foto cedida pola familia do Granxeiro).



BLUES. De esquerda a dereita: José, saxo alto; Piñeiro, saxo tenor; César, trompeta; Antonio, saxo alto; Manolo, trompeta; Suso López, vocalista; "Persi", vocalista; "Lobumba", batería; "Gildo", acordeón; Bujía, baixo. (Foto cedida por Francisco José Meijide).



BLUES. De esquerda a dereita: José, saxo alto; Piñeiro, saxo tenor; Celso, trompeta; Antonio, saxo alto; Manolito, animador; Manolo, trompeta; Toñito, animador; "Collantes", acordeón; Luis, batería; Bujía, baixo. (Foto cedida por Francisco José Meijide).



BOHEMIOS. Tiñan a residencia oficial na zona de Mondego (Sada). Estaba integrada, de esquerda a dereita por un saxofonista alto, de quen non puidemos descubrir o nome; a continuación, Serafín, saxo tenor; Pucho Boedo, vocalista; Díaz, acordeón e "Seva", trombón. Abaixados: Pepe de Pazos, batería, e Milucho, trompeta. (Foto cedida pola familia de Serafín Gómez).



BOHEMIOS. Unha formación do ano 1953. Arriba: descoñecido, Pepe de Pazos (de Sada), Pucho Boedo. Abaixo: Serafín Gómez, Manuel Martínez Veiga "Seva", Díaz, descoñecido, Milucho de Bergondo. (Foto cedida pola familia de Serafín Gómez).



Orquestra Breamo na festa do Espírito Santo do ano 1943. Segundo o Cancionero Popular Eumés *de José Paz Fernández, o do* jazz band *sería Felipe Pazos; o resto non se coñecen. Nesta orquestra había músicos de Centroña (Pontedeume), Sambollo (Miño), Boebre (Pontedeume) e San Xoán (Miño). (Foto cedida por José Antonio Penedo Bouza).*



CAPORALES. Foto de 1945. Inda que non tocaba, o director desta orquestra era Antonio Leira, máis coñecido por "Patolo". Os compoñentes da agrupación son, de esquerda a dereita na parte superior: César, Marcelino, Avelino, Raposo (acordeón), Antonio Leira Díaz ("Patolo"), Alejandro Pan, Celestino (sentado á batería), Ricardo Méndez (ao contrabaixo). Abaixados: o que toca o trombón non está identificado, e os outros dous son un trompeta do Vinte (Oza) e o animador Mahía Raposo. (Foto cedida por Celestino Amado).




CAPORALES. De esquerda a dereita: Alejandro Pan, Marcelino Cal, Ricardo Méndez, Raposo (acordeón), Mahía Raposo (vocalista), un músico de Andavao (Boimorto), Avelino, César e Celestino Amado (batería). (Foto cedida por Celestino Amado).



CASABLANCA. Ano 1953. Detrás: Marcial, trombón; Pepe "Pachote", trompeta; Guillermo, trompeta; Fraguela, batería; David, contrabaixo. Diante: Garrote, Fraguela e Piñeiro, saxos; "Emi", animador. (Foto cedida por Pepe "Pachote").



FINISTERRE (JAZZ MELODY). Era o antecedente da orquestra Finisterre, no ano 1950. De pé: Pastor, trombón; o terceiro "Carbón", contrabaixo; Juan, acordeón"; Fafián, maracas; descoñecido; Doval. Abaixados: Tomás Souto, saxo; Miguelín, vocalista; Rogelio Rey Mesura, clarinete. (Foto cedida por Tomás Souto).



HISPANIA. Principios dos anos cincuenta. Arriba: Tomás Souto, Antonio Ferreiro, Andrés Ramos, Andrés Ramos, Ramón Sordo e Artemio Formoso. No medio: Antonio Ferreiro, Alfonso García e Artemio Formoso. Abaixo: Alfonso García, Arturo Mirad, Andrés Ramos, Antonio Ferreiro e Tomás Souto. Como se pode ver nesta composición repetíanse os integrantes varias veces semellando unha orquestra máis numerosa. (Foto cedida por Tomás Souto).



IRIS. Era unha orquestra formada polos Mansos e os Cabalares. O de diante, coa guitarra vestido de traxe negro, é Manolo Martínez "Margaritas". (Foto cedida pola familia de Manuel Manso Castro).



LAMAS LA PIÑA. Detrás: Manuel Manso, Fontanilla, Leandro,Santi Par, Carballés, Domingo, Fornos, trompeta. Os dous dos extremos da mesa non os coñecemos, e o que está sentado no centro é Manuel Lamas. (Foto cedida por Francisco José Meijide).



LAMAS LA PIÑA. Santi Par era o vocalista. Detrás: Leandro, trombón; José María Lesta, trompeta; Víctor Manteiga, trompeta; José Leira, batería. Diante: case escondido Cipriano Montero, saxofón; Antón, saxo; Lamas, saxo; Téllez, acordeón; Zapata, contrabaixo. (Foto cedida por Manuel Zapata).



LAMAS LA PIÑA. Formación de 1954. De esquerda a dereita: Freire, saxofón; Lamas, frauta e saxofón; "Cochero", trompeta; Leira, trompeta; Téllez, acordeón; Aquilino, batería; "Santi Par, vocalista; "Carballés", contrabaixo. (Foto cedida por Tellez).

Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira



MALLO. Formación de 1954. Detrás: Antonio Mallo; Virginio Rivera, trombón; Suso, trompeta; Irineo, trompeta; os dous seguintes non sabemos o nome; Daniel Mallo, acordeón. Diante cos saxos: Miguel, Tomás Souto e Antonio Ferreiro. O animador é Jesulín. (Foto cedida por Tomás Souto).



MALLO. Nesta fotografía non figura a orquestra ao completo: faltan os que lle dan nome á orquestra. De esquerda a dereita aparecen: Pepe Marcote; Montes; Pepe; Manolo, o bateria; Blanquito; Suso, trompeta; e Moris. (Foto cedida por Pepe Marcote).



Integrantes da Orquestra Moderna de Coruxou (Irixoa) no ano 1945. Detrás, de esquerda a dereita: José López Freire, saxo; Vicente de Leonardo ("O Esperela"), saxo; Francisco Veiga Freire, trompeta; Xacobe da Pena (de San Xulián de Vigo, Paderne), clarinete. Os outros dous non sabemos quen son, un deles era o animador. Nesta orquestra tocaba tamén "O Perdís", de Ois, que tocaba o baixo, e Santiago López, de Coruxou, á batería. Paco Vázquez "O Pascua", de Aranga, que tocaba a trompeta tamén militou nesta formación. (Foto cedida por Francisco López).



PACHOTES. Formación de principios dos anos 50. De esquerda a dereita: José Porca Varela, saxo; "O Gallego" de Torres, saxo; o trompeta é de Callobre (Miño), pero descoñecemos o seu nome; Rodrigo, trompeta; Pena, trompeta. O vocalista é Máximo Carballal. (Foto cedida por Francisco Pena).



PACHOTES. De esquerda a dereita: "O Muiñeiro", vocalista, de Vilouzás (Paderne); José Muíño "Mollo" (pai), de Ambroa (Irixoa); Paco, de Culleredo; Manolo, da Granxa (Irixoa); Mandiá, de Betanzos; Celestino, de Pachote (Vilarmaior); Luis, de Meirás; Santiago, de Cambre; Tonio, de Areas (Paderne); e o derradeiro, que era o acordeonista, non lle sabemos o nome. (Foto cedida por Celestino Amado).



PACHOTES. De esquerda a dereita: José Muíño "Mollo", contrabaixo; Felipe Pazos, vocalista; Andrés Gallego, frauta e saxo; Celestino Amado, batería; Rodrigo Couce, trompeta; Jesús Rodríguez Porca, trombón; José Porca Varela e José Muíños, clarinetes e saxos. (Foto cedida por Celestino Amado).



PANCHÓN . Polo decorado que se pode ver na fotografía, esta foi sacada no Salón Moderno de Sada. Son os sucesores da Orquestra Panchón. Atrás: Chucho "O Lelo", á batería; o vocalista, do que descoñecemos o nome; Barral ao trombón. Diante: Mero, ao contrabaixo; descoñecido; Panchón, saxo; Mandián, saxo; e Julio Díaz, piano. (Foto do Arquivo Municipal de Betanzos).



PRÍNCIPES. De esquerda a dereita: Mella, Pepe Pita, Sanmartín, Presedo Veiga, Moncho, Zapata e Suso. Os dous últimos da dereita son o chofer e o dos altofalantes.

Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira



RAMBALTS. Na fileira de atrás: "O Castellano", trombón; Pepe de Mera e Sabín, trompetas; e á batería, Norberto. Na fileira de diante: Aníbal, "Xilo", Manolo "O Cambanés" e Mandiá, saxofóns; Luis Cerdeiriña, cantante e tamén tocaba o violín; e, por último, o acordeonista Díaz, de Sada.



RAMBALTS. Na parte máis alta: Manolo "Machorro" co trombón; Calaza e Sabín, trompetas; Norberto, batería. Diante: "Cambanés", "O Xilo" e Mandián, clarinete; como vocalista, que tamén tocaba o violín, Luis Cerdeiriña. O contrabaixo e o pianista non os identificamos. (AMB).




Ademais de Pucho Cobelo que era o animador, están de esquerda a dereita: Pepe, de Cesuras, Abeal, Xilo, Josué, José Porca Varela, Pepiño de Maniños (Fene), Eduardo de Sada, Purriños, Pepe "O Castellano", Sabín e Norberto. (Cartel cedido pola familia de José Porca Varela).



RAMBALTS. Nunha procesión en Voguellina (León) en xullo de 1962. De esquerda a dereita: Purriños, saxo; Manolo Cambanés, saxo; Pepe de Cortiñán, acordeón; Eduardo, trompeta; Varela, saxo; Norberto, caixa; Josúe, trombón; Mandiá, saxo; Xilo, saxo.

(Foto cedida pola familia de José Porca Varela).

Abaixo un cartel anunciador do baile na pista do Garapeto, *en Betanzos norte, coa actuación dos Rambalts. (AMB).*





RAMBALTS. Descoñecemos o trombón que está na fileira de atrás; o segundo é "Castellano"; o terceiro, que é trompetista, tamén é descoñecido; o cuarto é Sabín; a continuación está Norberto, na batería. Abaixo: O primeiro clarinetista non o coñecemos; seguinte é "O Xilo" e o seguinte "O Mandiá"; continúa o vocalista "Pucho Cobelo"; o acordeonista é García e o contrabaixo non o identificamos. (Foto cedida pola familia de José Porca Varela).



RITMO. Ano 1954-55. Detrás: Garrote, Fraguela, a continuación tres membros da comisión de festas, Pepe "Pachote" e Manolo Gestal. Diante: outro membro da comisión de festas; Piñeiro, saxo; Mato, batería e Marcial, trombón. (Foto cedida por Pepe "Pachote").



SOLANA. Ano 1955. Adolfo Ulloa, saxo tenor; José Lata, de Cesuras, saxo alto; Pedro Lata Naveira, saxo alto; José Medín, de Ferrol, na batería; José Ferreño, tuba; Tomás Lata, trombón; Andrés Ferreño (de Dordaño, Cesuras), trompeta. (Foto cedida por Adolfo e Antonio Ulloa).



SOLANA. Ano 1958. Detrás: Erias, trompeta; Ricardo Gomez, trompeta; Anibalito, acordeón; Claudino Vázquez, batería. Diante: Ismael Gómez, saxo; Adolfo Ulloa; Carro, vocalista e Antonio Ulloa, contrabaixo. (Foto cedida por Adolfo e Antonio Ulloa).



SOLANA. Ano 1959. De esquerda a dereita: Adolfo Ulloa; José Lata, maracas; Carro, cantante; José Regueiro, acordeón; Ricardo, trompeta; Antonio Ulloa, contrabaixo; Claudino Vázquez, batería. (Foto cedida por Adolfo e Antonio Ulloa).



SOLANA. Ano 1959. Aparecen, de esquerda a dereita: Ismael, saxo; Erias, trompeta; Adolfo Ulloa, saxo; José Regueiro, acordeón; Carro, cantante; e Claudino Vázquez, batería. (Foto cedida por Adolfo e Antonio Ulloa).



SOLANA. Detrás: Antonio Erias, trompeta; Ricardo, trompeta; Ramiro Bellón, acordeonista; Claudino, batería. Diante: Adolfo Ulloa, saxo; Ismael, saxo; Carro, cantante; Antonio Ulloa, contrabaixo.



SOLANA. Ismael, saxo; Adolfo Ulloa, coa pandeireta; Antonio Ulloa; descoñecido; Carro, cantante; Claudino, batería, tamén con pandeireta; José Regueiro, acordeón.
(Fotos cedidas por Adolfo e Antonio Ulloa).



SOLANA. Na festa do San Juan do Coto, en Medela (Cesuras). De esquerda a dereita: Erias, trompeta; Ismael Gómez, clarinete e saxo; Ricardo Gómez, trompeta; Adolfo Ulloa, clarinete; Anibalito, acordeón; Manuel Quindimil Carro, cantante; Antonio Ulloa, contrabaixo; bateria, Claudino Vázquez. (Foto cedida por Adolfo e Antonio Ulloa).



TROPICAL. Esta foto foi sacada o 17 de maio de 1953, na Pista Brigo de Betanzos. Atrás: o primeiro non sabemos quen é, Tino, Paco Vázquez "O Pascua" de Aranga, Paco de Santa Uxía de Ribeira. Diante: Ramiro, "Cambanés", "Pucho Cobelo" (vocalista), Fachal, de Pontedeume, e o batería, que era de Santirso (de Mabegondo) énos descoñecido. (Foto cedida por Pepe de Penas "Pucho Cobelo").

Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira



TROPICAL. Esta fotografía foi feita na vila de Meira, en Lugo, por Lombardero, o 4 de setembro de 1955. Detrás: "Canela", trombón; José Díaz, de Vilamourel (Paderne), trompeta; Paco Vázquez, de Aranga, trompeta; Tino, acordeón; Marcial, da Viña (Irixoa), batería. Diante: "Cambanés", saxofón; Ramiro, saxofón tenor; Varela, de Callobre, co saxo alto; "Pucho Cobelo", vocalista; Alfredo, contrabaixo e violinista. (Foto cedida por Pepe de Penas "Pucho Cobelo").



TROPICAL. Diante: Antonio Panete, saxo; Ramiro, saxo; José Porca Varela, saxo; o animador (sen identificar) e, o do acordeón, Villaverde. (Foto cedida pola familia de José Porca Varela).



YLLOBRE. Detrás: Antonio, tocaba o saxo alto; Cesáreo, tocaba a trompeta (está co platillo); Gildo, acordeón (co triángulo); "Chinito", batería (co baixo). Diante: Eliseo (saxo tenor); Manolo (trompeta). (Foto cedida por Francisco José Meijide).



Regino Deive

A APARICIÓN DOS "CONXUNTOS". A SAÍDA AO EXTERIOR E AS PRIMEIRAS GRAVACIÓNS
(Anos sesenta e setenta)

OS NOVOS RITMOS

A finais dos anos cincuenta vai chegar o rock and roll. Este ritmo causou sensación entre os norteamericanos, singularmente ao ser interpretado por Elvis Presley, mozo de aspecto histérico, que non cantaba mal, acompañándose el mesmo á guitarra. En vista do éxito, Hollywood produciu películas nas que incrustaron cancións co expresado ritmo de rock and roll. A cada exhibición un escándalo, unha batalla campal; os xoves rompen as butacas dos cines, así como as mesas e cadeiras das salas de festas; Elvis Presley faise millonario gravando discos e actuando na televisión.

Cruza o rock and roll as fronteiras e os escándalos, se cabe, son meirandes. Inglaterra, Dinamarca, Holanda, bailan –ou mellor dito– contorsiónanse ao compás do novo ritmo; chega este ao Sur de Francia, Italia, Portugal e España e, de momento, non causa grande sensación. Interprétase, báilase, pero sen esa fogosidade disparatada dos países anglosaxóns que pasaban do seu normal comportamento a unha verdadeira explosión, tanto de movementos como "berros".

¿Por que? Cuestión de temperamentos.



Os países latinos e latinoamericanos, inventaron, crearon ou descubriron –como vostedes queiran– ritmos dunha infinidade de clases: De aquí saíron os bailes máis enervantes, a música destes bailes obriga ao corpo ás contorsións, quizás máis difíciles para o bailarín –excepción feita dos rusos-. Temos sobrados exemplos no puro folclore das nacións latinoeuropeas e non digamos xa nos modernos ritmos centro e sudamericanos: sambas, candombe, rumba, danzón, guaracha, baiao...etcétera.

Orquestras populares das Mariñas



CUMBANCHEROS. Formación de finais dos anos cincuenta. José Luis Muñoz coa guitarra, Carlos González, Manolito, un cantante venezolano e Guillermo González. (Foto cedida por Carlos López "O Bo").

Pero iso non ocorre nos países anglosaxóns, xa que tiveron que apropiarse da música negroide por carecer, digamos, de espontaneidade, xa que os seus bailes: rigodón, polca, vals, galop... son ríxidos, aínda os máis rápidos, pois están sometidos a unhas normas que, digámolo dunha vez, eles non están afeitos a sobrepasar e nós si.

Pero volvamos ao rock, que leva o compás do reloxo que, polo tanto, é un ritmo monótono, sendo incomprensible que ao bailalo salten coma endiañados e estraguen todo o que atopen por diante. Pero os anglosaxóns son así: a algún se lle ocorreu, por calquera causa, facelo dese xeito e tódolos demais, aproveitando a ocasión de dar renda solta a ese animaliño que levamos dentro de nós e....¡fixéroncha boa!

Naqueles primeiros tempos de ditoso rock and roll, retransmitíase en todas, ou case todas as emisoras, na única versión que tiñan, que era a de Elvis Presley, sinceramente a mellor.

Nunha ocasión que estabamos nos estudios de Rádio Nacional de España na Coruña, Xosé Luís Muñoz e Xulio Cuns, co obxecto de acompañar ao cantante coruñés Richy Feal, que regresaba de Italia, onde estivera unha tempada longa, actuando nunha emisora daquel país, unha bonita canción que se titulaba: *A las seis es la cita*. Nun dos descansos ocorréuselle a Xosé Luís, cantar o ditoso rock and roll, en inglés, idioma que dominaba. Preparámolo nun santiamén. Cando o oíu Emilio Díaz, díxonos que pasaramos ao Estudio e foi a primeira vez que se



CUMBANCHEROS. Grupo de Betanzos. Na parte de abaixo, de esquerda a dereita: Muñoz,guitarra; Guillermo González, batería; Carlos González, saxofón; Pepe "Mollo", trompeta; Lito, contrabaixo.(Foto cedida por Carlos López "O Bo").

puido escoitar nunha emisora española, en directo e interpretado por alguén que non fora Elvis Presley.

O jazz perde popularidade e cede terreo á música folk. Isto leva a que haxa unha tendencia a reducir o número de integrantes das orquestras, que empezan a coñecerse co nome de "conxunto".

A canción foi requirida para fins sociais ou como canción protesta, destinada a sacudir o conformismo e levantar inquietudes. Déuselle así tanto na música folk como na canción protesta máis importancia ao texto que á música propiamente dita.

O aspecto xuvenil dos grandes éxitos do conxunto británico The Beatles desencadearon unha verdadeira ola de imitadores.

Os festivais da canción lixeira proliferan e nace tamén Eurovisión, dando unha dimensión internacional ao movemento musical da canción lixeira.

Aparece o twist e a bossanova, que tiveron a súa importancia xa que o baile deixou de ter aquel carácter de aproximación e xogo amoroso entre o home e a muller para pasar a ser como un éxtase rítmico individual onde cada un vai polo seu lado e ao seu aire.

Desta época hai que destacar a Joan Baez, Charles Aznavour, Doménico Modugno, Sandy Shaw, Massiel...



Os Mayorales en Madrid en 1961. Integran o conxunto: Ángel Paz, Antonio Cabalar, Lorenzo Valverde, Francisco Pena, Pepe e Pedro. O que está bailando no centro da fotografía é o famoso bailarín Antonio. (Foto cedida por Francisco Pena).

Na comarca e seguindo xa un movemento que viña da década anterior, créanse "conxuntos de corte moderno" como é o caso dos Celtas, Españoles, Vieirantes, Breogáns, Sabor Hit, Os Key, Players, Dukes...

Hai outras orquestras como Os Satélites, Trovadores, Finisterre... que van seguir co predominio dos ritmos de jazz e con numerosos integrantes.

Nestas décadas van aparecer os primeiros discos gravados: os Españoles, Breogan´s, Satélites, Sabor Hit, Player´s, Fantásticos, Finisterre... Discos gravados á presa, que andando o tempo convertéronse en todos uns clásicos, que demostra a calidade musical que atesoiraba a comarca das Mariñas.

A partir do ano 1960 regulaméntase todo o relativo aos espectáculos públicos, tanto os propietarios de locais de baile como os músicos. Os primeiros necesitaban un carné de empresa para poder facer bailes e os músicos para traballar debían dispoñer dun carné profesional que lles daba o Sindicato de Músicos. Sen este carné profesional non podían actuar nas orquestras. Conseguíase a través dun exame no que era obrigatorio tocar unha peza que escollía o tribunal. Os carnés podían ser de ámbito provincial, rexional ou nacional.

A SAÍDA AO EXTERIOR

Se ben na década dos anos cincuenta saen as primeiras orquestras fora de Galicia, como os Satélites, Trovadores, Celtas e Españoles, foi na década dos sesenta cando este movemento adquiriu maior importancia.



TROVADORES. Esta fotografía podíase titular "Regreso ao fogar", pois é a volta despois de traballar todo o inverno en Madrid, con saídas a outras poboacións. E dixemos ben, traballando, porque hai quen cre que os músicos, no canto de traballar, están a se divertir. A música é agradable, sedante ás veces, alegre e entretida. Aínda que esteas canso tírache do ánimo para brincar, cando tes algún remorso, faíche esquecer o que cho provocou... pero non é realmente así. Hai que saber poñer a faciana alegre inda que teñas un pesar profundo.
Pero agora acaban de chegar á Coruña. Dentro dun pouco, todos na casa. Os casados e con fillos, ao abriren a porta: "¡Neniños, correde que acaba de chegar papá!".
Xa están na estación coas maletas que abrirán ó chegar á casa, porque algo traerán para os seus. Sobre todo os nenos pensarán nun xoguete e as mulleres: "Bah, roupa para lavar".
As identificacións indícanse de esquerda a dereita; detrás das maletas: Cabalar (sentado); detrás, apoiado nel, Eiroa (fillo); botándolle a man polo lombo, Pucho Boedo; de pé, con vestimenta moi clara, Varela de Bemantes; diante deste e agochado, un músico sen identificar; seguindo a última fila aparece Eiroa (pai). Seguindo por atrás, un home alto e ancho, sen identificar; seguidamente aparece a cabeza de Ángel Paz; logo "Blanquito"; Sobrino; o segundo sentado, Alfonso; o terceiro, Marcial; e o último da dereita, tamén sentado, é Pucho Portela. (Foto cedida por Manuel Eiroa).

Seguindo a mesma tendencia que a sociedade galega, as orquestras proban sorte fora de Galicia. Este fenómeno adquire gran importancia e repercusión tanto artística como económica, e moitas delas tiveron grande aceptación. Temos orquestras viaxeiras como os Celtas, Trovadores, Españoles, Tamara, etc. Algúns grupos como os Tamara ou os Españoles foron creados unicamente para facer xiras polo mundo adiante.

As nosas orquestras oíanse no mundo enteiro, en América, Europa, África, Oriente Medio... e incluso no Xapón.



CELTAS DE ESPAÑA. Lito, violín; José María Velasco, guitarra; Baena, pandeireta; Eulogio Gestal, con outro violín; e Paco Casal, cantando. (Foto cedida por Paco Casal).



CELTAS DE ESPAÑA. Paco Casal, coa guitarra; Velasco, co contrabaixo; Lito, co saxofón; José Suárez, coas maracas; e Nicolás, coa trompeta. (Foto cedida por Paco Casal).



ESPAÑOLES. No Xapón cun grupo de gheisas no 1962. Están de esquerda a dereita: Marcelino López(Ferreiriño), José Luis Muñoz, Manuel Pérez, Antonio Moldes e Miguel Láiz. (Foto cedida por José Luis Muñoz).

Españoles

Tiñan xa unha estrutura de grupo moderno con poucos integrantes. Formado a finais dos anos cincuenta para actuar fora de España. A orquestra nun principio chamábase Los Celtas e despois Les Espagnols, para rematar como Españoles. Tiveron moito éxito en Alemaña, Holanda e triunfaron no Xapón, que daquela era como dicir no fin do mundo. En Alemaña chegaron a gravar un disco coa Casa Deustche Grammophon.

Solo eran cinco integrantes: José Luis Muñoz, Manuel Pérez, Miguel Láiz, Marcelino López e Antonio Moldes.

Nos anos setenta Ferreiriño e Lito regresaron a Galicia e seguiron tocando con este grupo por Galicia, aínda que os outros compoñentes variaron.



ESPAÑOLES. Manuel Pérez, tocaba o saxofón, clarinete e violín; Miguel Láiz, pianista; José Luis Muñoz, contrabaixo, guitarrista; Antonio Moldes, trompeta; Marcelino López, batería. (Foto cedida por José Luis Muñoz).





O de arriba é un "Single" o de abaixo un LP dos ESPAÑOLES gravado en Alemania pola casa Pulydor no 1962. (Arquivo Sonoro de Galicia. Consello da Cultura Galega).



Cartel anunciando aos Españoles en Tokio no 1962. Compartian actuación co conxunto Platters. (Foto cedida por José Luis Muñoz).

Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira



ESPAÑOLES. Pertencen xa a unha segunda etapa do grupo. De adiante a atrás aparecen: Marcelino López "Ferreiriño"; Manuel Eiroa, que substitúe a Moldes; Manuel Pérez "Lito"; González e Víctor, que substitúen a Muñoz e a Miguel.



ESPAÑOLES. De esquerda a dereita aparecen: González; Víctor, Lito; "Ferreiriño"; Valle de Oro; Noya (vocalista); e Willy Marambo (trompeta). (AMB).



VIEIRANTES.De esquerda a dereita: Manolito Bello, pianista; Pepe Marcote, saxofón; Paco Casal, batería; Tonecho, trompeta; Balcomero, saxofón. (Foto cedida por Paco Casal).

Vieirantes

Conxunto de corte moderno, organizado por Paco Casal. Fixeron o seu debut no Salón Brigo de Betanzos no ano 1963. Ese mesmo ano xa tiveron algunhas actuacións en Madrid nunha sala das máis importantes da capital como era a Sala de Festas *Flamingo*. O conxunto estaba composto por Manolito Bello, pianista; Pepe Marcote, saxofón; Paco Casal, batería; Tonecho, trompeta; Baldomero, saxofón. Nalgunha ocasión tamén formou parte del Antonio Leira "Patolo".

Sabor Hit

Conxunto fundado por Carlos González, e que estaba integrado por: Treviño, trompeta; Carlos González, piano; Manolo Iglesias, contrabaixo; Guillermo González, batería; Sierra, saxofón. O vocalista Luís Gardey facía actuacións na Televisión Española. Ata que tivo que deixa-la Orquestra, para atender á programación da Televisión. Foi substituído na orquestra por "Alvarito" (Álvaro Pita).

Tocaron por España adiante máis que na propia comarca. Chegaron a actuar na televisión –cando iso tiña o seu mérito-, e incluso gravaron un disco.

Segundo nos contou Guillermo González, cunha peza dese disco ocorreulles unha curiosa anécdota:

"Nunha das actuacións fomos parar en Madrid ao *Club Balboa*, que era exclusivamente para oficiais norteamericanos, e todo ía moi ben co noso



VIEIRANTES. José, que aparece tocando o piano do revés; Paco Casal, en actitude de "arriba las manos"; Tino, tocando a guitarra; Guillermo, deitado no chan, tocando a trompeta, supoñemos que pintando a mona*; e o Sr. "Patolo", sempre tan formal, pretendendo coidar as formas, á vista de tanta troula. (Foto cedida por Paco Casal).*



VIEIRANTES. Este grupo de músicos que figuran na fotografía non formaban unha orquestra determinada e, por isto, pedironlle a Paco Casal o permiso correspondente para utilizar o nome de Os Vieirantes, que figuraba a nome daquel. Aparecen aquí, de esquerda a dereita: Xulio, vocalista; Aquilino, piano; Pepe Marcote, saxofón; José Pita Rozados, trompeta; Breixo, batería e Gestal, baixo.
(Foto cedida por José Pita Rozados).



SABOR HIT. Foto promocional feita en Madrid, no estudio do cotizado fotógrafo Ibañez. Aparecen de esquerda a dereita: Treviño, Carlos González, Guillermo González, Luis Gardey e Manolo Iglesias. (AMB).

repertorio, pero cando chegamos á peza titulada "Al salir de la Bahía" comezamos a tocala e vemos que todos se poñen de pé como se tiveran un resorte e puxéronse en posición de firmes. A razón foi que uns compases da peza eran semellantes ao himno da mariña americana. Finalmente, despois do primeiro momento de apuro a cousa caeu en graza, e no tempo que estivemos alí era o mesmo público o que pedía que interpretaramos esa peza."

Mayorales ou Fantásticos

Esta foi unha destas orquestras viaxeiras, que chegaron a América, e incluso tamén ao Xapón.

Tiveron a súa orixe na orquestra dos Trovadores, e ao cabo de varios anos separaronse.Algúns deles no ano 1961, crearon a orquestra Mayorales. Estaba integrada polo cantante Lorenzo Valverde, Ángel Paz (teclista), Antonio Cabalar (baixista), José Gómez (Pepe de Pazos) (batería), Francisco Pena (trompetista e violín), Pedro López (saxo).



SABOR HIT. En Mallorca. Están de esquerda a dereita: Treviño, Carlos González, Manolo Iglesias, Guillermo González, Sierra e abaixado o cantante Luis Gardey. (AMB).



SABOR HIT. Estaban nunha gravación para a televisión. Carlos, piano; Manolo Iglesias, contrabaixo; Alvarito, cantante; Treviño, trompeta; Guillermo, batería. (Foto achegada por Carlos López O Bo).



SABOR HIT. En Mallorca. Están de esquerda a dereita: Treviño, Carlos González, Manolo Iglesias, Guillermo González, Sierra e abaixado o cantante Luis Gardey. (AMB).



SABOR HIT. Estaban nunha gravación para a televisión. Carlos, piano; Manolo Iglesias, contrabaixo; Alvarito, cantante; Treviño, trompeta; Guillermo, batería. (Foto achegada por Carlos López O Bo).



MAYORALES no ano 1961, ao pouco tempo de formarse o grupo. Ángel Paz, piano; Lorenzo Valverde, vocalista; Pedro López, baixo; Antonio Cabalar, violín; Pepe de Pazos, batería; Francisco Pena, violín. (Foto cedida por Francisco Pena).


Con esta formación actuaron un ano en diversos lugares de España. No ano seguinte integrouse Álvaro Pita "Alvarito" en lugar de Lorenzo Valverde. A partir de aquí comezaron as primeiras saídas fora de España, entre elas unha das máis destacadas foi ao Xapón no ano 1965, onde actuaron durante seis meses, incluíndo nese tempo unha viaxe polas cidades máis importantes coa gran cantante americana Connie Francis.

De regreso actuaron nas mellores salas de Madrid e pouco tempo despois volveron saír ao exterior, a Xordania, onde ían para actuar ao longo de sete meses, pero solo puideron traballar dous, xa que viñeron evacuados en avións norteamericanos por declararse a "Guerra dos seis días".

Isto non lles quitou as ganas de ir polo mundo adiante e volveron saír ao exterior.

Nunha das súas actuacións en Madrid, don José González, xerente do hotel "El Embajador" de Santo Domingo contratounos para o seu hotel, e así en novembro de 1969 fixeron Os Fantásticos a súa presentación en América. Primeiro a República Dominicana e despois Porto Rico.

Ao chegar a América presentouse un problema co nome, díxolles que esa verba, "Mayorales", non era moi adecuada para exhibila por alí, xa que toda a zona do Caribe –agás a República de Cuba– estaba naquela hora, baixo o dominio económico do dólar e, polo tanto, dos americanos, os que podían



Carátula do disco gravado en Madrid a mediados dos anos setenta. Aparecen de esquerda a dereita: Pepe Romero, cantante; José Leira, batería; Ángel Paz, órgano; Francisco Pena, trompeta e violín; Tony Rocha, saxofón; Antonio Cabalar, baixo e violín. Hai pezas como "Estampa Asturiana" e "Estampa gallega" compostas por Ángel Paz, que aparte de ser o organista do grupo, era tamén arreglista e compositor. Compuxo outras pezas como "Marinela", pasodobre; "Vou a Río", samba; "Ellas se casan", corrido mexicano, cunha letra moi simpática...(Achegado por Francisco Pena).



FANTÁSTICOS en Miami, na segunda xira americana no 1972. Estaba integrada por: Ángel Paz, órgano; José Leira "Pipo", batería; "Kolás", violín; Zapata, violín; Tito Calviño, cantante; Rocha, baixo. (Foto cedida por Zapata).

molestarse, dado que, entre outros motivos da Guerra de Secesión, un deles foi a supresión da escravitude dos negros, conseguida por Lincoln, que non foi ben acollida no Sur. E no Sur estaba o Grupo para traballar, cunha clientela maioritaria de magnates sureños, aos que non lles gustaría moito que lles estiveran recordando a aqueles "mayorales" que estiveran a cargo dos escravos negros.

Polo tanto Jaime Camino e José González, propuxéronlles cambia-lo nome por: "Los Fantásticos".

Despois de Porto Rico contratáronos para Nova York, onde polas súas actuacións recibiron o premio "Candilejas", que se outorgaba alí todos os anos ao mellor show hispano.

Chegaron tamén a actuar no Xapón. Posteriormente nos anos setenta volveron outra vez a rememorar os seus éxitos en terras americanas, traballando tamén en Porto Rico.



Dous carteis das actuacións americanas dos Fantásticos. Arriba con Julio Iglesias no 1968 e abaixo coas Piconeras de Puerto Rico. (Carteis achegados por Francisco Pena).




Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira



ATLÁNTIDA. Formación próxima aos anos oitenta. De esquerda a dereita: Antón, guitarra baixo; Manuel, guitarra rítmica; Luis "Ringo", teclado; Ricardo Fraguío, vocalista; Juan Pazos, batería; Pepe Pita, trompeta; José Gutierrez Barral, saxofón. (Foto cedida por Ricardo Fraguío).



AVENIDA. No ano 1979. De esquerda a dereita: Paquito de Oza, Antonio, Ramón Suárez, Ricardo Fraguío, José Castro "O Fotógrafo", Lucho e José. (Foto cedida por Ricardo Fraguío).



BAYAS. Grupo dos anos setenta. O que toca o órgano é Ángel Brandariz. Rajal, batería; Nemesio, saxo; Rubén, guitarra.(Foto cedida por José Antonio Amor).



BORRASCA. Formación de 1966. De esquerda a dereita: Toni, vocalista; Herminio, saxo; descoñecido; descoñecido; Agilda Sobrino, acordeón; Fraguela; Alfredo, contrabaixo. (Foto cedida por José Antonio Amor).

BREOGAN'S. No sentido das agullas do reloxo: con lentes, Manolito Iglesias, Pepe Pazos, Rafa Peinador, Sierra, Tonecho e Perillo. A fotografía da dereita aparece na cara posterior do seu primeiro disco "A bailar con Os Breogan's", de Columbia, gravado en 1977. (A foto foi cedida por Ton Iglesias e a carátula do disco polo Arquivo Sonoro de Galicia, do Consello da Cultura Galega).









"Bailando con Os Breogan's", de Discos Ruada gravado en abril de 1980. (Imaxes cedidas polo Arquivo Sonoro de Galicia. Consello da Cultura Galega).



BROSAS. É unha agrupación musical da Coruña, constituída para alternar nun espectáculo con outro grupo de moda en Granada, chamado "Las Amazonas". De esquerda a dereita: Juan, batería; Juan Sobrino, saxo alto; Antonio Pérez "Flecha", piano; José Pérez, guitarra; Bujía, saxo tenor. (Foto cedida por José Antonio Amor).



CAPRIS. Este grupo ferrolán está integrado polos seguintes músicos: Fernando (primeiro pola esquerda), piano; Riego, saxo; Cebral, cantante; Cupeiro, trompeta; e Lito, batería. (Foto cedida por Fernando Fernández).



CAPRIS. Arriba Pedro Cupeiro e Ringo. No medio Fernando Fernández, e abaixo Lito e Pepe Rivas. (Foto cedida por Fernando Fernández).



CAPRIS. Ano 1970. De esquerda a dereita: Cupeiro, trompeta; Lito, batería; Pepe Rivas, vocalista; Fernando Fernández, piano; "Ringo", saxo. (Foto cedida por Fernando Fernández).



COSMOS. Castro, trombón; Varela, cantante; Jaime, saxofón; Pereiro, batería; Andrés Dacosta, guitarra; descoñecido; descoñecido; Manolo Díaz Fraga, baixo.
(Foto cedida por José Antonio Amor).



DIAMANTES. Actuación en Radio Juventud. Perillo, batería; Jesús, baixo; Guillermo, trompeta; locutor da radio; Fernando, piano; Piñeiro, saxo; Manolo, saxo alto.
(Foto cedida por Fernando Fernández).



DIAMANTES. Detrás, de esquerda a dereita, están: Alejandro Téllez, contrabaixo; Guillermo González, batería; José de Sada, acordeonista. Diante: Fixoi, saxo tenor; Antolín, saxo alto; o vocalista Suso Vaamonde; Tonecho, trompeta. O cantante Suso Vaamonde, que non se debe confundir con desaparecido representante da canción protesta galega.(Foto achegada por Carlos López O Bo).



DIAMANTES. Guillermo, trompeta; Piñeiro, saxo; Paco, batería; Peinador e Gelucho (de pé), vocalistas; Lojo, órgano; Manolo, saxo; Jesús, baixo. (Foto cedida por José Antonio Amor).



DUKES. Grupo integrado por: Juan Sobrino (parte alta á esquerda), Pedrito, Pepe Pita, Floreal. Abaixo: Tomás, Vieiro e Miguelín. Tiñan o domicilio na rúa da Galera, nº 55, que era un bar, coñecido como a Tacita de Oro, *onde se xuntaban todos os músicos da Coruña e dos arredores. Alí facíanse contratas. Normalmente o que estaba no mostrador xa era un músico, en activo ou xubilado. Os propietarios dos salóns de baile, salas de festas, pistas, así como aqueles que sempre eran os "vicarios" das festas e romarías, sabían cos ollos cerrados onde estaba este bar. O que non se atopaba alí non se atopaba en ningures. E xa sabían todos os músicos que para conseguir "tomar unha loma", había que estar ao rente da "Tacita de Oro". (Foto cedida por Juan Sobrino).*



DUKES. Ano 1962 no Pasatempo en Betanzos. De esquerda a dereita: Pedrito, Floreal, Tomás Souto, Miguelín (vocalista), Vieiro e Pepe Pita.(Foto cedida por Tomás Souto).



FINISTERRE. Ano 1975. Instrumentistas, de esquerda a dereita: José Peña, saxofón alto; Manolo, saxofón tenor; Marcote, saxofón barítono; Arturo, pianista; "Yanki", percusión; Toñito, contrabaixo; Anselmo, trombón; trompetas Valdés e Pepín. Con traxe branco os dous vocalistas, Fernando e Jorge. (Foto cedida por Pepe Marcote).



FINISTERRE. De esquerda a dereita, na ringleira de atrás: Rogelio, Manolo, Pena, Pepe Marcote, Carlitos, Nadal, Valdés, Anselmo. Abaixados: Arturo; Pedro, cantante; Jorge, cantante; Toñito. (Foto cedida por Pepe Marcote).



Carátula do disco da orquestra Finisterre editado por Ruada, S.A. e, que foi gravado nas instalacións de Radio Nacional de España na Coruña, no ano 1981. (Arquivo Sonoro de Galicia. CCG).



No torreón de Pontedeume no ano 1971. Integraban o grupo: Coira, saxo; o baixo que non sabemos como se chama; Totó, batería; Raúl, organista; Ángel Rey, cantante; Moncho, trompeta e Tito, guitarra. (Foto cedida por José Antonio Amor).



J-5. Mediados dos anos setenta. Estaban: Chely, guitarra, trombón e trompeta; Leira, baixo; Pepe Rivas, cantante; Totó, batería; Manolo trompeta; Coira, saxo; Raúl, órgano; Chely, trombón. (Foto cedida por Chely).



KADETES. Ano 1962, formábana os seguintes: Agustín Pita, guitarra; Luis Pallarolas, saxo; Eiroa (pai), saxo; Luis Rodríguez "Fixoi", batería; Lito Galán, animador; Pedro Ramos, trompeta e Alfonso Lesta, guitarra. (Foto cedida por Luis Rodríguez "Fixoi").



KEY. Anos setenta. Fernando Garcia, Agustín Abrodos Saya, Pepe Alba, Pedro Ramos, Constantino Fernández Castiñeira e Marcial Figueroa, que estaba substituíndo a Pedro Ramos de Bergondo. (Foto cedida por Agustín Abrodos).



KEY. Pepe Alba, saxofón; Agustín Abrodos Saya, batería; Fernando García Gómez, guitarra; Tino Fernández Castiñeira, piano; José, guitarra; Pedro Ramos Bergondo, Trompeta. (Foto cedida por Agustín Abrodos).



KUNKAS. Anos setenta. Zapata, José Luis, Toñito, Díaz, Kolás, Pepín (cantante). (Foto cedida por Manuel Zapata).



KUNKAS.



L 6. Este grupo poñía como o seu enderezo o do Hogar Musical. Estaba integrado polos seguintes músicos: arriba, Amaro, Casal e José Vidal; abaixo: Segismundo Regueiro, Juan Sobrino e Juan Bujía. (Foto cedida por Juan Sobrino).



LAMAS LA PIÑA. De esquerda a dereita: Paco, trompeta; Ferraces, batería; Luis Pita, saxo; Lino Varela, saxo; Pepe, contrabaixo; Cipriano Montoro, saxo; Luis Castro, piano; José Meilán, trombón; José María Leira, trompeta; Antonio Varela, saxo; Ángelo Lorray; e Santi Par, os dous últimos vocalistas.



PIÑA FERROLANA. Formación da década dos 70. De esquerda a dereita: Julio, saxo; Vega, ferrolán, batería; Meilán, trombón; Pepe de Maniños, contrabaixo; Leira, de Pontedeume, trompeta; Santi Par, sentado, vocalista; Antonio, de Pontedeume, saxo; Lino, saxo; Paco, de Aranga, trompeta; "Aldea", piano. (Foto cedida por Juan Sobrino Ceballos).




MALLORCA. Era das Pontes de García Rodríguez. Detrás: José Ramos, Artemio Formoso e Andrés Alvariño "Moeche". No medio: Servando López, Serafín Cascudo e José Piñeiro. Diante: Andrés Campos, Domingo Ferreiro e Andrés Ramos. (Foto cedida por Antón Ferreiro).



MARCIANOS. Esta orquestra era da Coruña e estaba integrada polos seguintes músicos: Adolfo Ulloa, saxo; Seoane, saxo; José Luis, cantante; o que toca o contrabaixo, era de San Pedro de Nós (Oleiros). Atrás: o trompetista, de Tabeaio; Manolo, tamén trompeta; e o acordeonista,coruñés e sen identificar. (Foto cedida por Adolfo Ulloa).



MARINES. Formación do 1962. De esquerda a dereita: Miguel (dos Spallant), Gerardo Miño de Vilamourel (xefe do grupo), o animador (descoñecido), Eugenio, Manolito e Josué. (Foto cedida por José Antonio Amor).



MUSICAL-6. Anos setenta. O primeiro pola esquerda é Miguel o fundador do grupo, tocaba a trompeta e a guitarra; Paco, batería; descoñecido; Miguelito, órgano; descoñecido; Silvar, saxo tenor e Manolo "Aldea". (Foto achegada por José Antonio Amor).



PLATINOS. En 1960, ano da súa fundación. De esquerda a dereita: Crespo Fernández, Arito, Tomé, Crespo, Pepe "Pachote", Manolo e Fulgencio. (Foto cedida por Pepe "Pachote").



PLATINOS. De esquerda a dereita: Crespo, Manolo, Tomé, Fulgencio, Pepe "Pachote", Pepe Crespo e (outro) Crespo. (Foto cedida por Pepe "Pachote").



PLAYERS. Na ponte do Pedrido no ano 1966. Están: Burgos (saxo); José Manuel, voz e guitarra; Víctor Sanmartín, trompeta; Manolito, organista; Suso, batería. Máis tarde tamén actuou con eles Pepe "O Mollo", que tocaba a trompeta.

Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira



PLAYERS. Esta fotografía é a da carátula do disco gravado por esta orquestra para a discográfica Polydor. Esta gravación estaba integrada por pezas, daquela moi de moda: Galicia dos meus amores, Calusa, Cuando anochece, Black is black, Quer que lle quer... *Os músicos que interviñeron na gravación son, de pé e atrás: José Manuel, vocalista; Manolito, pianista; Burgos, saxo. Diante: Mollo, trompetista; Víctor Sanmartín, trompetista; e Suso, batería. (Foto cedida por José Antonio Amor).*



Carátula dun "single" dos Players. As simpáticas caricaturas dos integrantes do grupo foron realizadas por Siro. (Imaxe cedida polo Arquivo Sonoro de Galicia, do Consello da Cultura Galega).



PLAYERS . A finais dos anos setenta. Detrás: Víctor Sanmartín, trompeta; Suso, batería; Tito, vocalista; Manolito, piano. Diante sentados: José Manuel, vocalista; Burgos, saxo e "O Mollo", trompeta. (Foto cedida por Fernando Fernández).



PYBES. Grupo de Pontedeume no ano 1969. Intégrano: Ramón María Piñeiro (Cheria), Xosé Leira Rivas, Quintia Castronuño "Pybe", Xosé Manuel Leira Prego, Xosé A. García. (Foto tirada do Cancionero Popular Eumés de Xosé Paz Fernández).



RAMBALTS. Na fotografía non aparece a orquestra completa. Os membros presentes, no salón en Ois (Coirós). De esquerda a dereita: Xilo, saxofón; Pepe Marcote, saxofón; Ricardo Fraguío, vocalista; Eduardo, trompeta; Sabín, trompeta; Villaverde, acordeón. (Foto cedida por Pepe Marcote).



RAMBALTS. Formación de 1968. Detrás: Pepe Marcote, saxofón; Eduardo Portela (de Sada), trompeta; Villaverde, teclado; Pedrito, guitarra; José Sabín, trompeta. Diante: Norberto Couce; Ricardo Fraguío, vocalista e Manolo "O Xilo", saxofón. (Foto cedida por Ricardo Fraguío).



RAMBALTS. Formación do ano 1968. De esquerda a dereita: Pepe Marcote, José Sabín, Pedrito, Ricardo Fraguío, Eduardo Portela, Norberto Couce, "O Xilo", Villaverde. (Foto cedida por Ricardo Fraguío).



RAMBALTS. Formación de 1972. De esquerda a dereita: Pedrito, Eduardo, Moncho Couce, Manolo "Xilo", Sabín, Villaverde, Pepe Marcote e sentado diante, Ricardo Fraguío. (Foto cedida por Moncho Couce).



RITMO CLUB. Detrás: José Canle, trombón; Benjamín da Graña, trompeta; Esqueira, batería. Diante: Antonio Cal Purriños, saxo; Paco de Cerneda, saxo; Ricardo Fraguío, vocalista e José María, contrabaixo. (Foto cedida por Ricardo Fraguío).



SARATOGA. Na fotografía aparece a orquestra e un par de parellas bailando. Este baile tivo lugar no Liceo Recreativo de Artesanos, *de Betanzos, o día 6 de xaneiro de 1960, festividade dos Reis Magos, como era costume todos os anos. Este ano tiña unha significación especial: ese mesmo día, no ano 1948, contra as 12 ou a 1 do mediodía, derrubárase unha boa parte do edificio Liceo.*

Non houbo máis ca dous ou tres feridos, e ningún de gravidade (o peor parado rompeu unha perna). Se acontecese pola noite, a desgraza sería descomunal, con centos de damnificados que estaban a celebrar o baile. Esta mesma orquestra, que estaba contratada para amenizar o baile, ofreceuse para tocar o día da reinauguración sen cobrar nada. Integraban a orquestra: Sabín, que non aparece no cadro da foto porque estaba máis á esquerda tocando a trompeta; David, Mauriz, Tonecho, trompetas; Quique, batería. Diante: Esteban, Pepe Marcote, Andino e Zapata, saxofóns; Pepe Vergara, vocalista; Castro, que era o xefe, tocaba o baixo. (Foto cedida por Pepe Marcote).



¡Se os que son artistas.....! Arriba: Julio Villanueba, Manuel Pérez "Lito" e José Castro. Abaixo: José Muiño "Mollo", Paco Casal e Víctor Manteiga. Integrantes todos eles da orquestra Saratoga no ano 1964. Abaixo o mesmo día a orquestra ao completo, detrás: Vázquez, Julio Villanueva, José Castro, Zapata e Pineño. Diante: Sobrino, Paco Casal, Víctor Manteiga, Manuel Pérez "Lito" e José Muiño "Mollo".
(Fotos cedidas por Paco Casal).



Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira



SATÉLITES. Formación do ano 1964. Detrás: Luis "Fixoi", batería; Manuel "Cochero" e Doval, trompetas. No medio: Béjar, baixo; José Sancho, Marcial Figueroa e Virginio Romero, trombóns. Diante: Emiliano Redondo, piano; Toni Vía Amor, animador; e cos saxos: Manuel Mourullo, Sierra, Crespo, Baldomero e Carlos. (Foto cedida por Luis Rodríguez "Fixoi").



SATÉLITES. Carátula dun Single gravado no 1974 en Madrid. Do pianista e do guitarra-baixo non sabemos o nome. Os da ringleira de atrás, de esquerda a dereita: Fixoi, á batería; Cochero, trompeta; "Tonecho de Joros", trompeta; Doval, trompeta; Camba, trombón. Diante: Fixoi, saxo tenor; Narciso Pillo, saxo alto; Louzán, saxo alto; Baldomero, saxo tenor e Serafín Gómez Brea, saxo barítono. O vocalista é Sito. (Foto cedida pola familia de Serafín Gómez).





Algúns dos discos gravados polos Satélites a mediados dos anos setenta. O de arriba un single editado pola Casa Valor en 1974. O da dereita un LP editado por EMI-Odeon en 1975. O de abaixo, tamén un LP editado pola mesma casa en 1976. (As imaxes das carátulas fóronnos cedidas polo Arquivo Sonoro de Galicia. CCG)



Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira



SALLYV'S. O nome desta orquestra vén dun café cantante da Coruña que se chamaba Villas, ao que lle invertiron o nome. De esquerda a dereita: Herminio "Charamela", Alfredo, Jaime, Adolfo, Tino Sanmartín e Fernando García Gómez. (Foto cedida por José Antonio Amor).



SALLYV'S. Herminio "Charamela", Jaime, Adolfo, Toni Meijide, que era o cantante (de Vilasantar), Alfredo e Agilda. (Foto cedida por José Antonio Amor).



6 DE GALICIA. Formación de 1973. Detrás: Pepe Sabín, Ángel "O Gemelo" e Raúl. Diante: Toñito, Manolo e Pepiño. (Foto cedida por Pepe Sabín).




6 DE GALICIA. Formación de 1974. Os 6 de Galicia convertéronse en 7. Detrás: Toñito, Quique, Pepiño e Manolo. Diante: Pepe Sabín, Ángel "O Gemelo" e Raúl. (Foto cedida por Pepe Sabín).

Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira



TAMARA. Arriba, de esquerda a dereita: Enrique Paisal, Ángel García Seoane "Gelo", Perillo, segue un músico sen identificar e Prudencio Romo. Os dous sentados son: Pucho Boedo e Romo (irmán de Prudencio). (Foto cedida por Fernando Fernández).

Abaixo un "single" editado por Zafiro en 1978. Nel unha das pezas máis famosas do grupo como foi "A Santiago voy", que cantaba Pucho Boedo. (Arquivo Sonoro de Galicia. CCG)





TARANTOS. De esquerda a dereita: Alberto, cantante; Pepe, trompeta; Ángel, batería; Fernando, piano; Pepín, guitarra; e Jaime, saxo. (Foto cedida por Fernando Fernández).



*TARANTOS. De esquerda a dereita, na ringleira de atrás: Pepe, trompeta; Fernando Fernández Pérez, acordeón, piano e órgano; Jaime Vázquez, saxo; Alberto, cantante. Diante: Guillermo, guitarra e cantante; Ángel Pereiro, batería. Dous dos compoñentes deste grupo, Fernando Fernández e Albertito Madaría –co nome artístico de cando era neno–, foron moi precoces na súa dedicación á arte: Fernando tocaba o acordeón tan cativo que armaba máis o instrumento ca el. Albertito Madaría, comezou en Radio Nacional de España, na Coruña, recitando versos de grandes poetas españois; concursou no "*Desfile de Estrellas*" e integrouse na "Caravana de la Alegría".*
(Foto cedida por José Antonio Amor).



TREBOL. Formación de mediados dos anos 70. Detrás: Antonio Cabalar, Pedro Canosa, Francisco Pena e Pedro Cabalar. Diante: Peñas, Cebral (o cantante) e Jacinto Paredes. (Foto cedida por Francisco Pena).



TREBOL. Mediados dos 70: Antonio Cabalar, Francisco Pena, Pedro Canosa (coa guitarra), Peñas e Pedro Cabalar. (Foto cedida por Francisco Pena).



TREBOL. Formación de mediados dos anos 70. Detrás: Antonio Cabalar, Pedro Canosa, Francisco Pena e Pedro Cabalar. Diante: Peñas, Cebral (o cantante) e Jacinto Paredes. (Foto cedida por Francisco Pena).



TREBOL. Mediados dos 70: Antonio Cabalar, Francisco Pena, Pedro Canosa (coa guitarra), Peñas e Pedro Cabalar. (Foto cedida por Francisco Pena).



TROPICANA. Carlos, Chico Salas, un saxofonista e un batería venezolanos, Manolo e Treviño.(Foto achegada por Carlos López "O Bo").



ORQUESTA X. Ano 1964. Detrás: Antonio Neira Senín, "O Chó", Antonio Yllanes, José Couceiro, José Díaz Varela, José Porca Varela. Diante: José Loureiro, Benito Golpe Grela, Alfonso Andrade, Guillermo, Suso Gestal. (Foto cedida pola familia de José Porca Varela).



ORQUESTA X. Formación de 1965. Detrás: José Canle, trombón; José Díaz Varela, trompeta; Suso Gestal, trompeta; Pepe "Guá", batería; Arturo Doval, baixo. Diante: saxofóns: Jesús Mallo "Carballés", José Veiga, José Castro "Carraliño" e Santiago García; Ricardo Fraguío, animador; Alfonso Andrade, acordeón. (Foto cedida por Ricardo Fraguío).



ORQUESTA X. Formación de 1969. Detrás: Antonio Yllanes, trombón; Antonio Neira Senín, trompeta; José Díaz Varela, trompeta; José Couceiro Mosquera, batería. Diante: José Porca Varela, saxo; "O Chó", saxo; José Loureiro, saxo; Suso Gestal, guitarra; Alfonso Andrade, teclado. (Foto cedida pola familia de José Porca Varela).



ORQUESTA X. Detrás: Manuel Gestal, Antonio Neira Senín, José Díaz Varela, Manuel Pérez Beade, José Porca Varela. Diante: Alfonso Andrade, Manuel Cibreiro, Eduardo Calvete e José Couceiro Mosquera. (Foto cedida pola familia de José Porca Varela).



Lito.

COUSAS DE MÚSICOS

AS CONTRATAS

Os vicarios para levar a acabo os tratos moitas veces dirixíanse a algunha orquestra ou músico dela que era xa coñecida e que se tiña de man xa dun ano para outro. Nos casos nos que non acaecía isto era preciso dirixirse a un lugar determinado no que se reunían aos músicos, que non sabemos porqué sempre era un bar, e alí poder facer o trato.

Un dos lugares onde había máis problemas era na Coruña, onde os músicos estaban pola rúa ofrecendo os servizos, polo que se viron na necesidade de ter un local apropiado. Xurde así no ano 1969 o "Hogar Musical".

O primeiro local, inaugurado polo ministro de interior daquel tempo, don Juan José Rosón, foi na rúa Juan Flórez e despois xa no actual da praza de España nº 8-1º.

O edificio foi adquirido polos músicos da Coruña, que recadaron os cartos a base de festivais. Actualmente segue sendo propiedade deles.

Ás portas do verán o local era un fervedoiro, alí había sempre moitos músicos, propietarios de salas de festas e vicarios en xeral. Fixéronse moitos contratos, fixéronse e desfixéronse orquestras e tamén se bautizou con nome artístico a moitos músicos e animadores.

Hai poucos anos apareceron os representantes. Esto fixo que as cousas cambiasen de sistema.

Volvendo ao asunto, esto acaecía na Coruña, pero nos pobos máis pequenos seguíase o sistema tradicional:

Unha das máis antigas orquestras da comarca, que pasou por moitas vicisitudes ao longo dos anos en canto á súa calidade, dependendo, naturalmente, dos músicos que en cada momento a integraban. Na época na que ocorreu o suceso que imos relatar, non estaba moi boiante pero, emporiso seguía traballando moito, inda que non por esta zona. Víñana a contratar de moitos lugares das provincias de Lugo, de Ourense e mesmo de León e de Zamora.

En todas estas orquestras había un dos seus compoñentes que se encargaba dos contratos e, nesta que eu falo, o encargado era o que tocaba a batería que, se como músico non sería ningún virtuoso, como tratante non o había mellor. Hai xente que nace con ese don para o que se requiren moitas facetas: ter bo carácter e mostrarse agradable á outra parte contratante; ser algo psicólogo; ter boa

memoria para acordarse do sitio para onde o queren contratar, por mor lle dicir ao outro que aquel é un lugar onde irían tocar de balde se non fora que os músicos teñen que vivir do que gañan; saber unha manchea de refráns, ditos e proverbios para ir soltándoos oportunamente na conversa, que non sempre xira arredor da contrata; ter unha boa capacidade estomacal para asimilar tódalas cuncas, cafés, copas e demais libacións que é obrigado facer cando se está efectuando un trato, mantendo o entendemento claro, para ver de pillar ao outro ou, cando menos, que o outro non te pille a ti.

Todas estas facultades e moitas máis, tíñaas o noso batería quen, un día de feira, pasadas as once da mañá, atopábase no café Capitol tomando unha cervexa cando se lle acerca un home louro, duns corenta anos, que xa se dirixiu directamente ao músico chamándolle polo nome, sinal que xa o coñecía.

-¿Como estás, ho? Precisamente andaba á túa procura.

-Pois xa ves. Eu agardando por ti. ¿Como che vai?

-Moi ben. Por ti non pasa un día.

-Un día non, que non se nota. Pasan os anos. ¿E que tal por alá?

-Coma sempre. Aquilo é todo unha rutina, ata que vai chegando a festa.

-E agora ben axiña.

-Si. Ti xa sabes que é para os Delores.

-Home; non hei saber. Non é a primeira vez que toco aló.

-E penso que non será a derradeira. Este ano terás que volver...

-Iso está feito.

-...terás que volver se chegamos a trato.

-Malo será.

-O último ano que estivestes á xente pareceulle moito o que cobrastes.

-Que imos cobrar, oh. Pódese dicir que nós traballamos polo caldo.

-O que vos cobrades chega pro caldo e para as talladas e sobra pro viño, cafés e boas copas.

-Agora que falaches do viño imos emborcar unhas cuncas por aí adiante.

Saíron do café e metéronse polas calexas do Campo que visitaron paseniño pero arreo. Seguiron falando de mil cousas pero, de cando en cando, un ou o outro, sacaba a conversa da festa dos Dolores daquel pobo de Ourense agachado tras dunhas enormes montañas, preto de Portugal.

-¿E aquel trompeta que foi a última vez, inda segue na orquestra?

-Sómo-los mesmos agás un saxofón, o tenor, que o cambiamos por outro que é un fenómeno.

-¿E o vocalista, aquel rapaz noviño e miúdo, tamén está?

-¿Pucho Cobelo? claro que está e cada día canta mellor.

Cando xa non quedaban máis tabernas nas calexas atravesaron o Campo e



foron cara ao Rollo e, unha vez alí, entraron no Bo, que era un bar de músicos. Xa o eran os propietarios e tamén moitos dos clientes. Pediron máis viño e algo para comer porque senón o viño roia no estómago.

-Agora vai sendo hora de mirar se chegamos a trato.

-¿E a cousa como vai ser: a mantido ou comemos pola nosa conta?

-Terá que ser a mantido porque alí non hai hoteis, fondas nin pousadas.

-¿Cantos días son de festa?

-Dous.

-Pois... –despois de botar contas mentalmente– son doce mil reais e sesenta pesos.

-Ti toleaches.

-¿Paréceche pouco?

-O que me parece é que estás estudando para ladrón.

-Esa peza tamén a temos no "repertorio".

E púxose a cantar:

Estudié para ladrón
y al terminar la carrera
lo primero que robé
fueron tus ojos, morena.

-Canta, canta. Cántanche no papo os doce mil reais, pero agarda por aí que xa te chamarei.

-Pois a ver que atopas por menos cartos.

-¡A varrer! –dixo o ourensán abrindo e xuntando os dedos das mans.

-Home, si. Pero... ¿que músicos? Porque aínda hai clases.

-¡Bah, bah, bah! ¿Así que doce mil reais e ...?

-E sesenta pesos, que son para o dos "altavoces".

-Pois mira, por eses cartos levo a Banda de Alongos.

-Levas, oh. Pero ten en conta que che comen un bocoi de guiso.

O PREZO XUSTO

Un dos donos dunha pista de baile de aquí dos arredores tiña un serradoiro con xente contratada para andar na madeira. Coincidiu que tres dos xornaleiros eran músicos e había pouco tempo que formaran unha pequena orquestra. O caso foi que ao patrón facíalle falta unha orquestra para o domingo e daquela faloulles aos empregados da posibilidade que fosen eles quen tocasen.

As dúas partes estaban interesadas xa que por un lado ao patrón quitábanlle un problema de enriba e aos da orquestra tamén lles conviña porque había pouco que empezaran e así ían collendo "*tablas*".

O malo foi cando se puxeron a falar de cartos, que non puideron chegar a trato porque o dono do salón quería que lle foran tocar polo mesmo xornal co que traballaban no serradoiro.

¿E logo habería tanta diferenza entre "coller tablas" e "facer tablas"?



CRÍA FAMA...

Os músicos tiñan tamén fama de comellóns e que arramplaban co primeiro que atopaban:

Un día que estabamos un grupo de amigos tomando unhas cuncas nun bar, foi derivando a conversa cara á música e cara aos músicos.

E fala que te fala, un dos que estaba no uso da palabra dixo que, non había moito que se decatara de que o Ramón fora músico e que el –o que falaba– sabía unha anécdota que lle ocorrera un día que a orquestra na que estaba, fora tocar a unha aldea da bisbarra.

Outro atalloulle, dicindo que non tiña idea de que tocara en ningunha orquestra. Si sabía que tocara na Banda Municipal.

-Ti ben sabes –contestou el– que naqueles tempos non había moitas murgas. Así que, ían ao local onde ensaiaba a Banda e levaban unha sección de músicos.

-Tamén é certo, –contestei-. E el volveu ao conto.

-Ben sabedes que o Ramón era home de moito comer. Chegaron á aldea, foron á Misa, logo á procesión. Tocaron unhas pezas no adro e a xantar. Tamén



sabedes o que é un xantar nunha casa forte da aldea o día do patrón. Ben, votou unha sesta e á noite, despois de merendar, a tocar outra vez. Cando acabou o baile e mais a festa (que era un día só), foron para a casa onde houbo un refrixerio e todos para a cama.

Fixo unha parada o narrador para bota un grolo. Logo acendeu un cigarro, gargarexou e volveu ao conto:

-Cando se ergueu o matrimonio, el pillou unha canada e foi cara a corte para muxi-las vacas e ela foi para a cociña a face-lo almorzo para todos. Daquela mirou para a artesa e deuse conta de que cando foron para a cama todos, quedaba enriba dela o instrumento do Ramón, aquel "baixo" enorme, de metal dourado, escintilante. Chamou ao marido e fíxolle notar a desaparición do instrumento. Subiron os dous as escaleiras, entraron no cuarto que lle designaran para o músico, e alí non había ninguén.

-E logo, ¿que pasou? –preguntou un dos do grupo-.

-Baixaron do sobrado á cociña e alí faltaba un lacón e unha restra de chourizos.

-Pero para levar iso e máis o instrumento é moi difícil. Ademais, podíano ver...

-El, que non era parvo, meteu todo dentro do instrumento e levouno ao lombo.

Todos quedaron convencidos da trasnada que lles fixera á familia que o acollera no seu domicilio. Todos menos un, que abriu a boca para dicirlle ao que contaba o conto:

-Pois a min iso paréceme imposible.

-¿Por que?

-Por dúas razóns: a primeira, que sempre considerei ao Ramón como un home moi honrado. E a segunda, que nun clarinete non cabe máis dun chourizo.

-Non era un clarinete que era un baixo.

-Non podía ser un baixo porque o Ramón nunca soubo tocar outro instrumento que non fose o clarinete, aínda que non fose ningún Benny Goodman.

RETÓRICA

A boa vontade non abondaba para suplir certas carencias, tanto musicais como de linguaxe, e así na parte de Oza foi moi corrido o rogo dun dos músicos da orquestra ante as falcatruadas dalgúns rapaces:

"*Se ruega a aquellos dos biciclistas que están al fondo del adro que dejen de cimbrar carambuñas a los instrumentos, y aquel que tiró los terrós mecajo na madre que o pareu.*"

Ou como o que dixo:

"*A min facíame falta un quintete...bueno, cun quintete de tres xa me chega.*"

"SALUD, DINERO Y AMOR"

Certo día que unha orquestra moi coñecida dos arredores amenizaba a festa da Octava da Ribeira, cando estaba para finalizar o baile, pedíronlles que tocaran unha peza, que estaba moi de moda, naquela hora. Titulábase *Salud, dinero y amor*. A letra remataba así:

El que tenga un amor
Que lo cuide, que lo cuide,
La salud y la platita
Que no la tire, que no la tire.

Cando acabou a derradeira estrofa... Alá vai o palco. Estaba todo preparado para que caera, tirando dunhas cordas que puxeran disimuladamente. Menos mal que non houbo desgrazas persoais.

A CALIDADE MUSICAL

As contratas ás veces non saian tan ben como era de esperar, e dentro do elenco musical había un pouco de todo. Tamén hai que dicir que os vicarios moitas veces preferían mellor gastar en traxes e aforrar os cartos nas orquestras e así pasaban algúns dos casos que nos contaron... ¡Que ao mellor non son certos! ¿Ou si?

E senón mirade o que lle pasou nun ano en Ois, na Festa de Nosa Señora, segundo nos relata Miguel Gayoso Barreiro nun artigo da revista "As 4 aldeas" (2003).

"Ese ano a comisión de festas estaba formada por Jesús do Bendito (Recebés), Velarde do Ferreiro (Loureiros), Antonio de Facundo (Xora) e Isolino de Xen (Castrillón). Como se pode ver formábana un representante de cada unha das catro aldeas da parroquia.

Ata poucos anos antes a festa tocáballe facela cada ano a unha aldea, pero despois unificouse nunha comisión na que había un representante de cada unha delas, algo así como se fósemos unha parroquia "federal".

O campo da festa non tiña un lugar fixo e dependía da comisión o emprazamento do mesmo, bueno tamén dependía de que alguén prestase o prado. Ese ano fíxose a festa na Costa nun prado que por aquel entonces, antes da concentración parcelaria, era dos de Pascual.

Nunha viaxe á Coruña contratárase a orquestra que se chamaba "Os Ledos". Polo nome podemos imaxinar que era unha orquestra moi leda, moi alegre, cousa que descoñezo, pero non era ese o motivo da súa denominación senón que se debía ao apelido dos dous irmáns que lideraban o grupo musical.

Ao mediodía tocaron as pezas do baile que se fai á saída da misa e a impresión que causou no público asistente foi moi pobre, aquilo desafinaba por tódolos lados e facíase moi difícil, por non dicir imposible, identificar que peza tocaban.

Foi comentario xeral en tódalas mesas o pouco entendemento dos músicos e o mal que se levaban cos seus instrumentos, pero nada facía sospeitar o acontecemento que agardaba pola noite.

Ao pouco de empezar a verbena xa os máis novos empezaron a asubiar e increpar aos músicos. Non tardou en empezar a voar algún terrón cara ao palco que os músicos ían esquivando con pericia. Uns cuantos rapaces achegáronse a unha maceira a buscar "munición" pero o dono pillounos roubando na froita:

-¿Que facedes? Deixade as mazás que xa estou canso de que veñades a roubarmas.

-Non son para comer, son para tirarllas aos músicos que non saben tocar nin unha peza.

-¡Ai ben! Pois se é así, levádeas todas.

A lea ía en aumento, os máis pequenos arrincaban terróns e os maiores ceibábanos e xa empezaban a mellorar a puntería porque algún xa batía nos músicos. Os berros e as risas aumentaban.

Alguén ameazou con plantarlle lume ao palco e os músicos, cada un co seu



instrumento (enténdase musical), escaparon a correr. Acabouse o baile, bueno xa non empezara porque o que é bailar xa ninguén bailaba,...

Naqueles tempos as orquestras non viñan con camións e palco incluído como hoxe en día. O palco facíase de táboas e paus, cubríase con xestas, e ao remate da festa desmontábase todo. Os músicos repartíanse polas casas para comer e durmir.

Ao día seguinte os Ledos erguéronse cedo e foron cabo dos da comisión para pedirlles que polo menos lles aboaran os gastos do desprazamento e ás nove xa estaban esperando o Ribadeo para a Coruña.

Cando esperaban o coche de liña achegáronselles Manuel de Diego e o Perdís, que foran integrantes da orquestra de Ois, e empezaron a chamarlles a atención por tan mala actuación:

-Como se vos ocorre vir a unha festa sen saber tocar. Aquí entendemos de música non vedes que fomos músicos– díxolles o Perdís.

Un dos Ledos, ao ver que quen o increpaba coxeaba ao andar, contestoulle:

-¡Pois si que tes ti boa pinta de músico!

A comisión de festas foi contratar outra orquestra e o segundo día a xente bailou o dos dous días xuntos.

Pasaron os anos e a primeiros de agosto de 1976 andaban pola Coruña os da comisión de festas para contratar as orquestras para a Nosa Señora. Coincidimos con eles, meu tío Jesús e eu, na Praza de España, lugar onde estaba o Fogar Musical, sede da asociación de músicos e onde se contrataban as orquestras antes de que apareceran os representantes actuais que xa ofrecen as orquestras para o ano seguinte antes de que rematen de tocar as de este ano.

O local da asociación, situado nun primeiro piso, tiña un pequeno bar, unha mesa de billar, lugar para lectura e estaba bastante concorrido. Na barra pedimos unhas consumicións e Jesús empezou a contar a historia que veño de relatar. O home que atendía a barra escoitou atentamente e ao remate díxonos:

-Pois un dos Ledos está alí ao fondo do local.

Cando lle contamos o que pasara en 1960 non se deu por aludido:

-Ai eu non fun –dixo– sería meu irmán que xa morreu.

Deu media volta e marchou."

SINCRONIZACIÓN

Cando non había moito tempo para os ensaios algúns grupos inventaban métodos sinxelos pero prácticos para salvar o momento e que a cousa non chamase moito a atención.

Unha charanga, da que non recordamos o nome ou non o queremos dicir, que para o caso é o mesmo, non lles era doado parar xuntos e idearon un

sistema que consistía en pisar os pés uns aos outros, pero aínda así a cousa seguía sen funcionar. Certo día que isto lles pasou saltou un que estaba mirando e dixo despectivamente: "Esta é a música do carallo". Despois daquel momento cando se referían a ela, xa non se facía por outro nome, e bautizada quedou para sempre como "Música do Carallo". A nós isto dixéronnolo e cando o río soa...!

Outra destas historias relátanola Xurxo Souto (2002): Había unha música famosa na parte de Abegondo coñecida por "Tronada" e que tamén tiña problemas para rematar uniformemente as pezas, para solucionalo argallaron o seguinte sistema: atábanse todos cun cordón e, no instante preciso, o director daba un tirón seco, conseguindo un remate impecable. E é verdade abofé, "que era Victoriano de Pepe de Ramón, o que tiraba do cordón".

O mesmo autor nun artigo de *La Opinión* (de 19 de novembro de 2000) cóntanos sobre a maneira de acabar as pezas por algunhas orquestras, como aquela na que tocaba un baixista que era carpinteiro e aproveitaba as festas para concretar cos veciños os encargos de carpintería. "Era tal o dominio do contrabaixo que, durante a actuación, trataba destes asuntos directamente dende o palco. Algunha vez os compañeiros xa acabaran a peza e el continuaba tocando absorto, concretando medidas e presupostos. Iso si, sempre sen perder o compás."

Orquestra Melodía

Se non recordamos mal, compoñíase esta orquestra, cando saíu a tocar, dos seguintes números: dous clarinetes, un saxofón, un trompeta, un trombón, unha tuba e o batería. Hai que aclarar que o trompetista non formaba parte da orquestra, xa que era o mestre que os ensinara ultimamente, posto que outro mestre anterior tivera que emigrar para a Arxentina, uns meses antes.

Actuaron por primeira vez en Betanzos, de onde eran case todos, na festa dos Alborotados, na Eira Vella. Foi ben escolleito o sitio e mailo día, xa que co alboroto dos alborotados –se é que vale a redundancia– non se podía apreciar se tocaban ben ou mal. O único deles –agás do mestre– que seguiu coa profesión de músico foi o saxofonista, que se apelidaba Roel, e chegou a tocar en boas orquestras.

Ensaiaban en Betanzos, na Calexa de Caraña, nunha casa que era dos familiares dun dos músicos e botaban tardes enteiras cunha peza e non a daban tocado ben nin regular. Noutra casa que tamén daba a aquela calexa, vivía un matrimonio que tiñan un rapaz que tocaba a guitarra por afección e cando os músicos acababan o ensaio e pasaban por diante da súa casa, o rapaz abría unha xanela e, ao carón dela, tocaba a peza que os outros ensaiaran toda a tarde. O saxofonista Roel dicíalles aos compañeiros:



Tocando de orella

-Escoitade ben: xa o rapaz toca a peza sen partitura e vós aínda na deprendestes.

Un domingo colleron unha contrata para ir tocar á Enfesta, na pista do "Jarapeto", que así lle chamaban ao que explotaba o negocio e que era de profesión barbeiro, alí onda a Estación do Norte.

Levaban xa máis dunha hora tocando e, grazas ao trompetista –que era o mestre– e ao saxofonista, ían saíndo as pezas, cando menos audibles. O palco tiña forma de "ele" (L). O anaco curto da ele estaba ocupado polo baixista e polo batería e o resto ocupábano tódolos demais.

As pezas musicais naquela época, na que aínda non apareceran os vocalistas ou cantantes, repetíanse varias veces, ata que o director dicía "Fuera" e ao chegar ao final da partitura acabábase a peza. O resto dos músicos corrían a voz.

Así foi que nunha das pezas, cando o director deu orde de parar, correron todos a voz de "fuera", pero o baixista debía estar moi entusiasmado coa peza, pois non oíu ao batería a orde de parar. Así que calaron todos e o baixo seguía tocando el só. Ata que o batería lle dixo berrando:

-¡Para Pedro, que nós xa acabamos!



OS BAILES

A música trae como consecuencia os bailes. A xente coidamos que sempre fixo catro cousas que segue a facer: cantar, bailar, rir e chorar. Xa que o estado de ánimo da persoa, en canto sobrepasa da normalidade da vida cotiá, sempre deu en facer algunha desas catro cousas que acabamos de citar. Cando está ledo ri, cando está triste chega a chorar e cando está satisfeito, contento e feliz canta e baila aínda que sexa el só.

Hai que supoñer que as primeiras festas se inventaron para descansar do traballo e divertirse nelas. Para ter a desculpa destes divertimentos inventáronse as "romarías" que se lles facían aos santos e, despois de oír misa, asistir á procesión, oír o estalido dos fogos e demais "ritos" das romarías, a orquestra contratada, grupo de gaitas ou o que lle cadrara, empezaba a tocar e a xente a bailar. A continuación viña o xantar, logo cafés e copas e así pasaban a tarde ata que volvía a música e, contra a noite, outra vez o baile.

En Galicia o tipo de música dos bailes populares, con predominio de xotas e muiñeiras, deu lugar a que o baile máis usado fose o solto (Colectivo Ruote,1999). A introdución dos bailes agarrados produciuse a finais do século XIX, cando se introduciron as mazurcas e as polcas e posteriormente o tango.

Uns dos detractores do baile agarrado foron os cregos que lles parecía pecado o de tanto arrimarse. Unha copla da época así o reflicte:

Non baile-lo agarrado
Non baile-lo agarrado
Que o predicou o cura
No altar que era pecado.



(Debuxo de Castelao publicado na revista Galicia de 12 de novembro de 1922).

- ¿Queres bailar?
-Non; que teño que confesarme mañán.

Orquestras populares das Mariñas

AS REGRAS DO BAILE

Nas festas da comarca, á posta do sol empezaba o baile, tocando o que sabía, a mesma murga de pola mañá. As rapazas que ían normalmente en grupos ou de dúas en dúas, saían a bailar entre elas. Entón os rapaces, que tamén estaban agrupados, xuntábanse en parellas e ían a "sacar" ás que lles apetecía, pero non sempre querían elas bailar, xa que podían negarse cantas veces quixeran, ata que chegaban dous que a elas lles apetecía bailar con eles.

Isto era así porque así era, xa que non había ningunha lexislación nin normativa ao respecto, pero valía como dereito consuetudinario.

Elas –que normalmente ían en grupos de catro, seis ou máis– tiñan a picardía de, ao ir bailar, emparellarse unha guapa con outra que non o fora tanto, xa que, se ían xuntas dúas feas, nas "sacaba" ninguén. De aí ben o dito de: "Sempre me toca bailar coa máis fea". Xa que, entre os homes habíaos máis pillos ou galopíns, que sempre bailaban coa máis guapa.

Pero con isto non se acababa todo, xa que, despois de comezar a bailar, aparecía outro que che dicía: "Cédeme o baile". Esta frase era a que empregaban os máis finos e cultos. Pero como destes non abundaban, chegaban outros que dicían: "Cédeme o lote", e outras finezas polo estilo. Tí podías contestar, por exemplo: "É a miña irmá" ou "É a miña moza". O outro replicábache: "Daquela hai que ir bailar ao retirado". O tal retirado era un lugar que non estaba delimitado por nada, onde bailaba a xente maior, ademais de aqueles mozos, cunha relación formal ou prematrimonial.

Con este sistema había moitas leas e liortas nas festas. Ás veces provocadas por causas non acostumadas nin ditadas por ninguén con dereito a facelo, senón que as establecía ou impoñía aquel chulo, fanfarruñeiro, botaporela, buscabullas e fachendoso que, sempre ou case sempre lle parecía que, en caso de liorta, podía trunfar.

Como consecuencia do anteriormente exposto ten habido feridos, inclusive graves e tamén mortos. De aí saíron algúns ditos e refráns, como: "O que vai a Castro ven coas tripas arrastro". "En Ares non te pares, en Caamouco para pouco e en Redes non te quedes".

En Pontedeume, nun baile celebrado no Coliseo o ano 1929 faise algunha advertencia aos usos antes mencionados:

"1ª.-Por orden gubernativa está absolutamente prohibido pedir o ceder la pareja, teniendo además las señoras derecho a bailar con quién quieran, no pudiendo por esto hacer reclamación alguna los caballeros.

2ª.-Todo aquel que faltare al orden o a estas advertencias será expulsado del Salón sin derecho a la devolución del billete ni a poder entrar en bailes sucesivos."



Baile no Liceo Recreativo de Artesáns de Betanzos no ano 1931.

SALÓNS E PISTAS DE BAILE

Co tempo alguén se decatou que á xente gustáballe bailar todo o ano, habilitou un local, poñéndolle un taboado que servira de palco para os músicos, que estivera a unha altura adecuada, e o resto do local quedaba para baile.

Naturalmente había que pagar a entrada.

Este tipo de locais chamábanse salóns de baile.

Estes locais estaban moi ben para o inverno, pero no verán algúns deles eran moi afogadizos, polo tanto había que discorrer outro tipo de local. Algún empezou por utilizar a eira, pero a maioría das eiras eran pequenas para acolle-la xente que ía.

Pouco a pouco fóronse facendo, tanto salóns como pistas en lugares onde se comprobaba que a xente que acudía podía cubrir os gastos que se causaban: orquestra, megafonía, electricidade, impostos, etc., quedaban xa como negocios, coa denominación de "Pistas de baile".

Outro tipo, que xa existía de antes, foron as sociedades, que as había de diversos tipos: de recreo, culturais, artísticas, etc.

Estas xa tiñan os locais apropiados para o desenvolvemento das actividades que asumían, onde xamais faltaba un salón de actos, máis ou menos amplo que, en caso de celebrar un baile, facíase alí.

Outros lugares para escoitar música eran os chamados cafés-cantantes. Este tipo de establecementos eran, en todo, como os demais cafés agás que, "á hora do café", á continuación do xantar, a xente sentábase comodamente e, no canto de xoga-la partida, escoitaba música que interpretaba unha "orquestina" de poucos números, pero coa preparación musical suficiente para acompañar a unha "vedette" que cantaba, bailaba ou facía as dúas cousas; ou tamén a un cantante de música "moderna", como se lle chamaba á musica que estaba de moda. Recordamos dous cafés deste tipo, mais non sabemos se coincidiron no tempo ou non. Caso de que non coincidiran o que si sabemos que máis antigo foi o chamado "Méndez Núñez", que estaba nun baixo da rúa Real, á esquerda, chegando case ao final. O outro, denominado "Luisa Fernanda", estivo ao lado ou case, dando, ademais da rúa Real, a unha rúa moi estreita que vai dar á avenida da Marina. No primeiramente citado causara moito impacto a actuación de La Niña de la Puebla, cega ela, interpretando "Los Campanilleros", que facía furor naquel tempo. E no segundo foi outro impacto a presentación de Antonio Machín, acabado de chegar a España.

A comarca das Mariñas estaba sementada de innumerables locais de baile e salóns particulares e de sociedades. Algúns deles eran os seguintes:

Abegondo

En Abegondo había a pista *Peneda*, e tamén a de Lago e Francisco de Outeiro, que despois colleu Ricardo o "Zapateiro".

En San Tirso de Mabegondo houbo unha pista e un salón de baile, que explotaba Manuel Loureda Dans, máis coñecido por "Concheiro".

En Montouto, parroquia de Abegondo, aínda existe unha das salas de festas de maior duración –parece ser que sesenta anos– e tamén maior aforo: *A Flor de Montouto*. Parece ser que foi fundada no 1943, supoñemos que como pista de baile e que dende 1973 están xa no local que ocupa hoxe. Nela teñen actuado unha longa lista de cantantes como: Julio Iglesias, Ángela Carrasco, Rocío Durcal, Manolo Escobar, Camilo Sexto, Juan Pardo, Bibi Andersen .... (Basterrechea, 2003).

En Meangos dende os anos corenta estaba o "Parque Pista Anaí", propiedade de Felisardo Barallobre e despois do seu fillo Pepe. Este último coméntanos:

"Había Salón e Pista, un para o inverno e outra para o verán. Contaba con todos os requisitos e permisos, incluso cuns planos que lle fixera Enrique del Río. Facíanse bailes xeralmente os sábados, que era normal que houbera competencias. Por aquí teñen pasado as mellores orquestras da comarca: Os Españoles, Trovadores, Mallo, Lamas La Piña, etc. Os Trovadores cando viñan

de Madrid o primeiro sitio onde viñan a tocar era a Meangos. Xa daquela traian espectáculos como os cantantes negros, que non sei exactamente de onde eran, creo que cubanos. Do que si me recordo era de que comían moito, algunha noite chegaron a cear catro veces.

Viña xente de preto de Oza e ata de Santa Baia. Viñan polos camiños, que moitas veces estaban cheos de lama, e sobre todo as mulleres, traian roupa para cambiarse para o baile. Nós tiñamos taberna e dabamos comidas e sobre todo bebidas. Recordo un día, era cando se puxeron de moda os *cubalibres*, que acabamos a *ginebra* e daquela empecei a facelos con caña. ¡Á xente gustáballe!

Cos músicos teño pasado moitas horas, porque viñan cedo para poñer o palco e despois xogaban ás cartas. Pola noite, cando era inverno, poñíalles tres ou catro botellas de coñac no palco para escorrentar o frío e para animalos un pouco. Un que se me enfadaba ás veces era Ramiro o da Tropical, que nos últimos anos da orquestra eu chamábaos bastante e cando facía os anuncios do baile poñíalles outro nome para que a xente pensase que eran outros."

Bergondo

En Bergondo, no lugar de Carrio, houbo un salón de baile que se coñecía polo do *Noi*. O motivo deste nome estaba en que o dono era o catalán Gabriel Lauradó Auquet, quen se dirixía aos rapaces en catalán dicíndolles "noi, noi". Era técnico textil e chegara no 1936 para traballar na fábrica "La Primera Coruñesa" (Eira Vella, 1997: 3-7). Facía bailes e proxeccións de cine os domingos. Neste salón de baile a orquestra de turno comezaba cedo a tocar, xa que a unha hora prudente había que acabar, para proxectar a película. Neste momento armábase un "guirigay", xa que a xente maior sentábase nas poucas butacas que había e a xente nova tiña que atopar un acomodo calquera.

Había tamén a *Pista do Cubeiro*.

En Guísamo había dous salóns de baile: *A Sociedade de Guísamo* fundada no ano 1933 co nome de "Sociedad Recreativa Sport de Guísamo". (Estes datos foron recollidos dun manuscrito da autoría de Natividad Martínez Pan) e a Sala de Festas de Francisco Seijo coñecido como *O Chiquitero*. Este último conxugaba xa tres cousas: pista de baile, salón de baile e cine. O *Chiquitero* era un brillante empresario porque ofrecía bos espectáculos, contrataba orquestras de primeira, como por exemplo Jaime Camino, Manolo Bell, a Orquestra X e outras polo estilo. Ademais, ao finaliza-lo baile botaban unha película de cine.

A Sociedade era da xuventude de Guísamo e tiña como obxectivo realizar bailes e outros actos culturais.

Dende un primeiro momento houbo unha grande rivalidade entre os dous salóns, formándose dous bandos uns incondicionais da *Sociedade* e outros do



Grandes Fiestas en Guísamo

en honor a San Ramón
organizadas por la

Sociedad Recreativa
-:- Sport -:-

los días 2, 3, 4 y 5 de
septiembre de 1933

Este folleto e o da páxina seguinte foron cedidos por Natividad Martínez Pan.

Chiquitero. Nas súas loitas os únicos que saían gañando eran os forasteiros que acudían aos bailes dos domingos, xa que por esta competencia cada unha tentaba traer mellores orquestras e atraccións que o outro. A cousa chegou a tal punto que un ano os da *Sociedade* como cousa extraordinaria nos números das festas decidiron facer unha elección de "Miss Guísamo", e aconteceu que no mesmo día o *Chiquitero* celebrou a mesma elección. Así foi como Guísamo pasou de non ter ningunha a ter dúas mises no mesmo día.


Sociedad Recreativa-Guisamo

Domingo 4 de Mayo de 1941

A las 5 de la tarde

GRAN BAILE

amenizado por una famosa

Orquesta de La Coruña

A continuación y a petición del público

"Espectáculos MILFER"

presenta por segunda vez el espectáculo de los niños, que el pasado domingo dejó tan grato recuerdo entre el distinguido público, poniendo en escena la nueva obra

MALIBU, LOS CERDITOS y TU...

en la cual veréis los "ases" de la gracia, Stan Laurel, Oliver Hardy, Los Tres Cerditos, Caperucita, El lobo feroz y otros.

Esta obra que es de riguroso estreno, viene precedida de enorme éxito en los principales teatros de España y últimamente en el Teatro Rosalía de La Coruña.

¡Si deja de ver este grandioso espectáculo dejará de pasar las horas más agradables de su vida!

Todos a la Sociedad Recreativa de Guisamo

Tip. Rodríguez Barrera, 80

Noutra ocasión os da *Sociedade* tiñan unha orquestra de moita sona e o *Chiquitero* vía que non podía superala e daquela organizou un espectáculo de variedades. ¿E por que non un combate de boxeo feminino? Nin corto nin perezoso presentouse no Barrio Chino da Coruña, e alí contratou a dúas mozas dispostas a pelexar. ¡Tivo un abarrote!

Betanzos

En Betanzos houbo salóns de baile públicos en Guiliade, e nas Cascas, explotado pola familia Concheiro. Hai que destacar o da sociedade do Liceo Recreativo de Artesanos, A *Camelia* e o *Rey Brigo*.

O "Liceo Recreativo de Artesanos" non foi a primeira sociedade de este tipo que se constituíu en Betanzos, hai que recordar que anterior era por exemplo a "Tertulia Circo", pero foi o "Liceo" o que máis tempo durou, xa que chegou a cumprir e celebrar o seu centenario, posto que foi constituída o 10 de novembro do 1863, celebrando "en vida" o seu centenario e durante bastante tempo seguiu no seu funcionamento social e recreativo. Esta sociedade sempre tivo un grande número de socios, moitos deles érano para que as súas fillas puideran asistir aos bailes, posto que soamente os homes, a partir da maioría de idade podían ostentar a categoría de socios de número, xa que había tamén outra categoría que era a de socios de "dereitos limitados", a partir dos dezaoito anos que, como a súa denominación indica non podían mais que xogar ao billar e ao xadrez e asistir aos bailes, de pantalón largo chaqueta e garavata.




ORQUESTRA IMPROVISADA. Supoñemos que esta fotografía foi sacada nun baile do Liceo, en Betanzos, durante o entroido, probablemente antes da guerra civil española. Non coñecemos a todos, polo que imos dar os nomes dos que conseguimos identificar: no piano, un tal Peón; seguindo de esquerda a dereita, o primeiro violinista é o Sr. Téllez, pai dos irmáns Téllez, músicos tamén; o seguinte, tamén violinista, é Gonzalo González, da familia dos Cubanos *(que tiñan unha ferretaría na rúa Travesa); logo, co saxofón, Benito "O Veijeiro" (de Carnoedo, Sada), e o do trombón na man é Lorenzo Rey Rey, músico da Banda Municipal de Betanzos. Os outros tres, sen identificar.*

Houbo en Betanzos outras sociedades, pero ningunha durou tanto como esta e as normas, máis ou menos eran iguais ou parecidas. As mulleres non tiñan opción a ser socias. Sen embargo temos idea de que nalgunha ocasión, equipararon as mulleres aos rapaces, facéndoas socias de "dereitos limitados".

Os bailes, durante os anos que recordamos, celebrábanse o día dos Reis Magos, na Candeloria, no Antroido, o domingo de Piñata, o 17 de agosto (na honra dos forasteiros) e na noite de fin de ano.

Todos estes bailes convocábanse para as dez da noite. A esa hora chegaba a orquestra de turno, porque sabían moi ben que non había nin unha alma nos salóns.

Sobre das once, coa orquestra preparada no palco, afinando os instrumentos, empezan a chegar algúns socios, case todos rapaces novos, pero non xuntos, senón por grupiños pequenos, e todos facían o mesmo: entraban nos salóns, miraban a un lado e a outro e, como non vían a ninguén, salvo aos músicos, daban media volta e íanse.



Carnet de baile.
Abaixo unha invitación ao baile.
(Fondo Martínez Santiso. AMB)



Algúns grupos de rapaces novos e solteiros, achegábanse ao Ambigú a refresca-la gorxa, xa que viñan de visita-las bodegas de Juan de la Fuente e do Rivas, aínda que non eran seareiros delas, pero os días de baile no Liceo pasaban por alí, xa que aquel viño era moito máis forte que o do país e o do Ribeiro. Con esa dose de alcol desinhibíanse e adquirían o pulo suficiente para o "enfrontamento" coas rapazas.

Algo antes das doce empezaban a entrar as mamás, todas satisfeitas e fachendosas, acompañando ás nenas, ¿nenas? Había de todo. Algúns papás escapulíanse cara ao Chirri a xogar unha partida.

Os rapaces –algúns co estómago empapado e a fronte rezumando– pasaban revista ao "material", como eles dicían.

Había algúns que daban pena. Eran aqueles irmáns de moitas das rapazas que estaban nos salóns, que os facían ir ao baile –espectáculo que a eles non lles gustaba– en previsión de que a irmá "comera pavo", expresión que quería dicir que non había quen a sacara a bailar. Nesa situación o irmán ("reserva") estaba obrigado a bailar con ela.

Pero ao final do baile:

La Conga de Jaruco
ahí viene arrollando
y trae su comparsa
la alegría del lugar
que viene arrollando
con su ritmo sin igual...

A Camelia

Os betanceiros todos sabemos onde está situado o Teatro Alfonsetti que, dende a invención do Cinematógrafo estivo dedicado a sala de cine, pero sen esquecer outras facetas que, con anterioridade á aparición dese invento, tamén se desenrolaron nese local. Hai un libro, do que son autores Alfredo Erias Martínez e Rosario Sarmiento Escalona, titulado O cinematógrafo en Betanzos, no que se pormenoriza a historia –case mellor biografía, polas vivencias dos betanceiros, tan íntimas e inesquecibles– das que o Teatro Alfonsetti foi testemuña.

Pois o salón da "Camelia" e o Teatro Alfonsetti eran a mesma cousa só que con diferentes usos. ¿Por qué lle cambiaban de nome a este local cando se lle cambiaba o destino e, ademais o arrendatario? Pola sinxela razón de que os bailes só se celebraban no Antroido. Nesa época só se pode atopar unha flor, que é a camelia. Naquelas datas non había invernadoiros e as mulleres, que sempre foron moi dadas a adornarse con flores, tiñan que facelo forzosamente con camelias.

Como a titularidade do edificio era e é municipal, periodicamente saía a subhasta para contratar o uso dunha cousa e máis da outra.

Así que o local, como cinematógrafo, case sempre se lle adxudicaba a don Claudino Pita Pandelo; e coma salón de baile a don Ángel Fernández López.

Hai que ter en conta que a sala de cine tiña unha pequena inclinación, descendente cara ao escenario. E cando había baile, mediante un aparato, para aqueles tempos moi sofisticado, suprimíase aquela inclinación quedando completamente horizontal. A paño có escenario, que se aproveitaba para dar máis amplitude á sala da baile, descontando o que ocupaba o palco da música.

Volvendo ao do baile, en Betanzos, durante moitos anos, celebrábanse tres bailes na época do Antroido: No "Brigo Club", que era a sociedade de máis



Folleto do AMB.

alcurnia; no "Liceo Recreativo de Artesanos"; e na "Camelia", que, como non tiña socios o que quería entrar tiña que pagar.

Había algúns homes que, aínda que foran socios dalgunha das outras sociedades, ou das dúas, facían unha escapada ata a Camelia, xa que, se aparecía algo conque "pasa-lo rato", sería alí.

Houbo un home que, un dos días que había baile, despois de saír do viño do país onde estivera merendando cos seus amigolos, en lugar de ir directamente para a casa, co fin de pilla-la muller e ir os dous ao baile do Liceo, foi dar unha volta polo baile da Camelia, para ver que ambiente había. Atopou outros amigos, estiveron facendo comentarios e, de vez en cando, o noso home botaba unha bailada e volvía onda os amigos.

A muller na casa, fixo a cea e agardou polo marido. Chegou un momento que se puxo a cear, xa que a cena estragábase. Pero seguía sen vir o marido e chegou a pensar que el fixera o que, efectivamente, fixo.

Foi ao armario e empezou a sacar roupa dun lado e roupa doutro, puxo un antiface que conservaba do ano pasado e marchou dereitiña para a Camelia. Xa o atopou na entrada. Cando lle pareceu ben sacouno a bailar e xa non o soltou. Logo de estar un tempo con el, ela mesma lle dixo se non sería mellor ir dar unha volta por fóra. Así que saíron, baixaron pola calexa do Hospital e chegaron á Feira Nova. As cousas ían ben. Ela non era remilgada. El íalle erguendo as saias, que eran ben longas. Ela non poñía moito reparo e pouco a pouco a el xa se lle ía a fala. Cando as saias estaban ben arriba e se revirou a rapaza cara a un farol que estaba preto, dixo el:

-Estas son pernas e non as da miña Marica.

Ela pegoulle dous sopapos e díxolle:

-E logo, ¿eu quen son? ¡Veña para a casa, mamalón!

Pista Rey Brigo

Foi construída polos irmáns Manuel, Xulio e Pepe Suárez Castro, máis coñecidos polo sobrenome de "Casanova", e don Agustín Concheiro Golpe. Esta pista, dende os primeiros días tivo moito éxito. Facíanse bailes tódolos domingos, feiras e "días santos". Pouco a pouco foron facendo reformas e cada vez o éxito era maior. Nos invernos e días de chuvia facían os bailes nun salón da planta baixa do edificio Arquivo ou Liceo, onde hoxe en día está a Aula de Cultura do Concello. Na derradeira modificación que fixeron na Pista, cubrírona completamente, pero de forma que os laterais, na zona que teñen acristalada, se puidera abrir para airear e refrescar o ambiente. Ademais instalaron un "palco xiratorio", consistente nun círculo dividido en dúas partes: unha daba fronte á pista de baile e nela estaba instalada a orquestra que lle tocaba de actuar, e a

outra daba á parte traseira. Cando a orquestra que estaba actuando cumpría co seu ciclo de pezas musicais, xa estaba a outra orquestra preparada no semicírculo traseiro. Como as orquestras estaban de acordo en qué peza musical tiña que tocar ao final do seu ciclo, a outra que a ía suplir, comezaba tamén coa mesma peza e a xente non tiña porque parar de bailar. Na época en que as empresas Astano e Bazán de Ferrol estaban nos seus mellores tempos, os domingos pola tarde enchíase Betanzos de traballadores desas empresas e outras xentes que non o eran: os bares, os viños do país e, logo, a Pista Rey Brigo. O baile acababa cedo –entre once e doce– e volvían os bares e tabernas a encherse. A xente da bisbarra ferrolá, que é moi cantareira, animaba os establecementos "do ramo".



A orquestra que máis bailes amenizou na Pista Rey Brigo, foi *Los Players*. O que non quere dicir que outras, incluso estranxeiras, actuaran nesta sala de festas. Podemos asegurar que a maior parte das orquestras que figuran neste libro actuaron na Pista Rey Brigo.


THE PLAYER'S

se complacen en notificar a los admiradores de su arte musical, que el próximo 1 DE MAYO *y en el sensacional PALCO GIRATORIO de*

PISTA BRIGO

actuarán, en compañía de «LOS SPRINTERS», para inaugurar las nuevas instalaciones de la mejor Pista de verano de Galicia.

¡Feliz verano Brigo! es un deseo de sus amigos

THE PLAYER'S

Betanzos, primavera 1966

Parte de atrás dunha foto promocional dos Players. (AMB).

Cesuras

A Pista do baile do Xastre en Carres e a Casa de Constante.

Coirós

No mesmo Coirós estaba a pista do "Cardenal". En Ois había dous locais de baile que eran o Salón de Tizón, no Fontelo e o Salón do Ferreiro ou de Parada, a eles acudía a xuventude dos arredores, dende Coirós a Lesa ou mesmo Esperela. O primeiro era taberna e tamén facía as funcións de cine, e incluso algunha vez acolleron algún circo. No salón do Ferreiro celebrábanse todos os anos os famosos bailes do Frai Pedro (Fiaño, 2005).

Irixoa

No lugar da Viña en Irixoa había o salón de baile de Antonio Díaz Manivesa e a pista descuberta de José López Vázquez. O motivo de que houbese dous bailes nun sitio tan pequeno era pola importancia que tiñan as feiras, que atraian a moita xente da comarca que estaba alí todo o día e ao rematar había baile ou cine.

Miño

Na rúa principal de Miño, estaba o salón de baile de Pantín. Tiña este nome polo seu propietario, Francisco Pantín Muñiz, natural de Miño, que estivera emigrado nos EE.UU. de Norte América. A construcción do cine e salón comezou no 1935 e rematouse dous anos despois. Ao edificio sobre unha especie de terraza, accedíase por unha dobre escaleira. Había tamén un salón de baile, que estaba situado no outro lado da estrada que o antes citado, era o "Sevillita".

Monfero

No lugar de Xestoso estaban os bailes de "Fonte Dola" e no Val o do Carballiño. No Xestal estaba "O Pinar".

Oza dos Ríos

Primeiro estaba o "Salón do Cego", que despois foi da Panadería Pita, que era coñecido como o "Salón do Panadeiro". Máis tarde abriuse outro un pouco máis abaixo, o salón "Paraíso". A finais dos anos sesenta abriu outro Santiago Rocha. No lugar de Callobre había outro.

Paderne

Preto do Concello estaba un salón de baile que se chamaba "Grandal", que era o primeiro apelido do seu propietario. Houbo unha tempada longa na que facía os bailes os días de feira en Betanzos.

Salón de Grandal - Paderne


Lunes 1 de Noviembre

(Festividad de todos los Santos)

A petición de numeroso público, reaparecen de nuevo amenizando un

GRAN BAILE

los componentes de la magnífica



Orquesta "CITY"

y el divo de la canción moderna **NEIRA** que con éxito jamás igualado actuó esta temporada en la Pista «Ideal» de La Coruña.

El mejor baile de la temporada

No lo olvide: Lunes 1 de Noviembre

Tip. Tomás Rodrigues.—Barrera. 26

Cartel cedido por Amparo Grandal Penas.



Un baile na Terraza, en Sada, amenizado polos Capitanes. Integraban a orquestra: Capitán, Chucho Pedreira, Emilio Capitán, Cochero, Louzán, Mazariegos, Abel (vocalista), Pepe de Pazos, Quique Téllez. (Foto cedida por Narciso Louzán).

En Areas, parroquia de Adragonte, tamén había un salón de baile que era coñecido como "Casa Germán". Un dos días con máis afluencia neste salón era en setembro, o día da romaría de San Cosme, xa que como onde se celebraba a romaría era no Monte de San Antón, e non había luz eléctrica, ao chegar a noite a xente marchaba e, a xuventude, que tiña gañas de bailar, dirixíase cara ao salón de Areas.

En Vilouzás estaba o salón de José Pena Abrodos.

En Porto, San Pantaleón das Viñas, estaba o salón de Francisco de Marcos, celebraba os bailes os domingos.

Sada

No lugar de Carnoedo estaba o salón de baile de Flora Sánchez Sánchez, xa nos anos trinta. Celebrábanse tamén no Pavillón Moragra, que era do mesmo propietario que tiña os coches de liña. Os donos eran Pepe Mora e Manuel Agra, de aí o nome. Despois apareceu "A Terraza" no Paseo Marítimo, que non foi a primeira situación deste edificio, xa que antes de chegar a esta fermosa vila mariñeira, xa estivera noutro Paseo Marítimo, o da Coruña. Este edificio, que non temos idea de cal é a entidade á que corresponde a titularidade do mesmo, explótase mediante contrato, como negocio de hostalería e, debido á súa amplitude, celébranse bailes, concertos e outros espectáculos. Os bailes da Terraza gozaron de xusta fama.



Os Capitanes amenizando un baile na Terraza de Sada. De esquerda a dereita: "Seva", trombón; "Bordomás", trompeta; Pepe de Pazos, batería; Emilio Capitán, saxofón; Quique Téllez, contrabaixo; Louzán, saxofón e José Luis Téllez, piano. (Foto cedida por Narciso Louzán).

Tamén en Sada estaba o "Salón Moderno", que é posterior á Terraza e dende que se inaugurou a xente de Sada comezou a facer unha separación, a este segundo salón soia ir a xente máis popular e os bailes da Terraza eran algo máis elitistas.

Un artigo na revista *La Mariñana* (1925) titulado "*Jóvenes que estais bailando*"de Fernando Herce –á sazón maxistrado e Presidente da Audiencia da Coruña– fálanos destes bailes:

"No se hizo, no, para Sada, el versículo amenazador tan del gusto de escrupulosos moralistas: "Al Infierno vais danzando"; si ello es cierto, la población mocera de la villa sin par, ha muchos años que, con los pies en eterno movimiento, hace oposiciones a las incómodas plazas del Averno...

Me ocupé en pasado artículo de los atractivos del baile postinero de "La Terraza". No fué olvido la omisión de referencia a otros centros de atildado bullicio; ya sé que en el castizo Pedregal un espíritu emprendedor y activo instaló un hermoso salón, grato incentivo para los aficionados ... Pero no traté sino del jazz-band a que asistí, recientemente: culpa mía no fué sino de mi cicerone por Sada el no entrar en el local olvidado, ciertamente

simpático y acogedor... Heme aquí en el salón Moderno de la calle Mayor: algarabía del cornetín, resuello del trombón, resonancia procaz del redoblante del Panchón y luz espléndida y banderitas multicolores y un recinto inmenso con fúlgidos espejos y un gentío enorme sinceramente, plenamente entregado a las delicias de la polka, del pasodoble, del schottis y hasta de vez en cuando de la jota. Esta es alegría y esta es animación, sin artificio y amaneramiento, muy naturales, muy espontáneas, con esa sana y vibrante fortaleza de las actitudes de la gente popular. Son las hijas de la marinería y del agro, las pescas afanosas de labor y hoy, domingueras, ataviadas pulidamente, señorilmente, tan apetitosas y codiciables. Aquellas dos hermanas muy acicaladas ataviadas con traje amarillo crespón son fascinadoras y aquella travesuela de grácil talle que parece desmayarse en brazos de su arrogante, varonil pareja, atezada pol-o vento do mar, y aquella costureiriña de los ojos meigos y esta otra niñera que parece escapada de un Rubens, tan rubia, tan blanca, tan repleta, tan mórbida... La contemplación de esta legión de danzarines sin "posse", en cabal integración del placer del baile es muy agradable y una nota simpatiquísima de los espectáculos de Sada.

Jóvenes que estais bailando...en el salón Moderno, ireis al Infierno a los sones panchoneros, pero vais en espléndida compañía –cuerpos garridos, aromas de la terruca o salinas y brazos vigorosos y ojos sin sombras pintureras– y vais serios, castos, honradamente fervorosos de la habanera lánguida de la retozona polka."

Vilarmaior

Estaba a pista de baile "Aire dos Pinos" na Feira do Tres, tamén no Cal en Vilachá había unha. O primeiro estaba no cruce de camiños onde se facía a feira os días tres, dez e dezanove, ademais de baile tamén había un cine.

Outros salóns e pistas de baile moi coñecidos na comarca eran a pista e salón "El Seijal", de San Pedro de Nós. Locais, ambos, para utilización como lugar de baile. No verán, se non chovía, utilizábase a pista e en inverno o salón. Tivo épocas de grande éxito, dado as orquestras boas que traía e atraccións importantes, incluíndo así mesmo a situación de que gozaba.

Era frecuente tamén acercarse ata a Coruña, alí na explanada do recheo, despois de marchar a terraza para Sada, montouse o quiosco Alfonso, que pasou por moitas vicisitudes, entre elas unha moi curiosa. Nunha longa ocasión estivo destinado a cine, pero un cine moi particular: tiña unha soa pantalla e un só

proxector, como tódolos cines, pero a pantalla estaba no medio e medio da sala. Na parte –chamémoslle de diante– que era a que estaba entre o proxector e a pantalla, víase a película normalmente. E na outra parte –coas cadeiras ao revés da primeira– pois víase a película do revés. Na parte que se vía co dereito cobraban o dobre da que se vía ao revés.

Chegado o verán suprimíase o cine e dedicábase a planta baixa a café-bar e nunha parte da explanada, poñíanse mesas e cadeiras ao aire libre. Montábase un palco, entre o café e a explanada, a orquestra de turno, que estaba formada por músicos que, normalmente non estaban integrados nunha orquestra determinada, con moita experiencia e moita facilidade para tocar a "primeira vista". Pero cando había algunha orquestra famosa, que se atopaba de xira por estes "lares", contratábana. Así ocorreu a seguinte anécdota nunha ocasión que a orquestra *Los Españoles*, que viñan de actuar do Xapón e os contrataron para tocar uns días. Estaban escoitando a actuación dous betanceiros: Alfredo Romay, médico que cumpría as súas obrigas militares na Milicia Universitaria e José Naveira Cuns, que estaba de camareiro no restaurante "Casanova", hoxe desaparecido, e a quen respondía ao alcume de "Barrié". Entón o compoñente



Orquestras populares das Mariñas

da Orquestra citada, José Luis Muñoz, ao ver aos dous alí xuntos na mesma mesa pillou o micrófono e dixo: "Dedicado a los señores Barrié y Romay vamos a interpretar..." Naquel momento vivían don Pedro Barrié de la Maza e don Emilio Romay Montoto, o primeiro acaudalado banqueiro e o outro Presidente da Deputación Provincial, tío, por certo do médico do que falamos antes. A xente comezou a mirar por tódolos lados para ver onde estaban esas dúas personalidades, ás que ía dedicada aquela música.

Había varios salóns e pistas de baile como "La Parrilla", situada nun semisoto do Hotel Embajador. Nela actuaba normalmente un grupo musical integrado por: Pucho Portela, violín e cantante; Fernando, voz e guitarra; Amadeo, pianista, e algún músico máis.

A pista de baile "Carnicero", na Ponte da Pasaxe. Salón, en Monte Alto. "Los Molinos" e "Saratoga" en Monelos, "Trianón" na Avenida de Chile, "Lux" na rúa Peruleiro de José Cariaga e a do Hotel Finisterre. Tamén estaba a "Galera", "Suevia"na rúa da Galera de Manuel del Monte Pernas, etc e salas de festas ao aire libre como: "Maracaná" e "Danubio" nas Xubias de Bernardino Seoane...



(Imaxe tirada dunha fotografía cedida por Graciano).

GALERÍA DE MÚSICOS

Imos abrir unha sección dedicada a músicos dos que puidemos acadar algúns datos para transmitírllelos ao lector. Todos eles exerceron a súa profesión e a súa arte, nun período máis ou menos longo, en agrupacións situadas ou domiciliadas en calquera localidade na Comarca Brigantina, ou en orquestras de Ferrol ou da Coruña pero que tiveron gran influencia na nosa comarca.

O figurar nesta Galería non quere dicir, pola nosa parte, que foran escollidos pola súa calidade musical nin por ningún outro mérito que tiveran acadado. Simplemente eses datos foron dados polos mesmos interesados ou figuraban en algúns escritos que caeron nas nosas mans.

Polo tanto non se debe interpretar como un mérito especial nin distinción de ningunha clase, senón unha pequena mostra destes profesionais:

FRANCISCO MANSO "O CAFÚ"

Era de Collantres, do Concello de Coirós, un bo gaiteiro e, na compaña de seu irmán José –que tocaba o tamboril-, era frecuente velos polas romarías da comarca, a partires dos anos vinte.

Polas festas de Betanzos era raro que non viñeran para tocar coas danzas de Mariñeiros ou de labradores, posto que, ao seren de Coirós, estaban preto de Betanzos.

No ano 1929 celebráronse en España dúas Exposicións Internacionais: unha situada en Sevilla e outra en Barcelona. Na de Sevilla convocouse un certame de Bailes Rexionais. O Cafú, coa súa parella, que era unha rapaza de Roibeira, irmá da nai dos irmáns coñecidos como Nieto: Pepe, Luís e Tito, hoxe xa desaparecidos, levaron o primeiro premio. A el regaláronlle unha botoadura de prata para a súa vestimenta galega.



Aínda que é máis recordado como gaiteiro, Francisco Manso tocaba coa música familiar dos Cafús. (Foto cedida pola Asociación Cultural de Collantres).

JUAN LÓPEZ PANCHÓN

No libro de Historias de Sada de Ramón Rodríguez Ares (1998) e nun artigo de Ezequiel Pérez Montes na Voz de Galicia (9 de marzo de 1973) alúdese a este músico de Sada, que foi un personaxe nas Mariñas nos primeiros anos do século XX ata os anos trinta. Co seu quinteto coñecido como "Os Panchós" percorreu unha boa parte das festas da comarca. Nun solto aparecido nun periódico de 1925 relátase un festival de música galega celebrado na Coruña: "*Se llevó la palma el célebre Panchón de Sada, que con su gente hizo diabluras musicales*".

Panchón e Pérez Lugín eran amigos, e este último fixoo aparecer na novela *La Corredoira y la Rúa* e tamén na película *La casa de la Troya*. Outro personaxe da novela e da película era "Panduriño", que na vida real disque chegou a ser médico e tamén tocaba na orquestra do Panchón.

O Panchón tiña un oído extraordinario, acercábase ao pavillón Lino da Coruña para escoitar os novos ritmos estranxeiros, que unha vez en Sada integraba no repertorio da orquestra.

JOSÉ MEDAL

"Toquei na Música de Ois entre 1930 a 1940, que foi cando me casei. Fomos aprender a Betanzos co director da Banda Municipal, despois este morreu e veu Lorenzo que era quen nos ensinaba.

O Sr. Marti encargounos os instrumentos a Tarragona. A miña trompeta tivo que volver á fábrica despois de mercala, por un defecto que traía. Iamos a Betanzos para aprender: José Gómez e José Bellón ían en eguas, os demais iamos en bicicleta. Un día baixando Queirís caín dela e aboiouse a trompeta... ¡foi un dos desgustos máis grandes da miña vida!

Tocabamos por aquí arredor e nas Mariñas; para chamarnos viñan a Ois pois daquela non había teléfono. Tocamos en Bergondo, Sada, Carnoedo, Guísamo, Oza... tanto nas festas coma nos distintos salóns que había, así no de Flora en Carnoedo íamos o cuarto domingo de mes a tocar. En Bergondo tamén había un que non sei se sería o do Catalán; en Coirós no do Cardenal; en Sada no Moderno, aquí en Ois o salón estaba na de Tizón (O Carballal)... cando tiñamos que ir algo lonxe como a Sada colliamos o coche en Betanzos.

Nas festas era a mantido e había moito de comer, recordo que se acostumaba a facer patacas con bacallau e cocido.

Nós cobrábamos arredor de 12 pesos, as músicas de primeira cobraban daquela 18 pesos.

Tocabamos sen megafonía nin nada. Tampouco había batería e o tamboril veu despois.



MÚSICA DE OIS. Integrantes desta música, aínda que as fotos son de diferentes épocas. Composición realizada por Manuel Fiaño Sánchez na revista As 4 Aldeas, *nº 34 de xaneiro de 2006.*

Nos arredores non había máis orquestras que a nosa, onde había moitas era no Ferrol.

Anécdotas non recordo ningunha especial, unicamente unha relativa á romaría de Santa María de Ois, pero non ten relación con músicos. Aquí preto en Curtis vivía o Foucellas, ¡este era moito elemento!, recordo que aquí na festa do Frai Pedro sentábase diante da casa do cura, que daquela era Don Germán e alí estaba tomando cafés, ao remate entraba dentro e o cura dáballe propina.

Era o único romeiro que levaba máis do que traia no Frai Pedro".

JOSÉ FERNÁNDEZ VÁZQUEZ "O PACHOTE"

... de estatura regular, complexión fuerte, cara redonda, cuello corto, pelo color castaño oscuro, bigote mismo color a lo Kaiser, boca regular, ojos castaño claro, nariz algo aguileña, dientes anchos y espaciados, completos, manos regulares, pies pequeños y frente despejada...

Tiene un tatuaje figurando una lira de 3 cm de largo hecha con tinta... azul, en la cara interna y tercio inferior del antebrazo izquierdo y otro tatuaje de iguales caracteres figurando otra lira entre el dedo pulgar e índice, parte superior de la mano derecha...

Esta é a descrición que reza na causa 174/40 do Tribunal Militar Territorial Cuarto da Coruña, instruído polo asasinato en xuño de 1939 de José Fernández Vázquez.

A este home chamábanlle así por ter nacido no lugar de Pachote, parroquia de Torres, concello de Vilarmaior. Estaba considerado como un músico moi bo, especialmente no xénero popular, como é a música bailable e converteu a súa

orquestra en algo diferente do que eran as demais daquel tempo, xa que non só "fabricaban" música para que a xente bailara, senón que era unha auténtica atracción para os que escoitaban e miraban, dende os nenos aos vellos. Alí, en Ambroa, aquel trinta e un de agosto, cando lle chegou a súa vez á música caribeña, empezou a orquestra a tocar sen o Pachote, quen apareceu uns minutos despois, vestido con traxe branco, "pajilla" e a cara pintada de negro. Nas mans traía unhas maracas (instrumento rítmico caribeño), cousa que xamais se vira por aqueles lares, cantando e bailando ao son das súas maracas.



O Pachote.

Como se di agora, "facían" unha música moi moderna para aquel tempo, naturalmente, xa que, a que estaba de moda era o pasodobre, o vals, o tango e pouco máis. Pero el tocaba xa música do Caribe: de Cuba, Porto Rico, Venezuela... e tamén norteamericana, aquela que facían os negros: ritmos como a rumba, o bolero, o fox-trot, o charlestón e moitos máis, que aprendera na súa estadía no Brasil.

Antes de que pasara un ano, do que se acaba de relatar, estalou a Guerra Civil e pasou todo o que pasou... Pachote tivo que fuxir da casa e tirarse ao monte, xa que as súas ideas políticas esquerdistas, non eran compartidas polos que mandaban pola súa bisbarra. Un mal día matárono de dous tiros no camiño entre Acea e Monfero.

MANUEL SABÍN ABRODOS

Era de Vilouzás, tocaba o clarinete e o saxofón. Aprendeulle a tocar o director da Banda Municipal de Betanzos. Fundou unha das primeiras músicas da comarca, coñecida como a Música dos Sabín. Cando a guerra civil ingresou na Banda Isabel a Católica, e cando veu formou unha orquestra en Betanzos coñecida como "Los Ideales". Empezou a traballar na Bazán, e alí entrou nunha banda que fixo D. Manuel Fanego, e así estivo como clarinetista e carpinteiro. Tocou nalgunha orquestra de Ferrol como Casablanca.

JOSÉ SAYA DOPICO

De Vilouzás (Paderne), tocaba a trompeta. Cando empezou foi de moi novo –máis ben de neno– coa Música dos Sabíns na que aparte da trompeta, tocaba tamén o bombardino.

Cando tiñan actuación ou ensaio na Casa de Sabín, ao rematar tíñano que levar á súa casa, xa que era tan neno que aínda tiña medo. Foi integrante dos *Mozos de Paderne*, que máis tarde deron lugar aos Rambalts. Despois pasou aos Guiliades, e alí andou con Casimiro, o Esperela e Finita Gay.



José Saya

ANTONIO LEIRA DÍAZ "PATOLO"

Antonio Leira foi un destacado músico nado en Campolongo, Pontedeume. Os primeiros pasos na música, iniciounos co cura de Campolongo e con Eduardo Pita (dos Pitas de Pontedeume). Aos dez anos xa tocaba na Banda Municipal de Pontedeume.

O seu primeiro instrumento foi o requinto. Da Banda Municipal e algunha interpretación coa Banda de Bellas, pasou aos Pachotes e máis tarde ao longo de tres anos pertenceu aos Mansos.

Aos 16 anos ingresou como músico de terceira na Banda de Estado Maior no cruceiro Miguel de Cervantes. A guerra colleuno no bando republicano e foi dar ao campo de concentración de Rota sendo expulsado do exército. Antes de ser expulsado dirixiu a banda da Escola Naval de San Fernando.

Cando se iniciou a Guerra Civil española el estaba na milicia, concretamente en Infantería de Mariña, na zona Republicana. Cando se botou o "Crucero Libertad", pedíronlle que fixera a música do himno, como así fixo, con letra de Toucet, que era o Comisario político de buque. Este himno estreouse no Teatro Romea, nun acto ao que asistiron as autoridades militares e políticas. A escuadra da España Republicana, tivo que se resgardar no porto de Bicerta (Arxelia). Alí fixeron unha orquestra, sobre todo con músicos cataláns e máis co seu irmán Ramiro. Metéronnos nun Campo de Concentración, para tocar nas misas e amenizar a festas.



Antonio Leira Díaz

Cando acabou a súa vida militar, xa de volta na súa casa, integrouse en agrupacións musicais de todo tipo, tanto como intérprete, profesor ou

director. Tocou na orquestra de Bellas, na dos Pachotes e na dos Mansos. Finalmente fundou a orquestra *Ritmo*, nome que máis tarde cambiaría polo de Orquestra dos "Patolos", o seu alcume, pois todo o mundo a coñecía por ese nome.

Cando se reorganizou a Banda Municipal da Coruña, fixo oposición a ela, sacando en propiedade a praza de requinto.

Estivo moi relacionado coa música en Pontedeume como a Academia de Música Municipal de Pontedeume da que saíron un grupo de gaitas coñecidos por "Os Nenos do Eume" no 1954, Banda, Agrupación Artística Eumesa, logo Brisas do Eume (1958 en diante), Coral Polifónica no 1970 que chega da súa man ata 1982, crea o grupo de gaiteiros Airiños do Eume. (Ana Fernández, 2000).

JOSÉ VEIGA "O ESPERELA"

Nado no lugar de Esperela (concello de Paderne), tocaba clarinete, saxofón e algo o violín. Cando era pequeno ía algunha vez co grupo de gaitas que tiñan na familia (Emilio Veiga, gaita; Fernando Veiga, bombo e Manuel Veiga a caixa). Xa se vía que despuntaba neso da música, e así cóntanos Remedios Veiga:

"En certa ocasión os gaiteiros da familia tiñan unha competencia en Vilouzás nun salón e levaron o neno, que daquela aínda andaba de pantalón curto. O caso é que cando chegaron aló foi con bastante retraso e a xente xa estaba toda cos competidores, e non se lles ocorreu mellor cousa que poñer o neno sentado nunha ventá tocando un pito para chamar a atención. A idea funcionou, e ao pouco tempo estaba o local cheo de xente."



José Veiga

Estivo nos Guiliades moitos anos antes e despois da guerra, tocando o clarinete, saxofón e violín. Anos máis tarde fundou a orquestra Esperela con sede na Coruña, tocou tamén na Orquestra Casablanca e na Orquestra X.

A súa filla Flora Veiga, contounos unha anécdota que lle ocorreu cando obrigaron a dispoñer dos carnés profesionais, para os que había que pasar un exame:

"O caso foi que a el esta medida xa o colleu algo maior e negouse en redondo a facer ningún tipo exame, dicía que haber quen eran eses "examinadores" para dicirlle a el que era músico. Ao final non se presentou, pero ao pouco tempo mandáronlle igual o carné á casa."

SERAFÍN GÓMEZ

Naceu en Vilamourel, concello de Paderne, pero veu a vivir a Betanzos sendo aínda moi neno. Aprendeu a xastre no taller que rexía Pedro Pena, situado na rúa dos Prateiros, que ademais de coser fora músico da Banda Municipal de Betanzos.

Hai que supoñer que o mestre influiría no alumno para ingresar, como educando, na banda municipal, onde tocou algún tempo o saxofón tenor.

Nun dos "baches" que sufriu a banda, ingresou na orquestra "Patolos" de Pontedeume. Máis tarde nos "Bohemios", da zona de Sada; e logo no ano 1955 nos "Satélites", acompañándoos na súa xira a Venezuela.




Serafín Gómez

Cando os Satélites regresaron a España, el quedou en Caracas, onde estivo en outras orquestras como: "Orquesta Oriente" ou "Casablanca".

De regreso a España volveu a tocar coa orquestra Bohemios e posteriormente voltou de novo aos "Satélites", onde estivo ata que se retirou.

ANTONIO DÍAZ MONTERO

Era natural de Paderne, tocaba a tuba e o helicón. Foi un dos fundadores dos "Mozos de Paderne", formación que posteriormente pasou a denominarse "Orquesta Rambalts". Estivera no exército nunha banda militar e como a moitos outros da súa xeración viuse afectado pola Lei Azaña.



Antonio Díaz

JOSÉ FRAGA

Natural de Espenuca, aprendeulle a tocar a trompeta un que había na banda municipal de Betanzos. Nas orquestras empezou tocando nunha que había en Meangos, que eran tres irmáns que se coñecían como os fillos de Gervasio. Máis tarde tocou nos Mansos (Cafús), na X e cos irmáns Mallo.

MANOLO LAMAS



Manuel Lamas

Manolo Lamas fundador da orquestra Lamas e despois da Lamas La Piña. Foi un gran músico. Tocaba tanto a frauta como o saxofón. Estudou con seu pai Antonio Lamas e despois en Ferrol con Eduardo Díaz. Foi Director do Coro galego *Toxos e Froles* e estivo vinculado ás bandas militares. Creou a orquestra Lamas e a Lamas La Piña. Incluso chegou a realizar algunhas composicións propias para a orquestra (Xosé Paz, 1998).

Naceu en Pontedeume, seu pai tiña unha barbería, pero aínda que se apelidaba Lamas, todos lle chamaban o "Trancho".

Certo día un dos que isto escribe tiña que actuar no Coliseo García Novoa, de Pontedeume, cunha compañía de teatro afeccionado, de Betanzos, deuse conta de que tiña o pelo moi longo e a barba algo medrada tamén.Como había tempo entrou nunha barbería, ao fronte da cal estaba un señor maior, cun mandilón branco.

-¿*Qué desea*?

-Pois... corta-lo pelo e mais afeitarme.

-Séntese.

Comezou a traballar e, como bo barbeiro, comezou a falar.

-Vostede non é de por aquí.

-Non. Son de Betanzos.

-Será deses que veñen a facer o teatro.

-Pois si.

Pasando unha ollada pola barbería vin unha guitarra pousada nunha cadeira. Preguntei:

-¿E esa guitarra?

-É miña.

Como bo barbeiro era falador. Dixo que á súa familia chamábanlle "Os Tranchos" e todos tocaban algún instrumento: o meu fillo Manolo é o máis famoso. Ese chegará a moito na música.

Vaticinou ben. Estivo nunha banda militar e fundou a orquestra Lamas La Piña, e estivo sempre moi vinculado á música.

Cando acabou o seu traballo, pillou a guitarra, afinouna e tocou catro ou cinco pezas, moi ben tocadas, comezando cun minueto de Schubert.

Cando acabou, ademais de pagarlle deille as grazas, aínda que fixera unha trampa:

-Ese minueto estaba en si menor e vostede tocouno en la menor. Nesa tesitura é moito máis fácil.

-Perdón. Comprenderá que vou vello.

Os dous nos botamos a rir.

O seu fillo Manolo tamén noutra ocasión que foi tocar a Meirás, cerca de Ferrol ao San Salvador, tamén fixo outra trampa con outra peza de Schubert. O cura díxolle que lle tocase unha cousa bonita na misa, como unha pregaria a San Salvador no momento de alzar. Despois de moito terquear, que non podía ser deuse por vencido e aceptou. Cando estaba o crego levantando a Hostia arrancou a orquestra coa serenata de Schubert, unha música moi apropiada e cunha letra (hai que recordar que a serenata de Schubert non ten letra) cociñada no momento que consistía en repetir:

-Ai, San Salvador...Ai, San Salvador...

Os compañeiros ao rematar miraban uns para os outros temendo a reacción do cura, pero este ao acabar o oficio relixioso dirixiuse a Manolo con cara de satisfacción:

¡E despois dicías que non podías!

NORBERTO COUCE

Empezou tocando a batería na "Orquesta Rambalts" e foi a alma da mesma dende que chegou, tanto que cando el se fixo maior e abandonou a orquestra, esta desapareceu ao pouco tempo.

Norberto era un rapaciño moi simpático, que quería triunfar no mundo da música.


A guerra civil española, ¡por fin!, acabárase. O común da xente estaba cansada desa guerra civil –se é que unha guerra pode ser civil– e quería retornar á normalidade. Os que estiveran no conflicto, non o entendían, sobre todo os novos –nenos diría eu– que estaban convencidos que a guerra era o verdadeiro status do país. Pero mellor é deixar de divagar e comentar o que agora nos importa.

Norberto nacera na parroquia de Santa Olaia da Viña, do Concello de Irixoa, nunha época na que aquela localidade tiña unha vida mercantil e económica moi importante, posto que, no Chao da Viña, lugar da súa nacenza e residencia, celebrábanse tres feiras mensuais os días seis, quince e vintecatro.



Norberto Couce

Aquelas casas que estaban ao redor do Campo da Feira, todas, ou case todas, tiñan algún negocio ou establecemento que, unido á agricultura familiar, facía desas familias uns ricachos... ¡non ricachóns!, pero vivían moi ben.



Cuño da orquestra Rambalts. (Cedido pola familia de N. Couce).

Despois de acabada a guerra as murgas transformáronse en Orquestras. ¿Que diferenza había? Os clarinetes tocaban, alternativamente ese instrumento e o saxofón; os do bombardino, cambiaron, primeiro polo trombón de pistóns e, máis tarde, polo trombón de varas. Pero houbo unha gran aparición: a batería, que tamén se lle chamaba "Jazz Bam". Estaba integrada por un bombo, accionado mediante un pedal; un tambor ou caixa, uns platillos e unha "caixa china", como mínimo. Tamén se lle podían engadir outros instrumentos ou artefactos de percusión, a gusto do instrumentista, como era o "temple block".

A Norberto compráronlle na casa unha batería... que non era unha batería calquera, era das mellores. Tamén custara aquela conta.

Agora había que atopar un mestre que lle ensinara a tocar. Atopárono e, alá foi a deprender, sen saber unha nota de música. Pero iso era o de menos. Naquel tempo case ningún percusionista sabía nada de música. Buscaban para ese posto a un rapaz que tivera algo de "oído musical", que fose alegre e simpático e que soubera facer monicadas, para sacárlle-lo riso aos espectadores que non bailaban. Norberto resultaba un bo e acreditado opositor para esa praza.

O profesor loitaba moito para que o noso home deprendera pero, como o pai do alumno pagaba ben e puntual, o home armábase de paciencia e repetía as cousas ata que o alumno aprendera. Pero canto máis avanzaba na materia peor ía a cousa.

Certo día que estaba o profesor a ensinarlle unha pasaxe un pouco difícil e que o alumno non era quen de repetilo, chegou un momento en que o mestre non aguantou máis e díxolle que non era así, e que, mentres non fixera ese exercicio non o pasaba de lección. Cabreouse o Norberto e díxolle:

-Mire maestro o "jazz" é meu e eu toco como quero. E, se me da a "jana" toco así, e senón doutra maneira e, se quero rómpoo e non me han faltar dous mil pesos para mercar outro.

Tiña que estar moi cabreado Norberto para dicir iso, non era ese o seu talante.

No palco coa orquestra era todo un espectáculo, daba a impresión de que tocaba, cantaba e bailaba ao mesmo tempo... e tamén se encargaba de facer os contratos da orquestra...¡Para iso non o había mellor!

Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira

FRANCISCO VÁZQUEZ "PASCUA"

Era de Aranga, tocaba a trompeta, e que saibamos tocou na Orquestra Moderna de Coruxou e na Tropical. Despois foise para Ferrol onde tocou en varias, unha delas a Lamas La Piña.

Chamábanlle así de alcume porque era sobriño dunha señora que se chamaba Pascua e andaba por tódalas romarías da bisbarra cantando e acompañándose dunha pandeireta. Durante moitos anos unha das pezas que interpretaba, tiña esta letra:

No vayas nunca al molino
a moler, porque te puede
coger el molinero,
y con el trigo que llevas
verás como te puede llevar
trigo y dinero.

Un molino que hay en las afueras
mucho y mucho da que hablar...

VICTOR SANMARTÍN RICO "MANTEIGA"

O pai tiña un establecemento de coloniais; no baixo da casa dos Becaría en Betanzos. Eran tres fillos: Manolo, Victor e Adolfo (Fito). Estudou música na Escola Municipal e, cando tivo a preparación suficiente, ingresou na Banda Municipal tocando o fliscorno. Seguiu os estudos correspondentes e, como naquela época non había –polo menos na nosa bisbarra– un conservatorio, foise para Ferrol a estudar co Director da Banda Militar de Infantería, que todo o mundo lle chamaba Don Félix (non sabemos os apelidos). Este señor descubriu no rapaz unha predisposición extraordinaria para a música e fixo todo o que puido para ensinalo e preparalo para unhas oposicións a Bandas Militares.

Así foi que cando unha vez cumpridos os dezaoito anos, que era a idade mínima para facelas oposicións ás referidas bandas, presentouse a elas, sacando o número un, a praza de fliscornio primeiro. Naquel momento era o músico de primeira máis xove de España.

Máis tarde, sen perder a condición de músico militar, tocou en moitas orquestras de música lixeira, entre elas "Los Player´s".

ALFONSO GARCÍA

Do Alto Xestoso, tocaba o trombón e cantaba. Empezou a tocar nos "Castigadores do Alto" e despois foi para a "Orquesta Puentes" das Pontes de García Rodríguez. Fundou alí a orquestra Hispania das Pontes e máis tarde foi para a Lamas-La Piña de Ferrol.

CELESTINO AMADO

Do lugar do Pachote, parroquia de Torres, no concello de Vilarmaior. Seu pai, José Amado Freire, tocara a caixa co gaiteiro Caínzos, pero el aprendeu a tocar a batería con Pedro de Bemantes, despois de rematada a guerra. A súa estrea ante o público foi o 12 de xaneiro de 1941, no salón de Jesusa en Vilamateo coa orquestra "Flor". Esta orquestra estaba composta por un baixo, un trombón, un saxofón, dous clarinetes e batería. Posteriormente tocou nun cuarteto que organizou Rogelio de Callobre e outro irmán que tocaba o clarinete, chamado Antonio, ademais de Esteban, de Callobre, que tocaba o saxofón e tiñan unha gaita que era como un clarinete, porque lle puxo chaves.



Celestino Amado

Despois estivo na Atlántic de Pontedeume, con Raimundo Amado, e Pedro Amado, Leonardo Amado, Pedro e Carlos o vocalista. Tamén estivo nos Pachotes e, finalmente, na Banda de Unión Rías Altas con Patolo e na Banda Municipal de Betanzos con Antonio Purriños.

MANUEL VIDAL

Natural do concello de Irixoa, tocaba o saxofón. Estivo en diversas orquestras da zona de Ferrol: "Rosaleda", "Perlas", "Brindis", "San Remo", "Bolero", "Nómadas" e "Universal".

JOSÉ PORCA VARELA

Natural do lugar do Tercio no concello de Vilarmaior. Tocou nos Pachotes, Rambalts, Orquestra X e na Tropical.

XOSÉ VIDAL VAAMONDE

Naceu en Obre (Paderne) e de neno, como tódolos nenos nacidos nas aldeas, os pais mandábano levalas vacas a pastar. O rapaz, mentres coidaba do gando, tocaba unha frauta, seguramente feita por el mesmo ou mercada na feira en Betanzos. Este feito, xunto cunha prematura seriedade e un carácter introvertido, vaille creando un ambiente na súa aldea de incomprensión. Tanto foi así, que os seus veciños chegaron a convencerse de que o rapaz era parvo.

Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira

Ao chegar á idade de escoller unha profesión el dixo que quería ser músico, empezou a estudar na Escola de Música de Betanzos, destacando entre tódolos alumnos e chegando a tocar na Banda (Cuns, 1986).

Ao pouco tempo marchou para a Banda de Infantería de Mariña de Ferrol.

Pasados algúns anos estala a guerra civil e cando esta acaba, constitúese a "Banda do Xeneralísimo", previa unha oposición á que concorren moitos dos mellores instrumentistas de toda España, xa que os soldos eran elevados para que o Caudillo puidera gabarse de ter a mellor Banda. Pois ben o noso home obtivo a praza de frauta primeiro.

En Madrid compatibilizaba a súa actuación na Banda con actuacións cunha orquestra de "música lixeira", nun teatro da capital.

PUCHO PORTELA

"Pucho Portela fue la voz y el violín de la ciudad durante una prolongada época. El estilo del trovador de Marineda fue comparado a Jorge Sepúlveda... aprendió a tocar el violín. Se lo había comprado su abuelo por 55 pesetas... El maestro fue Emilio Doncel... Con poco más de 15 años ya se había ido con el maestro Cerdeiriña... actuó otra vez con Antonio Mallo y le fichó la orquesta Ubierna para la Solana... Inauguró la Parrilla en 1949 y acabó con grupo propio: "Pucho Portela... se iría por España con el Quinteto Savoy... A mediados de los cincuenta... fichó por la orquesta Los Satélites y junto a Pucho Boedo y Alvarito Pita se marchó a Venezuela a mediados de los años cincuenta... Una vez de regreso le llamaron de Barcelona. Era el pianista Mastmijá... que inició un nuevo recorrido por España."

Isto foi o que dixo del o escritor e periodista, C. Fernández nun artigo da Voz de Galicia (de 11 de xaneiro de 1998) e a quen no nos quedou máis remedio que copiar.

Era un músico de verdade. Faleceu hai pouco tempo, no 1997.



Pucho Portela

FINITA GAY

Era de Castelo ao lado de Tabeaio (Carral). Xurxo Souto nun artigo de *La Opinión* (2000) escribiu sobre ela: "Finita Gay foi a raíña das festas das Mariñas. A primeira muller que subía a cantar a un escenario... case tivo que escapar da casa – alá pola parte de Castelo, en Carral– para conseguir ser artista.

Cos seus compañeiros dos Guiliades provocou auténtica conmoción. Viñan mozos e vellos dos lugares máis apartados para ver a esta fenomenal animadora, que os facía tremer de emoción cando bailaba a raspita".

Non cabe dúbida que marcou toda unha época. Pasados os anos son moitos os que aínda a recordan con emoción. Nun simpático libro de Genaro Longueira titulado "Testemuñas dun neno", recorda cousas da súa nenez e xuventude, concretamente nun párrafo confesa a impresión que causou nel esta animadora con aquela canción que dicía:

Yo te diré
Por qué mi canción
Se siente sin cesar...
Me faltan tus risas,
Me faltan sus besos,
Me falta tu despertar.



Finita Gay cando xa estaba en Caracas. (Foto cedida pola familia).

Estivo na orquestra Mallo e outras. En pleno éxito marchou a Venezuela. Alí casou e traballou como modista. Cando tivo os fillos criados, decidiu volver e facer o que de verdade lle prestaba: cantar.

Regresou nos oitenta e, nun acto de valentía impresionante, investiu todos os seus aforros nun Café Concerto en Tabeaio: *A Martela*, nome do lugar onde se criou.

Desgrazadamente aos poucos anos, en pleno triunfo, morreu víctima dunha rápida enfermidade.

DELFÍN BARRAL

Non era da comarca, xa que nacera en Pontevedra, pero tivo moito éxito nas festas de por aquí, onde aínda se lle recorda polo virtuosismo co seu acordeón. Triunfou nos cafés concertos do momento na Coruña: no Luisa-Fernanda e no Méndez Núñez. Tamén tocou en orquestras como os Satélites.

Como di Xurxo Souto: Foi erudito tamén en harmonías xa que compuña e amañaba as súas propias pezas.

Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira

En certa ocasión apareceu ilustrando unha caixa de mistos e os coruñeses fixéronlle unha canción no Antroido, na que a letra dicía:

E Delfín Barral
como era moi listo
sacáronlle a cara
na caixa dos mistos,
¡ai si!
na caixa dos mistos.

Os anos finais da súa vida foron de tristeza debido a unha enfermidade mental que o levou a rematar os seus días nun manicomio.

ANTONIO CAL PURRIÑOS E ANTONIO CAL VÁZQUEZ "OS PURRIÑOS"

A familia era de San Mamede, do concello de Paderne. Posteriormente trasladáronse a vivir a Betanzos.

O pai era coñecido por Antonio Purriños, aínda que os seus apelidos eran Cal Purriños. O fillo era Antonio Cal Vázquez pero tamén era coñecido como Purriños.

O pai tocaba o saxofón e o clarinete, aprendeu en Betanzos, e o fillo, en canto puido manexalas baquetas, xa empezou a tocar a batería nas orquestras.



Antonio Cal Purriños.
(Tirada de foto cedida pola familia).



Antonio Cal Vázquez.
(Tirada de foto de Carlos López "O Bo").



T M B JAZZ BAND. Orquestra de Jazz con sede en Betanzos: Brandariz, piano; Juan, batería; Juan, contrabaixo; Miguel, guitarra; saxos: Antonio Purriños, Lito, descoñecido, Paco e Marcote; trombóns: Crespo, Arcadio e Fernando; trompetas: Tonecho, Pepín e Pita; Antonio Cal Vázquez, director.

Ao rapaz íalle o da música e logo aprendeu a tocar varios instrumentos, aínda que os que mellor se lle daban eran o saxo e o clarinete. Marchou para América do Sur e despois a Londres, onde seguiu perfeccionando a interpretación, chegando a destacar como un mestre do jazz.

Estivo vinculado sempre á música, incluso participou na montaxe do espectáculo de Xesucristo Superestar con Camilo Sexto. Cando chegou de volta a Betanzos creou e dirixiu a Orquestra de Jazz e tamén a Banda Municipal de Betanzos.

JOSÉ GARCÍA FERNÁNDEZ "PEPE PACHOTE"

Tocaba o contrabaixo. Sobriño de José Fernández (O Pachote), de Leiro (Miño).

"Eu empecei nos Rambalts e na Orquestra Esperela que organizara José Veiga Cal no 1948. No ano 1954-55 fundei a orquestra *Ritmo* e máis tarde *Os Platinos*. Estiven tocando dende 1943 ata o 1981, aparte das orquestras nas que traballei, tamén andiven de prestado en moitos grupos".



Pepe Pachote



Antonio Sordo Abeal coa orquestra Mallorca das Pontes, no 1964. É o segundo pola esquerda que toca o saxo. (Foto cedida pola familia).

ANTONIO SORDO ABEAL "ALBARIZA"

Nado no lugar de Albariza, na Viña (Irixoa), tocaba o saxo alto. Aprendeu a tocar en Ambroa e despois na guerra civil estivo na Banda do Exército. Ao vir da guerra andivo cos Castigadores do Alto e nunha orquestra de Xermade que se chamaba Venecia, ademais de con "Ramil y sus Muchachos". Despois formou parte de diversas orquestras como a X, os Rambalts, Tropical, Finisterre, Montecarlo e nos Magos. Axudou a fundar os Gemelos.

Coa orquestra Finisterre fora unha vez a reforzar a orquestra Compostela a Orduña –el tiña carné nacional–, e na volta o coche tivera un accidente e morreran catro músicos da Compostela.

Contaba que estando nos Gemelos meteran dunha vez a un deles no cárcere, con tan mala sorte que ese día tiñan unha actuación importante, e dábase a casualidade que o que estaba preso era o que mellor cantaba. A cousa foi que fórono a visitar, e cando saíron fixérono cos xemelgos cambiados, deixando dentro o que non cantaba tan ben.

Cando tiña algunha competencia co saxo poñíao de moitas maneiras, incluso o tocaba con el nas costas. Contaba que unha vez nunha festa cando acabou de facer este número regaláronlle unha vara de roscas.

ARTURO MIRAD PICO

Do Alto Xestoso, tocaba a trompeta. Empezou cos "Novos" de Xestoso, cando esta se desfixo foi para a Hispania das Pontes e a Finisterre da Coruña. Marchou para Venezuela onde estivo tocando en varias orquestras de por alí.

OS DO BO: ANÍBAL, CARLOS E GUILLERMO GONZÁLEZ



"Os do Bo": Guillermo, Carlos e Aníbal. (AMB).

Hai moita xente convencida de que a palabra, verba ou termo "internacional", sen máis, lévao a pensar nun futbolista, pero tamén hai outras profesións ou devocións, nas que se pode ser internacional, por exemplo na música.

Se o lector se pregunta se nesta bisbarra, comarca, ou como lle queiran chamar, houbo algún internacional na música, dirémoslle que moitos. Agora mesmo imos falar de tres:

Carlos González, inda que naceu en Ourense, onde vivía toda a súa familia, veu moi noviño para Betanzos, porque a tal familia se instalou nesta cidade, montando un almacén de viños do Ribeiro, onde se despachaba tamén por cuncas. Seu pai, Aníbal de nome, era ourensán, nado en Alongos, vila da zona do Ribeiro, con sona de bo viño e de bos músicos.

Guillermo González, irmán do anterior, cremos que xa naceu en Betanzos.

Destes dous irmáns pódese dicir que "mamaron" a música porque a foron aprendendo dende que puideron entendela, que foi moi axiña.

Aníbal –o pai deles– ao pouco de chegar armou unha orquestra, á que tivo a xentileza de poñerlle o nome de Brigantina, detalle que os betanceiros lle agradecemos.

El foi o primeiro mestre dos seus fillos, mais, cando notou que a el xa o estaban superando en canto a coñecementos musicais, envíounos a estudar con profesores, algúns deles de prestixio.

Carlos toca o piano, acordeón, saxofón e outros instrumentos e Guillermo toca a batería, acordeón, saxofón, etc.

Tanto un como outro comezaron as súas actuacións en público aos seis ou sete anos, na Orquesta Brigantina, que seu pai fundara, e cando actuaban eles podemos dicir que se acababa o baile (cada un na súa época) xa que case todo o mundo deixaba de bailar e coa boca aberta a xente miraba para o rapaz de turno, ata que a eles tamén se lles abría a boca, pero a causa era que os pillaba o sono.

Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira

XOSÉ FREIRE

Naceu na zona de Pontedeume, pero xa dende moi novo apareceu por Betanzos, posto que comezou tocando, sendo un neno –non tanto como os dous anteriores– nunha orquestra das moitas que tivo Antonio Purriños (pai). Non podemos recorda-lo nome da orquestra porque tivo moitas, tantas que, inda que todas tiñan o nome correspondente, foron sempre coñecidas por a orquestra do "Purriños".

Marchou para Venezuela, e alí estaba considerado como un dos mellores saxofonistas de Caracas. Cóntase que Aldemaro Romero, compositor, arreglista, pianista e director de orquestra venezolano, cando se dispoñía a gravar un disco, sempre escollía entre os músicos a Freire.



Freire

PUCHO BOEDO

Naceu no lugar da Ramalleira en 1928 na Coruña, seu pai morrera asasinado no ano 1936, era sindicalista da CNT. De pequeno traballou en varios oficios.

Aos dezanove anos entrou a formar parte do trío "Los Celtas", con Quique Rosende e Rolando. Estaban moi acoplados. Quique e Rolando tocaban cadansúa guitarra e Pucho Boedo tocaba as maracas.

Como conxunto músico vocal, chegaron a Betanzos no Teatro Castilla, nos anos 1947 ou 1948. Eles e o caricato "German" eran os dous números "estrela" do espectáculo, ademais dunha rapaciña que cantaba con moita graza unha canción titulada "El patinete", mentres ía montada no indicado artefacto.

Cando se disolveu o Trío, con motivo da marcha a Cuba de Ronaldo (que era cubano), Quique Rosende tocou e cantou en moitas orquestras coruñesas e Pucho Boedo iniciou unha vida dedicada ao espectáculo.



Pucho Boedo. Debuxo de José Luis Muñoz

Cantou en varias orquestras como A Eslava, a Spallant (antes Espallante), Ubierna, os Mallos de Feáns, Radio City, Oriente...

Entrou a formar parte da orquestra Os Trovadores de Alfonso Saavedra.

Nos anos de 1950, despois dunha primeira etapa cos Trovadores embarcou cos Satélites cara a Venezuela. Pucho non volveu cos Satélites, quedouse en Venezuela. Alí formou dúo co pianista Willy Gamboa. Cando regresou integrouse de novo cos Trovadores, que eran unha formación de élite que pasaba os invernos nas mellores salas de Madrid. Con eles gravou os seus primeiros discos. Dese tempo son os boleros Sahara, o tango Chessman... ás gravacións dicíase que ía sen durmir que así disque tiña mellor timbre de voz.



Disco editado por Ruada no 1980. (Imaxe cedida polo Arquivo Sonoro de Galicia. Concello da Cultura Galega).

No ano 1961 comezou cos Tamara, conxunto que viña do norte de África, fuxindo da revolución de Alxeria, e que ía cara a París.

Cos Tamara gravou por primeira vez en galego con Galicia Terra Nosa. Cantou no Olimpia de París, compartindo escenario con Charles Aznavour e Jacques Brel.

Dáballe aos boleros, rancheiras, xotas, tangos, merengues... era un todoterreo.

...que hay en tu corazón
mi tierra gallega,
que cuando el alba llega
me siento preso de su esplendor.

ÁNGEL BRANDARIZ

É o nome artístico dun músico que lle poderiamos chamar ocasional, xa que a súa profesión, que actualmente exerce, é a de Perito Agrícola. Naceu en Betanzos e actualmente vive na Coruña. Pero non imos falar del como Perito Agrícola, senón como músico.

No mesmo edificio, no que vivía el de neno cos seus pais, tamén vivía seu tío político José Luis Téllez Cabrejas, que era músico profesional. Tocaba, e toca, o piano. Con el aprendeu Ángel Brandariz.



Ángel Brandariz coa orquestra de Jazz da Coruña, el é o que está ao piano. Esta orquestra estaba composta ademais polos seguintes músicos: trompetas, Rivas, Justino, Gestal e outro non identificado; trombóns, Gestal (fillo), Alonso, Marcial, Virginio; saxos, Pepe, Carlos, Planels, Sierra; frauta, Herminio; Fraguela, timbais; "Flecha", batería; Miguel Spallant, guitarra; Alfredo, baixo; Sierra, director.

Posteriormente completou a súa carreira musical no Conservatorio da Coruña. Cando acabou, e durante unha longa tempada, exerceu como pianista profesional, tocando nas seguintes orquestras: "Bayas", "Trebol", "Satélites", "Bolero" e na "Orquesta de Jazz de la Coruña", actuando practicamente por toda España e unha boa parte do estranxeiro.

TOMÁS SOUTO

Do Alto Xestoso, tocaba o saxofón.

"Aprendín con Gumersindo Pico da Porta Pena, que tocaba o saxofón nos "Castigadores do Alto". Ensinábanos polas noites polo método "Eslava" e despois co "Progreso Musical".



Empecei a tocar cos "Novos" do Alto Xestoso e despois fun para a orquestra Hispania das Pontes. Ao cabo dun tempo esta orquestra desfíxose e fun para unha que había en Xermade, que era coñecida co nome de "Os Novos de Burgás". Esta última tiven que deixala porque fun para a vida militar.

Xa de militar toquei en varias orquestras como na Bahía, Jazz Melody, Finisterre e na Mallo. Despois

volvín para a Finisterre, estiven nunha de Vigo e, finalmente, na orquestra "Los Dukes", de Juan Sobrino.

Naqueles primeiros tempos no Alto Xestoso hai moitas anécdotas, pero o que se me ven á memoria é o frío e o medo que pasabamos cando había que ir a pé polo Serrón do Lobo, ou ata Momán, Xermade, Roupar... Durmiamos en calquera lado, moitas veces nos pallares... ¡andabamos coma os moinantes!".

ALEJANDRO E JOSE LUIS TÉLLEZ CABREJAS

Naceron no seo dunha familia onde se lle rendía culto á música, dado que o seu pai, don Alejandro Téllez, ademais da profesión de mestre ou profesor de E.X.B. ou como agora se chame, tamén era un bo pianista.

No seu domicilio ámbolos dous aprendían música e, ademais, cadanseu instrumento: José Luís o piano e Alejandro (máis coñecido por Quique) o violín.

Unha vez asentada toda a familia en Betanzos, tras da aprendizaxe, os dous se dedicaron profesionalmente á música.

A primeira orquestra de ambos foi: "Los Capitanes", de Sada. Outros compoñentes da mesma foron: Louzán, Seva, Milucho o Capitán, Manolo o Capitán, Pepe de Pazos, Chucho o Lelo, Mero, Miguel, o Granxeiro, Pepe Mollo, Cochero, etc. Entre os vocalistas, actuaron nesta agrupación: Alvarito, Pucho Boedo e Abel González.





Enrique e José Luis Téllez. Hai que dicir que Enrique tocaba o contrabaixo e non o saxofón.

José Luís pasou da anterior orquestra á "Orquesta Lamas La Piña", de Ferrol, integrada naquel tempo, por: Manuel Lamas, Victor Sanmartín, Carballés, Cipriano, Aquilino Pérez, José Luís Muñoz, Bellas, Leandro, Freire, Mauriz e outros. Hai que destacar ao seu cantante Santi Par, xa que tanta fama adquiriu que, durante moitos anos, chegou a anunciarse o grupo como "Orquesta Lamas La Piña y su vocalista Santy Par".

Seguindo con José Luís, aparte das dúas orquestras antes referidas, tivo unha actividade independente como organista, tanto coa música relixiosa, en innumerables templos, como acompañando distintas agrupacións.

Por esta última causa recorreu: Asturias, León, Cantabria, País Vasco, Madrid, Portugal, Italia e o Estado do Vaticano, xa que na Basílica de San Pedro, tocou o seu magnífico órgano, acompañando á Coral Polifónica de Betanzos.

NARCISO BABÍO "LOUZÁN"

"O meu mestre foi Benito "O Veijeiro", que era moi bo saxofonista. A primeira orquestra na que toquei foi cos "Agüelas", en total eramos sete, e os que lle daban nome eran tres irmáns de Mondego: José, Ramón e Francisco.

A seguinte orquestra na que estiven foi nos "Barrales" de Cecebre e despois, no tempo da posguerra, nos "Capitanes", onde estiven bastante tempo. Contratábannos moito na parte de Irixoa porque eu tiña un parente de comandante de posto da Garda Civil no Cuartel de Irixoa e os das comisións de festas crían que se contrataban á nosa orquestra deixaban o baile ata máis tarde.

Estiven máis tarde nos "Patolos", onde botei dous anos pero érame moi incómodo porque tiña que ir dende Bergondo en bicicleta ata Pontedeume. Na bicicleta non tiña luz e unha vez en Miño batín cunha pedra e caín, e aquí podiamos aplicar aquela canción que dicía: "Una piedra en el camino me enseñó que mi destino era"...cambiar de orquestra e así pasei á "Radio". Coa Radio andiven 15 anos e pasámolo boi ben pero ao final foronse moitos dos integrantes para Madrid e pasei aos "Satélites" onde botei outros vintecinco anos ata que me retirei."



Narciso Babío "Louzán".

VIRGINIO RIVERA MARTÍNEZ

Do Alto Xestoso, tocaba o trombón de varas.

Empezou nos "Novos" de Xestoso e despois na orquestra de Puentes. Foi para a vida militar e tocou na "Bahía", "Mallo" e "Satélites". A vida militar levouno para Burgos, onde andivo tamén con varios conxuntos.



Jesús de Moar

JESÚS DE MOAR

Nado en Leiro (Abegondo), tocaba a trompeta. Aprendeu a tocar co Paulus de Cerneda e despois co Sr. Ortega en Betanzos. A primeira orquestra na que estivo foi a dos "Imparciales" (Abegondo) e despois andivo na "Oriental" de Cesuras. Por problemas de saúde retirouse no ano cincuenta.

AURELIO SANMARTÍN

Do Alto Xestoso, tocaba o saxofón. Comezou a tocar nos "Novos" de Xestoso. Tocou tamén coa orquestra "Los Trovadores" en Madrid. Cando empezou a traballar en Astano deixou definitivamente a música.

RAMIRO RAMOS LÓPEZ "O CHABOLA"

Naceu en Irixoa e tocaba o saxofón. Estivo en varias orquestras da comarca e chegou a tocar nos Rambalts. Nos anos corenta casouse e foi para Sobrado ao lado do mosteiro, e alí formou a Orquestra "Os Conquistadores", que foron famosos na comarca.

En Sobrado aínda recordan unha pequena "desgraza" que lle pasou a Ramiro. O caso foi que un amigo seu viñera de Cuba e trouxéralle unhas partituras dos novos ritmos que se facían por alá, entre eles a peza coñecida como a "Pachanga". O noso home estivo algún tempo ensaiando para ver si lle saía a peza, pero como non lle daba encontrado o xeito como el quería, ao final cansouse e deixouna. Pasado algún tempo escoitoulla tocar a outra orquestra e daquela quixo volver a retomala, pero non atopaba as partituras por ningún lado. Preguntoulle á muller quen lle dixo que lles buscara unha utilidade mellor... ¡envolvendo os untos do porco na cociña! ¡Menos mal que non había divorcio!

JOSÉ MANUEL MOSQUERA "ALBAÑIL DE CAMBRE"

Douse a coñecer no concurso patrocinado por Rádio Nacional de España, *Desfile de Estrellas*, na Coruña. Gañou o primeiro premio nunha das especialidades nas que se dividía o concurso, en concreto a súa era a canción popular. Tras do seu éxito no concurso sacou o carné profesional e actuou nalgunhas orquestras como a "Oriente" e a "Radio". Destacaba nos números de canción andaluza, que estaba moi en auxe na época de finais dos cincuenta, debido ás películas que facían Manolo Caracol, Pepe Blanco, Atonio Molina, Juanito Valderrama, etc. Dous dos seus éxitos eran "Al pie de la fragua"e "El emigrante".



José Manuel Mosquera no teatro Rosalía na Coruña, nunha actuación para o "Desfile de Estrellas".

GUMERSINDO CALAZA CRESPO

Era do lugar de San Mamede do concello de Paderne, tocaba a trompeta e estivo nos "Rambalts" e na "Sintonía de Vigo". Morreu moi novo. Un irmán del tamén tocaba o saxofón.

SANTIAGO PARDO "SANTI PAR"

Chamábase Santiago Pardo Fajardo e era de Ferrol. Segundo el mesmo dicía comezou cantando polas rúas cando era neno para que lle deran algúns patacóns, cantaba polos portais cancións como "Amapola, lindísima amapola..."

Fixo un grupo cuns amigos, chamábanse "Los Fracasados" e logo entrou na orquestra "Orfeo" para recalar finalmente na orquestra súa de sempre, a "Lamas la Piña", onde actuou durante décadas.

Aos vintedous anos enfermou de tuberculose e foi necesario quitarlle un pulmón. A operación valía moitos cartos e fixéronse cantidade de festivais, incluso como el contaba chegábanlle sobres anónimos con cartos. Dende daquela seguiu cantando e tamén fumando como un carreteiro. Traballou na Bazán, onde lle daban moitas facilidades para que puidese cantar.

Non estudou música nin canto pero tiña o seu estilo propio. Segundo di chegou a cantar nas montañas de León cun solo micrófono para 12 músicos.

Era un cantante moi bo, que tiña un pequeno defecto, que era un pouco tartamudo. El mesmo lle dixo un día a un compañeiro:

-Ti non cantas coma min porque non es tatexo.

Na comarca había grande admiración por el, así contan que en certa ocasión a súa orquestra foi tocar á festa a un sitio que non había pistas como hai agora, eran todo camiños de carro. O feito foi que o último día da festa deu en chover e ao día seguinte saíron no carro dun tal Pérez que tiña como tracción á "Morena", pero o camiño estaba imposible e conforme iamos andando el ía botando xuramentos, baixaron todos os santos da volta ata que ao final foi escaseando o repertorio, e soltou:

-Me cago en Santi Par

Cantar, cantaba ben, pero de aí a santo...

ADOLFO E ANTONIO ULLOA

Son de Santaia de Probaos en Cesuras.

Adolfo: "Empecei cun tío meu e despois fun a Betanzos a estudar con Lourenzo e tamén aprendeume Pedro Lata Naveira que estudara en Portugal. Posteriormente fun para o servizo militar onde toquei na banda o clarinete e o saxo.

A primeira orquestra na que andiven foi a Música de Santaia e despois no ano 1947 fundamos a Orquestra Palma entre José Balado, José Lata, Antonio Mosquera, Florindo Vázquez e máis eu. Esta orquestra durou ata 1955 en que a sorteamos e uns seguiron con ela e outros fundamos a Solana. No1958 fun para a orquestra "Marcianos" da Coruña e despois retireime."

Antonio Ulloa tocaba o contrabaixo. Aprendeulle o seu irmán Adolfo, con el estivo na "Palma" e posteriormente na "Solana".



Os Ulloa coa orquestra Solana. Están de esquerda a dereita: Adolfo Ulloa, José Lata, Carro, Antonio Ulloa e José Regueiro (de Mesía), acordeón. (Foto cedida por Adolfo e Antonio Ulloa).


SINDICATO NACIONAL DEL ESPECTACULO

AGRUPACION SINDICAL DE MUSICOS ESPAÑOLES

Carnet n.º 15.577

Tarjeta PROFESIONAL de Identidad a favor de

D. Juan Sobrino Pazos

Clasificado como Saxofón

Madrid, 8 de Abril de 1968

El Presidente del Sindicato Nacional,

El Presidente A. S. M. E.,

JUAN SOBRINO PAZOS

"Nacín no lugar de Callobre do Concello de Oza dos Ríos no ano 1922. Empecei a tocar o saxo con dezasete anos, con Pepe Campos, de Paderne. Con dezaoito anos toquei na primeira orquestra cun parente meu chamado Francisco Sobrino co nome de "Los dos de Callobre", aínda que en realidade eramos cinco de varios sitios. Toquei na Orquestra Renny entre 1941-42.

No 1943 formei o meu primeiro grupo co nome de "Los Sobrinos" con seis compoñentes. Nesta orquestra tocaron tres Sobrinos: Francisco Sobrino, Francisco Agilda Sobrino e o seu irmán Antonio Agilda Sobrino.

No ano 1947 formei o grupo "Orquesta Marineda" de Betanzos, con oito compoñentes.


En 1956 formei a orquestra "Machín Blanco", con nove compoñentes, que durou ata 1968. O nome da orquestra víñalle do nome artístico do vocalista.

En 1968 chamoume Xesús Salgado que fundara había pouco o Trío Azteca na Coruña, alí compartín actuacións con José Pita Rozados, de Betanzos. Foinos moi ben por varios anos.

Posteriormente pasei ao "Club Náutico" con Enrique Rosende. Toquei tamén en varias orquestras máis como "Capitol" da Coruña, "Orquesta Bahía" que rexentaba José Aradas, para continuar formando parte do trío "Los Cumbancheros". De aí pasei a formar un trío que se chamaba "Los Zíngaros".

Formei a orquestra "Los Dukes" na que actuei con Miguelín, un neno de oito anos e tamén con Suso Vahamonde. Formei parte do "Grupo los Seis" e fixen o grupo "Los Brosa" para alternar cun conxunto de Granada chamado "Las Amazonas".

Por último formei parte de "Carmen Mary y su Orquesta" con Tony Vía Amor, máis coñecido como Lucho Gatica. A orquestra estaba formada por: Juan Sobrino; Felucho; Mazariegos; Juan Martínez; Tony Vía Amor; Bugía; José Vieiro e Carmen Mary."



CARMEN MARY Y SU ORQUESTA. Carmen Mary e Tony Vía Amor eran os cantantes; os músicos que integraban a orquestra eran: Juan Sobrino Pazos, saxo; Mazariegos, guitarra; Filucho Boussere, baixo; Juan Bujía, saxo tenor; Juan Boxa, saxo alto; e José Vieiro, batería.

FRANCISCO PRESEDO VEIGA "PACO"

Naceu en Meangos, concello de Abegondo. Foi músico integrante da Banda Militar destinada na Capitanía Xeneral da Coruña. Pero as súas actividades musicais non quedaron restrinxidas a iso soamente, xa que tamén formou parte das seguintes orquestras de música bailable: "Casanova", "Casablanca", "Orfeo", "Oriente", "Mallo", "Príncipes", "Trovadores", "Los Cadetes", "Canaris"...

Como instrumento tocaba o saxofón, preferentemente o "tenor".

BENITO SUÁREZ ARÉVALO "O VEIJEIRO"

Era de Carnoedo, concello de Sada. Tocaba o saxo, e as súas actuacións eran famosas nas festas da comarca. Actuou en varias orquestras como nos "Agüelas" de Mondego ou os "Capitanes".

Cando se organizou a Banda Municipal da Coruña presentouse o día do exame ao dereito de vir de tocar nunha festa. O seu aspecto algo desaliñado, e sobre todo o seu saxofón, vello a máis non poder reparado con gomas por un lado e por outro cun aspecto máis desaliñado, se cabe, que o propio dono. A esta praza concorrían músicos moi preparados e perfectamente pertrechados de Valencia e doutros lugares de España. Déronlles a partitura que ían ter que interpretar para o exame dicíndolles que dispoñían de vinte minutos para preparala, o noso home pegoulle un vistazo á partitura e díxolles que a el non lle facía falta tanto tempo porque a interpretou no momento, e debeuno facer ben xa que lle deron a praza de primeiro saxofonista. Iso si, cando tocaba coa banda facíao xa cun saxofón noviño, segundo faladurías disque llo regalara o propio Franco.

Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira



Seva en Venezuela. (Foto cedida pola familia Veiga).

MANUEL MARTINEZ VEIGA "SEVA"

Naceu en Esperela, concello de Paderne, no seo dunha familia de músicos e gaiteiros. Empezou tocando o bombardino, pero cando este instrumento caeu en desuso, cambiouno polo trombón. Acadou moita sona por toda a comarca tanto como trombonista como por cantante, posto que tiña moito gusto, aínda que a voz non era ningunha marabilla.

Chegou a tocar nos Guiliades, nos Rambalts, Bohemios, Capitanes... e un longo etc. Chamábano habitualmente para reforzar orquestras xa que as súas competencias co trombón de varas eran coñecidas e famosas en toda a comarca.

Emigrou a Venezuela, asentándose na cidade de Coro, capital do Estado de Falcón, formando parte da Banda de Música desa cidade.

Alí coñeceu a certo músico, xa xubilado, que exercera como tal nos Estados Unidos, acadando moita fama, sobre todo pola publicación dun método de perfeccionamento da interpretación, precisamente do instrumento que Seva tocaba.

Seva recibiu clases do referido profesor e estudou o seu método, baixo a súa cátedra.

Nunha entrevista realizada por "Vicencio" a Álvaro Pita "Alvarito" que acababa de vir de Venezuela (Voz de Galicia de 6 de maio de 1960), este non dubida en

dicir que alá da cantidade de músicos españois que foran, triunfaran dous galegos na música do Caribe: *"Freire de Pontedeume, considerado como uno de los primeros saxofones de Caracas, al igual que otro de Sada, que toca el trombón"*.

Cando regresou a España para quedarse definitivamente, mediante a preceptiva oposición, ingresou na Banda Municipal de Música da Coruña, coa praza de trombón primeiro.

Hai unha anécdota que lle ocorreu a este home cando embarcou na Coruña. Eran aqueles tempos en que os barcos de pasaxeiros ían todos abarrotados. Era un barco grande. O porto da Coruña estaba atestado de xente que ía a despedir aos seus familiares que emigraban. No momento de dar o sinal o barco da partida e empezar a moverse o Seva desenfundou o trombón e comezou a tocar un pasodobre que, naquela época estaba de moda. Titulábase: "El Emigrante". Tanto os do barco como os do embarcadoiro...¡ choraban!

ANTONIO MACEIRAS ESPIÑEIRA

De Obre (Paderne), tocaba a batería. Comezou no mundo das orquestras coa "Música dos Sabín" en Vilouzás, estivo tamén nos "Patolos", na "Radio" e nos "Trovadores". Afincouse en Madrid.

Era un home bastante alto, delgado, "caraseria", nariz aguileña, pelo rubio e laso, sempre moi ben peinado.

Aprendeu música co Sr. Campos, quen tiña sona de bo músico e profesor, sona xustificada. Antonio Maceiras acudíu a el coa pretensión de aprender a tocar o clarinete e a frauta e, cando tocaba calquera deles, xa se lle notaba que tiña facultades.

Certo día que tiña ensaio unha orquestra dos arredores de Betanzos, chegou ao local un familiar do que tocaba a batería, para avisar que este estaba enfermo grave e que tiña que deixar de tocar.

Ensaiaron aquel día, pero ao seguinte foron a Betanzos, á casa do Sr. Campos quen, como tiña tantos alumnos, era de supoñer que habería algún "batería", xa algo aprendido.

Explicáronlle ao mestre a situación en que se atopaban e que ían por ver de solucionar o problema con algún alumno que estivera xa en condicións de sacalos daquel conflicto.


O Sr. Campos quedou pensativo e díxolles:

-Ter, teño algúns, pero aínda non están preparados para ir tocar. Mais hai aquí outro, que xamais tocou a batería, pero nun par de días, prepárovolo ben.

Pasado ese tempo volveron por alí e levaron a Antonio Maceiras, quen o fixo tan ben que xa quedou na orquestra como compoñente dela.

De eiquí temos que deducir que aínda non tiña a preparación suficiente para ser un batería profesional, e que para conseguilo había que seguir estudando. Así o fixo.

Continuou dando clases co Sr. Campos. Púxose en contacto con Aquilino Pérez García, "caixa" da Banda Municipal, para perfeccionar a técnica do manexo das baquetas, como mandan os cánones, e que Aquilino aprendera do seu maestro, que tiña o bonito alcume de "Alegrías".



Antonio Maceiras

Pasado o tempo Antonio Maceiras foi requerido polo seu padriño, ademais de parente, don Antonio Casal, para que lle dera clases de batería ao seu fillo Paco Casal. Déulle doce leccións e o discípulo chegou onde tiña que chegar.

Acabamos de citar a tres percusionistas de excepción.

JOSÉ PAZ "PEPE MARCOTE"

De Santiago de Ois, do Concello de Coirós, toca o saxofón. "Comecei a tocar aos quince anos, estudando cun tío meu e despois con Faustino del Río e con Tomás Varela.

A primeira orquestra na que estiven era de Betanzos, e chamábase "Danubio", un dos seus compoñentes era o "Roxo" de Vilamourel que foi quen me levou para a orquestra. Despois estiven no "Trío Azteca" un ano, con Wenceslao, Cenalmor e Jesús. Despois na "Finisterre" a partir do ano 1954, para pasar ao ano seguinte aos "Rambalts" onde estiven aproximadamente dous anos.

Na Orquestra "Saratoga" entre 1956 e 1961, pasei logo á "Orquesta Mallo" entre 1961 e 1966, á "Lamas La Piña" no 1967, "Finisterre" no 1968 para volver aos "Rambalts" e finalmente na "Finisterre", que foi onde me retirei".



Pepe Marcote

FRANCISCO CASAL ESPIÑEIRA

Naceu no concello de Irixoa, o día 22 de decembro do 1933. Cando aínda non tiña cumprido un ano, os seus pais, sen preguntarlle nada a el, decidiron trasladarse a Betanzos. Recorda el que súa nai o arrolaba cantándolle, case sempre, cancións galegas.

Pouco a pouco foi nacendo nel unha grande paixón pola música. Cando se atopaba na rúa da Fonte de Unta, cos amigos da súa idade e cada un dicía o que quería ser, ao chegar ao noso home, el dicía que quería ser músico e toca-la batería.

Como os tempos que corrían eran difíciles e as posibilidades para estudar, máis difíciles aínda, cando tivo a idade suficiente ingresou na Academia Municipal de Música de Betanzos. Cando chegou o día no que lle dixeron a seu pai que o admitían como alumno na Academia, a ledicia foi tanta para el que pillou unhas culleres e púxose a petar enriba dunha mesa imaxinándose que era unha batería.

Cando comezou os estudos musicais, que nun principio marchaban moi ben, tivo que suspendelos varias veces, por culpa da saúde. Pero non se deu por vencido, senón todo o contrario: a música venceu as enfermidades.

"Recén cumpridos os quince anos fixen o meu debut musical, o 16 de xaneiro do 1949, en Meangos, coa orquestra "Radio", na que actuaba como trompeta Antonio Erias, pai do actual Bibliotecario, de Betanzos, Alfredo Erias.

Naquela época procuraba escoitar a radio, e como tiña unha grande facilidade para escribir música, aproveitaba para aprender ritmos, a través dela. Despois era cuestión de practicalos. Cando me oían interpretar certos ritmos, os músicos sempre me facían a mesma pregunta: ¿Quen che ensinou este ritmo? E a miña contestación era a seguinte: "Uns músicos que están dentro da rádio."

Ao ano seguinte xa me reclamaron varias orquestras de Ferrol e da Coruña. Tomei a decisión de incorporarme á orquestra "Bolero", de Ferrol. Continúan as ofertas e paso a formar parte dunha que, quizais, foi a mellor orquestra que houbo en Galicia, "Saratoga". Isto sucedeu no ano 1952. Con eles estiven ata marzo de 1955, que tiven que incorporarme ao Servizo Militar na Coruña.

Durante o tempo da "mili" non parei de traballar, pero con orquestras "de paso": "Bohemios", de Sada; "Spallant" e "Finisterre", estas dúas da Coruña.

No 1956 regresaron "Los Satélites" de Venezuela e incorporeime a esta grandiosa formación onde tocabamos a música de Glen Miller como base, pero onde non faltaban os novos ritmos como o chachachá, chibirico, etc.

No 1958 deixei os "Satélites" e marchei a Suíza co grupo "Los Celtas de España". Durante dous anos sen parar actuamos en diferentes países e dous continentes: Europa e Asia.

Foi unha xira moi positiva que durou ata finais do ano 1960. Despois volvían saír ao estranxeiro e decidín quedarme e toquei con Pastor Asensi Rey, que era

FRANCISCO CASAL ESPIÑEIRA

Naceu no concello de Irixoa, o día 22 de decembro do 1933. Cando aínda non tiña cumprido un ano, os seus pais, sen preguntarlle nada a el, decidiron trasladarse a Betanzos. Recorda el que súa nai o arrolaba cantándolle, case sempre, cancións galegas.

Pouco a pouco foi nacendo nel unha grande paixón pola música. Cando se atopaba na rúa da Fonte de Unta, cos amigos da súa idade e cada un dicía o que quería ser, ao chegar ao noso home, el dicía que quería ser músico e toca-la batería.

Como os tempos que corrían eran difíciles e as posibilidades para estudar, máis difíciles aínda, cando tivo a idade suficiente ingresou na Academia Municipal de Música de Betanzos. Cando chegou o día no que lle dixeron a seu pai que o admitían como alumno na Academia, a ledicia foi tanta para el que pillou unhas culleres e púxose a petar enriba dunha mesa imaxinándose que era unha batería.

Cando comezou os estudos musicais, que nun principio marchaban moi ben, tivo que suspendelos varias veces, por culpa da saúde. Pero non se deu por vencido, senón todo o contrario: a música venceu as enfermidades.

"Recén cumpridos os quince anos fixen o meu debut musical, o 16 de xaneiro do 1949, en Meangos, coa orquestra "Radio", na que actuaba como trompeta Antonio Erias, pai do actual Bibliotecario, de Betanzos, Alfredo Erias.

Naquela época procuraba escoitar a radio, e como tiña unha grande facilidade para escribir música, aproveitaba para aprender ritmos, a través dela. Despois era cuestión de practicalos. Cando me oían interpretar certos ritmos, os músicos sempre me facían a mesma pregunta: ¿Quen che ensinou este ritmo? E a miña contestación era a seguinte: "Uns músicos que están dentro da rádio."

Ao ano seguinte xa me reclamaron varias orquestras de Ferrol e da Coruña. Tomei a decisión de incorporarme á orquestra "Bolero", de Ferrol. Continúan as ofertas e paso a formar parte dunha que, quizais, foi a mellor orquestra que houbo en Galicia, "Saratoga". Isto sucedeu no ano 1952. Con eles estiven ata marzo de 1955, que tiven que incorporarme ao Servizo Militar na Coruña.

Durante o tempo da "mili" non parei de traballar, pero con orquestras "de paso": "Bohemios", de Sada; "Spallant" e "Finisterre", estas dúas da Coruña.

No 1956 regresaron "Los Satélites" de Venezuela e incorporeime a esta grandiosa formación onde tocabamos a música de Glen Miller como base, pero onde non faltaban os novos ritmos como o chachachá, chibirico, etc.

No 1958 deixei os "Satélites" e marchei a Suíza co grupo "Los Celtas de España". Durante dous anos sen parar actuamos en diferentes países e dous continentes: Europa e Asia.

Foi unha xira moi positiva que durou ata finais do ano 1960. Despois volvían saír ao estranxeiro e decidín quedarme e toquei con Pastor Asensi Rey, que era



o director da Orquestra Rádio. Nese mesmo ano de 1961 volvo a incorporarme aos "Celtas de España"que estaban actuando por varios países europeos como: Alemaña e Francia e tamén en España en lugares como Rosas (Gerona) etc.

Inquieto como sempre, organicei "Los Vieirantes", que resultou un éxito, recordo que o debut fixémolo en Betanzos o seis de xaneiro de 1963 no Salón Brigo de Betanzos e de aí en pouco tempo a Madrid, onde debutamos no "Flamingo", local ao que soia acudir frecuentemente Sarita Montiel. Actuando en "Casablanca" veu un tal Pineño, que daquela era considerado como o mellor barítono de España a chamarme para ir con Xavier Cugat. En xuño de 1963 inaugurei a Sala Boite "Los Monteros". Alí presentes estaban artistas como Rocío Jurado (con 18 anos), Sacha Distel, Andy Russell. Ao son dos "Vieirantes" bailaron: O Duque de Windsor, a Duquesa de Alba, Lola Flores, Marisol, etc.

Actuando no Hotel Universo de Pontevedra, Antonio Machín chamoume para a súa orquestra, corría daquela o ano sesenta e catro. Por diversas cuestións familiares non puido ser, e nese verán incorporeime aos "Satélites". No 1970 formei parte da orquestra "Los Trovadores".

Hai un recordo que nunca esquecerei, a sinxeleza e o trato llano dun ídolo como Antonio Machín, a visita que me fixo na miña casa onde lle presentei a meus pais e o poñer á miña disposición o seu coche, un mercedes naqueles tempos, ademais de dedicarnos a última canción que cantou en Betanzos no Cine Capitol, que foi Angelitos Negros".

Dende hai algúns anos Paco Casal dedicase á composición de temas, e ten actualmente cincuenta e tres temas gravados con: Ana Kiro, Melchor y los Key, Orquestra Compostela, Pily Pampín, etc. Tamén recibiu varios premios como a Cigala de Ouro do festival de Marín de 1976 e o centolo de ouro do festival do Grove, tamén de 1976.

ANTONIO ERIAS

Natural de Presedo (Abegondo), tocaba a trompeta. Comezou cando estaba no servizo militar na Banda de Infantería de Mariña. Tocou algúns anos –mentres estivo no servizo militar– na orquestra López Malde. Tocou tamén na Orquestra Radio, Solana e ocasionalmente na Orquestra Brigantina.



Antonio Erias

JOSÉ VILARIÑO MELLA "O CARLISTA"

Naceu no lugar do Mende, Concello de Coirós. Xa de moi rapaz aprendeu música na Coruña, nunha academia que estaba na Calle Real. Empezou a tocar con Aníbal e familia, xa que os fillos tamén tocaban. Así que podemos dicir que, senón empezou cos "mellores", empezou, polo menos, "cos Bos", ou sexa na Orquestra Brigantina. Tamén estivo na "Orquesta España", así como na "Cliper", de Ferrol.

GERARDO MIÑO

Era de Vilamourel e tocaba a trompeta, aprendeu a tocar con Saya en Areas. Estivo en varias orquestras como Finisterre, Platinos e Trovadores. Foi fundador da "Orquesta Marines" da Coruña. Era Garda Municipal na Coruña e despois en Madrid.

ANTONIO MARTÍNEZ ABELLÓN "TONECHO"

Naceu en Cerceda, Concello de Abegondo, e alí mesmo deprendeu solfexo e trompeta, co seu veciño Francisco Sánchez.

O primeiro grupo no que tocou, chamábase: "Los Casanova", de Meangos. Os outros integrantes eran os irmáns Fixoy, Claudino e Pepe Viqueira.

Estivo tamén nas seguintes orquestras: "Bahía", "Trovadores", "Saratoga" e "Vieirantes", tocando en Madrid, Marbella...

Outras orquestras nas que tocou: nos "Breogans", con: Sierra, saxofón; Manolito Iglesias, contrabaixo; Rafa Peinador, cantante, Pepe de Pazos, batería, e Tonecho, trompeta.

Xulio Cuns Lousa e Xosé Mª Veiga Ferreira



Manuel Eiroa

"Los Diamantes", con: Suso Vaamonde, vocalista (non confundir cun cantautor do mesmo nome e apelido), Antolín, Guillermo, Tonecho, Alejandro Téllez e Manolo Prado.

Formou parte, tamén da "Orquesta Brigantina".

Outro grupo no que actuou, levaba como título "Los 7 de Oro". En principio estaba formado por sete músicos arxentinos, que apareceron por aquí coa mesma intención que levaba Cristobal Colón cando marchou a América. Colón quería conquistar aquel "Continente" e estes o "Corte Inglés", porque aterraron en Madrid. Pasado un tempo fóiselles o trompetista. ¿Que onde os hai? En Betanzos, e levaron ao Tonecho. A "vox populi" chamáballes despois: "Tonecho y los Seis de Oros".

MANUEL EIROA VÁZQUEZ

Naceu nunha familia de músicos. Actualmente vive en Coirós.

"Toquei na orquestra "Los Satélites", con meu pai e meu cuñado Lolito.

Formei parte da orquestra de Agustín Serrano, pianista extraordinario. O resto de grupo eran: Pedro Iturralde, guitarra e saxo tenor; Régoli, batería; Guti, contrabaixo; Vera e Eiroa, trompetas. Era unha orquestra para actuacións en grandes hoteis. Durante a cea, tocabamos música clásica e logo música de baile.

Toquei con "Alfredo Romero y su Orquesta", formada por: Alfredo Romero, violín e trompeta; Perillo, de Oleiros, saxofón; Isidro, trompeta; Salvador, batería, de Madrid; Luís, saxo e frauta, de Lugo; Eiroa, trompeta e contrabaixo.

Nesas e outras orquestras nas que toquei, viaxei moito por España e Europa".

MANUEL ZAPATA

Natural de Bemantes (Miño), tocaba o baixo e o violín.

Estivo na "Lamas la Piña", "Leira Beceiro", despois foi cos "Trovadores" para Madrid e Argel e tamén foi aos EEUU coa orquestra "Los Mayorales". Estivo nos "Príncipes", "Kunkas".

"Teño algunha anécdota, como cando estaba con Lamas, que como tiñamos instrumentos de corda violíns e contrabaixo saíannos moi ben as misas, e así un ano fomos a un sitio da costa e a festa era xa preto do inverno e fixemos a misa pero despois choveu todo o día e non puidemos tocar. Ao ano seguinte chamounos o cura para volver a tocar alí xa que lle quedaba moi ben a misa e nós diciámoslle que a ver se non pasaba coma o ano pasado e el díxonos que non importaba que si chovía faciamos Misa e Mesa. E así foi fixemos a misa e despois a comer todo o día... alí había percebes... de todo.

Bueno tamén había a parte contraria que nalgún sitio téñenme dado un bocadillo para a noite para que non fose cear. Cando me fixo o bocadillo cortoume pola beira onde estaba toda a graxa, eu mirei para o xamón e para a señora e díxenlle:

-Este desafina.

A señora entendeuno e fíxome outro pero cortando polo medio do xamón."

TONY VÍA AMOR

Foi un gran cantante, sobre todo pensando na modalidade de música da que tratamos neste traballo. Esa música chamada "lixeira", porque está feita para ser interpretada por grupos musicais reducidos, e ser bailada polo común da xente.

Esta música é moi variada empregando ritmos moi diversos, atendendo a aquel refrán que di que "na variedade vai o gusto". Pero, de tódolos xeitos, en cada época hai un xénero de baile e –polo tanto– – de música, que predomina e, na época de Vía Amor, era o bolero, digamos "hispano-americano", o que privaba. Cantantes como Antonio Machín, Javier Solís, Lucha Reyes, Los Panchos... e un que se nos escapaba: Lucho Gatica.

A Tony Vía Amor oíano cantar os seus familiares e os seus amigos. Estes últimos animárono a que cantase nalgún festival benéfico, dos que se celebraban en Betanzos, e tódolos betanceiros comprobaron que o facía moi ben.

No ano 1959 presentouse ao concurso de Radio Nacional de España na Coruña *Desfile de Estrellas*, gañando o apartado de "canción lixeira" con tan só dezasete anos. Foi para Madrid a probar sorte e gañou tamén algún concurso como o de "Conozca a sus vecinos" de Radio Madrid, e quedou finalista en "Rueda la Bola" de Radio Intercontinental.

Un bo día un dos que isto escribe recibiu unha carta dun moi estimado amigo, chamado Manuel Lugilde, dende Solsona, onde estaba de Secretario do Concello,



ATLÁNTIDA. Composta por José, batería; Antonio Breixo, guitarra; Zapata, contrabaixo; José Pita, trompeta e Tony Vía Amor, vocalista. (Foto cedida por Paco Casal).

pero que antes estivera en Galicia. Na carta informábame de que na televisión (cousa que aquí aínda non tiñamos) estivera seguindo un concurso, celebrado en Madrid, de canción lixeira, no que actuara e gañara un premio o betanceiro Antonio Vía Amor.

Derivarémonos un pouco do asunto para comentar e recordar, como era o Servizo de Correos naquela época e a profesionalidade que tiñan os seus empregados. O sobre da carta aludida e recibida, dicía textualmente: *"Para Julio Cuns, un guitarrista de una ciudad de caballeros en Galicia*". E chegou.

Pero retomando o tema de Vía Amor a quen xamais se oíu presumir de ter gañado aquel premio na capital do Estado.

En dúas entrevistas que lle realizou *La Voz de Galicia*, unha de Vicencio (5-X-60) e outra de Keko (1-III-60) queixábase que a pesar de ter algunhas ofertas para cantar non podía facelo por non dispoñer do carné profesional que era necesario naquel momento.

De volta na súa terra cantou en festivais, en concursos, emisoras de radio e televisión, así mesmo estivo de vocalista en diversas orquestras, entre elas, nos Satélites.

Este rapaz tiña unha voz moi semellante á de Lucho Gatica, cantante chileno, que gozaba dun éxito extraordinario en todo o mundo, en particular nos países de fala hispana.

Nunha ocasión dous amigos, discutiron porque un dicía que non había forma de diferencialos e o outro sostiña que os podía diferenciar calquera. Ambos tiñan amizade con xente que traballaba en Radio Ferrol e alá foron a explicar a súa aposta e a solicitar que nunha hora determinada, puxeran unha canción dun disco de Lucho Gatica e, dentro dun curto espazo emitisen a mesma canción gravada por Tony Vía Amor, en cinta magnetofónica, polo orde que eles quixeran.

Din que así se fixo e que o que porfiaba de que os distinguía perfectamente, equivocouse, nomeándoos ao revés.

Case tódolos españois sabemos que Julio Iglesias gañou un primeiro premio da Televisión Europea, cantando unha canción titulada Gwendolyn. Aos poucos días houbo un espectáculo de afeccionados en Betanzos, no que o "Lucho Gatica" betanceiro, actuou e cantou a mencionada canción. E puidemos comprobar que a cantou mellor que Julio Iglesias. Non é lisonxear a quen, tristemente, xa non o pode agradecer.

JOSE PITA ROZADOS

Naceu en Betanzos. O amigo Pita, sendo aínda un neno, entrou como alumno na Academia Municipal de Música de Betanzos. Proba diso é que o 19 de setembro de 1945, hai unha comunicación do Director para que se lles aumente o soldo a varios educandos, entre eles a el.

Dende neno ía á escola de Santo Domingo, na que fixo amizade con Luís Barús Vía e, ámbolos dous estaban especializados nun deporte –hoxe desaparecido– que se chamaba "tiro de pedra ao branco, ao negro ou ao que lle cadre."

Cando saían da escola, ou cando non saían porque xa non entraban, ían polo Carregal ou por outro sitio calquera, a tirar pedras ao que fora, tanto animal como inanimado, respetando á xente.

Un día tiveron unha tremenda disputa xa que os dous se atribuían a rotura, provocada por pedrada, do dedo índice da figura que representaba a don Juan, na estatua dedicada aos Irmáns García Naveira, ubicada, naquela hora no Pasatempo, agora na Praza a eles dedicada. Ese dedo tivo que repoñerse cando a trasladaron ao "Campo".

En certas ocasións, nalgunha aldea, ao aproximarse a data da festa, dubidaba a xente en facela ou non. Dúbidas que, moitas veces, chegaban ás vésperas. Neste caso facíase unha derradeira reunión e se a mesma resultaba positiva, xurdía outro problema: ¿Onde se podía atopar unha orquestra?

Como última solución había que baixar a Betanzos (xa que para entrar en Betanzos hai que baixar, veñas de onde veñas). Aquí ensaiaban varias orquestras e, se todas estaban xa contratadas, había que acudir á Escola de Música da Banda Municipal. Entre os que alí estaban e avisando aos que non estaban, facíase un amaño para "tomar unha loma". A frase "tomar unha loma", empregada

anteriormente, era moi común, despois da guerra civil, posto que a estratexia militar era ir tomando lomas ou lugares altos, para logo copa-las vilas que estaban nos vales. O amigo Pita, dende logo, tomou moitas lomas.

Nestas actuacións acontecéronlle anécdotas do máis variado, como por exemplo unha vez, despois de xuntar catro ou cinco músicos, faltáballes o batería. Pasaba pola rúa o Tom o Cuchilleiro e propuxéronlle ir con eles. El aceptou e, como alí non había batería, amañárona cunha caixa (tambor), un platillo colgado nun soporte cunha arandela e o bombo cun pedal. Como o bombo non tiña freo de ningunha clase, íase separando da silla onde o Tom estaba sentado. Polo tanto, de cada poucos compases, víase obrigado a alonga-los brazos para pilla-lo bombo, antes de que caera do palco.

Ese mesmo día, para proceder ao descanso, tocaron o pasodobre Islas Canarias, que estaba moi de moda, e chegou un momento no que non se oían máis que o baixo e a batería. Entón o Pita mirou a súa partitura e tamén lles botou unha ollada ás dos demais que estaban ao lado, e todos tiñan compases de espera. O que si se oía fungar algunha persoa que estaba detrás. Volveu a cabeza o Pita e veu ao Naranxo, soprando no trombón, tentando face-lo "solo" que lle correspondía, segundo a partitura.

Cando deixou a banda e empezou a tocar nunha orquestra, estaba feliz, porque xa lle tiñan dito moitas veces, que os músicos das orquestras "ligaban" moitísimo.

Estivo en orquestras como a "Atlántida", "Vieirantes" e no "Trío Azteca" entre outras.

Cando houbo unha emigración masiva á República Dominicana, Pepe Pita tamén pillou o barco e ao chegar a Santo Domingo atopou cun compañeiro da Banda de Música: Aquilino Pérez García, que estaba de Guardia de Tráfico. Alá pasaron xuntos moitas aventuras, entre elas a seguinte:

Unha noite que ían por ver se nalgún "club", restaurante, sala de festas..., onde fora, os contrataban para tocar. Pita levaba a trompeta e Aquilino unha guitarra. Entraron nun establecemento de postín e o primeiro en que se fixaron foi nunha mesa na que, entre outros máis, estaban: Rocky Marciano, naquel momento campión do mundo de pesos pesados e Ava Gardner, que os acolleron á mesa, no seu círculo... A trompeta de Pita e a guitarra de Aquilino facían marabillas.

VÍCTOR VÁZQUEZ PENA

Nado en Vilarmaior, tocou o acordeón e o órgano. Aprendeu con Rogelio de Callobre e despois foi a Campolongo co Patolo, e tamén cun que lle chamaban "Pinocho". Empezou no mundo das orquestras na "Saratoga", despois andivo na "Sintonía", e cos "Trovadores" en Madrid e Alemaña. Tamén estivo cos "Satélites", "Españoles", e finalmente retirouse na "Orquesta X".



Grupo de metais da orquestra Trovadores: Marcial Figueroa, trombón; despois están Francisco Sobrino, Manuel Eiroa e Francisco Pena. (Foto cedida por Francisco Pena).

FRANCISCO PENA

Natural de Callobre (Miño). Estudou trompeta co Patolo en Campolongo. Comezou cós Pachotes aos dezasete anos, despois pasou á Bellas López de Ferrol no ano 1952, onde estivo catro anos para pasar logo aos Trovadores. Deste último grupo formaron a orquestra Os Mayorales, cos que saíron por todo o mundo e, finalmente, no ano 1976, integrouse na orquestra Trebol ata retirarse no ano 2000.

AQUILINO PÉREZ GARCÍA

Foi integrante dunha familia que chegou a Betanzos, tras da Guerra Civil, procedente das Vascongadas, concretamente de Bilbao. E, por ese motivo, coñecíanse como "Os Bilbaínos". Estaba composta por un matrimonio e varios fillos, entre eles o que inicia este escrito, quen, cando chegaron aquí xa traía aprobado do Conservatorio de Música de Bilbao, algún curso polo que, ao instalarse, ingresou na Academia de Música de Betanzos que non tiña categoría de Conservatorio, pero, para estudar música, valía. En marzo de 1941 é admitido para cubrir unha vacante.

Cando saíu a tocar coa banda o seu instrumento era o saxofón alto e dicían que o tocaba moi ben. Non pasou moito cando ocorreu un contratempo: unha enfermidade impedíalle toca-lo instrumento, pero el seguiu aprendendo música.

Dado de alta saíu a tocar outra vez, pero cambiando de instrumento, así foi que escolleu a caixa.



"Pucho Cobelo" en plena actuación coa orquestra Rambalts no ano 1958. Están ademais: o primeiro que se ve con saxofón, de esquerda a dereita, é "O Cambanés", o segundo é "Xilo"; o terceiro é Mandiá. Detrás, cunha trompeta, Gabín (de Obre, Paderne); logo despois de Pucho Cobelo está Díaz, co acordeón; segue Norberto, á batería; e finalmente "Pepiño de Maniños", ao contrabaixo. (Foto cedida por "Pucho Cobelo").

Parece ser que posuía unha especial predisposición para a música, porque, cando saíu xa tiña un gran dominio do instrumento. Pero, ademais, entrou a traballar nunha notaría e pódese dicir que xamais se viu un mecanógrafo coma el, coa velocidade e limpeza con respecto a erros e equivocacións.

Máis tarde tocou a batería en distintas orquestras, entre elas a "Lamas-La Piña", onde coincidiu con outros betanceiros: Xosé Luís Téllez e Xosé Luís Muñoz.

PEPE DE PENAS "PUCHO COBELO"


Natural de Adragonte, do concello de Paderne. Foi animador ou vocalista, pero a diferencia da maioría dos vocalistas das orquestras aprendeu solfexo con Saya, que era veciño seu de Adragonte. Tamén foi a aprender a cantar a unha academia que tiñan na Coruña Luís Brage e Granas.

"Con dezasete anos comecei na "Tropical" ata ir ao servizo militar, ao rematar este volvín para a Tropical, mentres estiven no servizo cantei nunha orquestra de Dorneda, que non tiña nome nin nada e con ela tocabamos todos os domingos no salón de Dorneda. Naquel momento eu estaba facendo o servizo militar na Coruña, e ía e volvía na lancha, pero si estaba mal tempo tiña que ir a pe ou en coche e daquela tiña que deixalos no descanso para chegar a tempo ao cuartel.

O nome artístico púxomo Casanova, que daquela tiña moita fama Pucho Boedo, e a el ocorréuselle que eu podía ter de nome artístico Pucho Cobelo, e dende iso xa me quedou para sempre.

En Betanzos estiven cos "Astros del Jazz" no que tamén tocaba o Granxeiro. Despois dun tempo paseime aos "Rambalts", onde chegamos a contar con trece músicos e cando chegaba o inverno iamos moito a tocar ao Seijal. Tamén estiven na orquestra "Bolero" de Ferrol.

A min gustábame interpretar aquelas rumberas que puxeran de moda os Satélites despois de volver de América, e que inmediatamente as adoptamos nós na Tropical."



Rafael Gómez

RAMÓN PIÑEIRO "CHELY"

Nado en Pontedeume, tocou a trompeta, trombón e guitarra. Aprendeu a tocar co Patolo. "A primeira orquestra na que estiven foi nos "Pibes" de Pontedeume, despois fun para os "J-5" e despois para os "Capris", para volver de novo para os J-5."

RAFAEL GÓMEZ MOSQUERA

Naceu en Betanzos o 31 de maio de 1944. A súa relación coa música empezou nas súas actuacións como vocalista na "Orquesta Tropical", en marzo do 1959, no Salón de festas de Oza dos Ríos.

"Pouco tempo me adiquei a isto, pero algunha cousa curiosa si que me pasou. Antes como sabedes quedabámonos a comer no sitio onde se celebraba a festa, e dunha vez na Castellana preguntáronme se para almorzar me gustaba a "cascarilla", naquel tempo estaba de moda. Díxenlles que si, pero a miña sorpresa foi cando ao día seguinte me trouxeron os pousos cun tenedor para almorzar. Eu pregunteilles que fixeran coa auga e contestáronme que a tiraran".

MANUEL, JOSÉ E LUÍS RODRÍGUEZ PRESEDO "OS FIXOI"

De Meangos (Abegondo). Os dous maiores eran Manuel e José, que foron aprender a tocar con Alfredo Regueiro –do mesmo lugar de Meangos-, e despois

con Casimiro, que levaba os Guiliades vellos. Aló polos anos corenta fundaron a orquestra Casanova, e remataron na Banda Municipal da Coruña. Manuel tocaba a batería e José o saxo.

Luís tamén se inclinou pola batería: "Estudei con Antonio Maceiras, íamos xuntos Paco Casal e eu.

Toquei en varios grupos cando empecei. O primeiro foi na orquestra de meus irmáns, que ocupei o sitio de Manuel. Despois toquei nos "Faraones", "Oriente", "Dukes", "Kadetes", e despois nos Satélites onde estiven vinte e nove anos. Despois varios dos "Satélites" fundamos a "Fania".



Luís "Fixoi"

Cos "Satélites" tivemos formacións moi boas con grandes instrumentistas como os grupos de metais. Eu salientaría tamén a un dos animadores máis destacados de Galicia como Nicolás Sedes López "Sito", que cando cantaba aqueles boleros ou cancións melódicas poñíalle a pel de galiña á xente: *Triste papel, Perdóname, La nave del olvido, Nuestro amor....* Tamén en galego como: *A miña nena, Morriña, Na morte de Curros, Sen seu amor...*"

RICARDO FRAGUÍO

"Empecei coa orquestra "Méndez" de San Pedro de Nós, despois cun conxunto que fixeron os do Bo, que se chamaba "Conjunto Cha-Cha-Chá", isto era aló polo ano 1956. Ao cabo dun ano, máis ou menos, fun para a "Tropical", esta era unha orquestra formada principalmente por xente nova, case podiamos dicir de paso para outros grupos, nela non cheguei a estar un ano. Despois estiven en varias máis como a "Orquesta España",



Ricardo Fraguío

"Ritmo Club", "Orquesta X", na "Venus" de Ponteceso, nos "Rambalts", no "Grupo Avenida" e na orquestra "Atlántida". Finalmente, e para rematar, no "Dúo Treboada".

Eu cantaba un pouco de todo, non é que sea inmodestia, pero dáballe un pouco a todo. Na "X" era sobre todo ritmo tropical con guarachas, boleros, tangos, sobre todo música sudamericana".

JOSÉ DÍAZ VARELA

Nado en Vilamourel (Paderne), tocaba a trompeta, tuba e o violín.

"O primeiro que me enseñou foi o meu veciño de Vilamourel, Gerardo Miño, e despois fun con Saya a Areas. Cando cheguei xunta el mandoume tocar unha peza e díxome que non valía. Despois tocouna el e a verdade era que non parecía a mesma.

A primeira orquestra na que toquei foi a do Perdís en Ois, despois fun para a "Casablanca" de Coruña e na "Spallant", para posteriormente integrarme na "Orquestra X", onde estiven moitos anos. Toquei tamén de prestado con case todas as de Ferrol.


Unha cousa curiosa que me pasou foi unha vez no Quiosco Alfonso da Coruña por onde pasabamos moitos músicos, alí había un pianista cego, creo que se chamaba Amadeo, que era fixo no local. O caso foi que cando me escoitou díxome:

-Trompeta, ti estudaches con Saya."

JOSÉ SABÍN

De Vilouzás (Paderne), tocaba a trompeta.

"Aprendín a tocar con Saya, que era meu padriño. A primeira orquestra coa que fun chamábase "Marineda", que era de Juan Sobrino. O ano seguinte fun para a "Orquesta España" que dirixía Gelito de Paulos de Cortiñán. Ao cabo de ano e medio fun para os "Rambalts", onde estiven dezaoito anos. Despois nos "6 de Galicia" da Coruña, en "Los Gemelos y su Orquesta", "Sintonía" da Coruña e "Miami", tamén da



José Sabín

Coruña. Rematei a miña andadura na orquestra "Radio".

Recordo unha vez que fixemos un contrato para ir tocar ao Carballiño cos Rambalts, a un sitio que se chamaba Cea. Alí había un "director" que non nos aceptaba porque a maioría de nós non tiñamos carné. A cousa arranxouna Norberto, que para iso pintábase solo, poñendo no contrato a varios músicos de Betanzos, aínda que os que tocamos finalmente alí fomos nós.

Cos "Gemelos" andivemos polo mundo adiante e fomos tocar ao Brasil, Londres, Suíza...".



Manuel Ruanova

MANUEL RUANOVA PAZ

Naceu en Sas, parroquia de Vilouzás (concello de Paderne). Estudou música con José Saya, un dos fundadores da Orquestra Rambalts, que naquela hora vivía en Areas.

Empezou cos Pachotes, estivo tamén na Copacabana e Rambalts. Foi fundador e director da Orquestra Gran Casino. Tamén estivo na Banda do Rexemento de Isabel a Católica, mediante exame e concurso. Tocou coa maior parte dos músicos desta bisbarra: Manolo Seva; Aquilino o Bilbaíno; Heliodoro Sanmartín "O Moreno" con quen estivo en Barcelona. Tamén actuou por Asturias e León, ademais de toda Galicia.

MARCELINO LÓPEZ CHAS "CANDELAS" ou "FERREIRIÑO"

Nun artigo de López Sánchez na revista *Esculca* (1994) recollemos algúns datos deste home. Naceu na parroquia de San Martiño de Orto, seu pai era ferreiro, de aí o de "ferreiriño". O de "Candelas" como nome artístico veulle máis tarde cando tocou na orquestra Spallant polas súas longas patillas que lle daban un parecido co famoso Luís Candelas.

Con menos de dez anos ingresa como batería na orquestra "Iberia" de Cecebre, que estaba moi ligada á dos Barrales. En 1956 entra a formar parte da orquestra "Los Capitanes" e seguidamente na Spallant. Posteriormente pasou ao grupo "Los Celtas", con el percorreu Europa. Estaba formado por Xosé María Velasco, Jesús Varela "Pepoff", Antonio de Palma e Manuel Pérez "Sito". Foi con ese grupo no ano 1956 cando lles saíu un contrato en Tanger, eles

apenas se coñecían polo que aproveitaron a viaxe para ensaiar no camiño. Cando desembarcaron en Tanger levaron a sorpresa de que a casa que os contratara dera en quebra. A cousa era peliaguda porque cartos tampouco levaban, grazas a que Ferreiriño levaba metido na batería un molete con chourizos da casa, cos que pasaron cinco días ata que puideron chegar a Xibraltar.

No ano 1957 entra a formar parte de Les Espagnoles e máis tarde castelanizaron o nome é convertéronse en "Los Españoles", cos que actuará por Europa, América e Xapón. Neste último país tiveron moito éxito.

Outra das anécdotas que lle sucedeu foi na cidade mexicana de Juárez, cando "Candelas" foi a cobrar as actuacións realizadas no "Gran Hotel", o director quitou unha pistola do caixón da mesa e preguntoulle:

-¿Qué quiere no más, cobrar en plata o en plomo?

E Candelas, seguindo a broma respostou:

-Si lle parece ben págueme en prata que pesa menos e imos para lonxe.

Manuel Pérez "Lito" e Marcelino López "Candelas" regresan a Galicia, e xunto con novos integrantes como: Xosé Ramón Sierra, Justino Prieto e Manuel Bello, forman a nova orquestra de "Los Españoles".

No ano 1993, uns días antes do seu pasamento, celebróuselle un homenaxe musical na Flor de Montouto.

FERNANDO FERNÁNDEZ PÉREZ

Natural de Vilouzás, concello de Paderne. Empezou na música dende moi neno con Téllez e despois con Leira de Ribeira. Nun primeiro momento chamoulle a atención o acordeón, pero logo pasouse ao piano.

"A primeira orquestra na que toquei foi na Marineda de Juan Sobrino, e despois estiven en varias: Bolero (Ferrol), López Malde, Bellas López, Radio, Sintonía, Príncipes e Trovadores. Fundamos os Diamantes, despois os Capris, e finalmente, os Tarantos.

Compuxen tamén música, así, cando a época de Desfile de Estrellas, un ano déronme o primeiro premio polo tema "Mirola" e outro ano o segundo por "No te hagas desear". A letra facíama Pucho Portela. Estes temas despois tocáronos nas orquestras por aí".



Fernando Fernández



José Canle coa charanga NBA.

JOSÉ CANLE

Tocaba o trombón de varas. Comezou na orquestra España e a finais dos anos cincuenta na Ritmo Club, para pasar posteriormente a integrar a orquestra X. A mediados desa década deixou as orquestras e emigrou a Suiza, alí tocou de forma informal en varios grupos. Cando volveu a Betanzos tiraballe a afición e entrou a formar parte da Charanga NBA (Non Bebemos Auga).

JOSÉ LUIS MUÑOZ

Foi sen lugar a dúbidas un dos músicos máis internacionais da comarca, e tamén un colaborador desta pequena historia musical. Poucos días antes do seu pasamento, acaecido no verán do ano 2004, entregounos uns folios mecanografados narrándonos as súas vicisitudes de músico polo mundo adiante. Pola súa graza e espontaneidade consideramos sería interesante poñer as súas historias tal como el as contou.

Yo y mi vida musical

"Cuando tenía ocho años, descubrí en mi casa una vieja guitarra de mi padre, con la que acompañaba a mi madre cuando cantaba sus canciones. Más tarde también apareció una bandurria, también de su propiedad. La guitarra solo tenía dos cuerdas (la prima y la segunda). Mi madre no tenía en su presupuesto el dinero necesario para comprar las cuatro cuerdas restantes, así que me conformé con aprender a (ligeramente) acompañar cosas que se me ocurrían. El "treinta y

tres" se me daba muy bien, y para las gallegadas me valía. Mi madre me enseñó los primeros acordes que usé más tarde, cuando, haciendo un gran esfuerzo, pudo comprarme las cuatro cuerdas que faltaban. Luego me enseñó a afinarla. Algo más tarde me fui enterando de que el famoso "treinta y tres" era simplemente el compás de 3 X 4 (vals). Cuando pude emplear las seis cuerdas, mi madre se preocupó de enseñarme a colocar los dedos en el diapasón para formar los acordes de Do, Re, Mi, La, (los más fáciles, claro). Los tonos menores vendrían más tarde, con el tiempo; también me ayudó mucho en ello Quique Lousa, antes de emigrar para Argentina.

Un poco más tarde me "ficharon" para tocar –o sea, aprender– en la Rondalla que dirigía Carlines. Ahí conocí a Julio Cuns y a muchos otros que también tocaban guitarra, laúd, bandurria, etc.

Seguí estudiando por mi cuenta, y escuchando muchos discos de la época, de los Panchos, el Trío Azteca de la Coruña, y de otros que ahora no recuerdo.

Más tarde empecé a tocar profesionalmente con un pequeño grupo betanceiro, que había formado Carlos González. Se llamaba "Los Cumbancheros" y estaba formado por Carlos, su hermano Guillermo a la batería, José "Mollo" a la trompeta, Lito –de Ouces– al saxo y otros instrumentos más, y yo a la guitarra. Con este grupo estuvimos dos temporadas de verano (de tres meses cada una) en la terraza de un café en Vigo. Luego seguimos haciendo actuaciones varias (en el argot musical se le llamaba "hacer lomas") por diferentes aldeas y pueblitos de Galicia.

Los años del 56 al 58 los pasé contratado por la orquesta de Ferrol "Lamas La Piña" con la que también recorrí numerosas aldeas y pequeños pueblos. El barro de las corredoiras nos llegaba hasta las rodillas del pantalón. A todo isto recibí carta desde París. Era Lito, que estaba con el grupo Los Celtas, más tarde Les Espagnols (así, en francés). Me llamaba para que me uniese a ellos en París. En esta ocasión le contesté que no aceptaba su oferta, porque me encontraba muy bien en la orquesta Piña de Ferrol. Así quedó la cosa hasta que dos años más tarde me escribió de nuevo, esta vez desde Amsterdam (Holanda) para ofrecerme de nuevo un puesto en el grupo que ya se llamaba entonces "Los Españoles" (en español). Me puso tan bien el panorama, que acepté inmediatamente. Cogí mi maleta, mi guitarra, pasaporte y algún dinero, y me fui a Madrid a coger el avión que me trasladó a Amsterdam, con varias escalas por centro Europa. Ya me estaban esperando en el aeropuerto. En tren nos fuimos para Rótterdam, que era la ciudad donde se encontraban en aquellos momentos los componentes del grupo.

Empezamos a ensayar prácticamente todo el día, pues el pianista también era recién llegado de León, y había que poner el grupo al día, y los grupos italianos



Os Españoles con Victoria de los Ángeles en Amsterdam.

que actuaban en las principales ciudades de Europa, estaban pegando muy fuerte, a diferencia de la música de pandereta y castañuelas que hacía mi nuevo grupo, y con lo que no se podía seguir tocando por Europa, pues era una música muy floja, comparada con la que hacían los italianos.

Tuve que empezar a tocar el contrabajo –cosa nueva para mí– pero me puse al corriente inmediatamente, así como a hacer las voces correspondientes, para cantar con los otros tres del grupo. El pianista no cantaba. ¡Ya tenía bastante con tocar el piano!

Nos surgió un contrato allí mismo, en Amsterdam; nuestro agente artístico confiaba en el buen hacer del nuevo grupo, y nos buscó un contrato para, al mismo tiempo, poder ensayar. Así lo hicimos. Nos pasábamos todo el día ensayando hasta la hora de empezar a trabajar.

Allí en el Lido (club donde actuábamos) nos vio un empresario de Hamburgo y nos ofreció un contrato para el club Tarantella de Hamburgo, el más elegante y mejor frecuentado de la ciudad. Llevábamos solamente dos meses actuando juntos.

En ese club nos saludó una noche una cliente especial. Una dama que más tarde se nos presentó como –nada menos– Victoria de los Ángeles. Nos estuvo escuchando y le había gustado nuestra forma de actuar.

Una semana más tarde se nos presentó un señor (que más tarde nos contó que lo habían hecho levantarse de cama para ir a escucharnos). Nos saludó y dijo que al día siguiente vendría con unos directores de la casa grabadora Deustche Grammophon a traernos un contrato para grabar con esa casa. El señor en cuestión era el conocido compositor y director de orquesta Bert Kaempfert, autor, entre otras, de "Extraños en la noche", "Los ojos de la española" y otros grandes éxitos. El mismo dirigió todas nuestras grabaciones efectuadas en el escenario del Teatro de la Ópera de Hamburgo.

Allí mismo nos ocurrió una anécdota que nos llenó de satisfacción. Llegamos y empezamos a descargar del taxi (aún no teníamos coche) nuestros instrumentos para grabar una serie de canciones. En el escenario estaba terminando de grabar la orquesta del violinista Helmut Zacharias. Pues bien, tan pronto terminó este artista de grabar su número, guardó su violín y ¡vino a ayudarnos a subir nuestros instrumentos al escenario, para poder grabar a continuación! ¡Todo un señor virtuoso del violín, haciendo esto!

Creo recordar que estuvimos dos días seguidos sin salir del escenario. Grabando todo el tiempo. Fueron catorce canciones grabadas de un tirón. Comíamos allí mismo a base de sabrosos bocadillos a los que invitaba la casa Polydor, que grababa nuestros números. Desde Hamburgo nos fuimos a actuar a Göteborg en Suecia, y allí nos enviaron los primeros discos de prueba que ya estaban en el mercado por el mundo adelante. Nuestra siguiente escala fue de dos o tres meses en Bélgica. De ahí pasamos inmediatamente a Suíza, de nuevo Alemania, Holanda, Dinamarca, Noruega, Alemania de nuevo, luego fuimos a Atenas, donde conocimos a la gran cantante Nana Mouskouri, antes de haber estado ella en España. Se casó estando nosotros allí, con el bajista del grupo que la acompañaba y, naturalmente, nos invitó a su boda. De allí salió para París, contratada por la Philips, para grabar unas canciones. Muy ingenua, ella, nos preguntaba: ¿Vosotros creéis que gustaré allí? A su marido lo contrataron igualmente como ingeniero de sonido, y allá se fue.

Durante nuestra estancia en Copenhague, tuvimos ocasión de tener todas las noches un oyente, que venía a escucharnos después de su trabajo en otro local. Era Luis Alberto del Paraná, del trío Los Paraguayos, con el que entablamos una gran amistad. Hasta se nos ocurrió montar un equipo de fútbol (su grupo y nosotros) para jugar un partido contra unos músicos daneses. ¡Perdimos por dos goles a cero!

Lástima que no tengo foto ninguna vestido de futbolista... Bueno, habíamos pedido la colaboración de un muchacho de color para echarnos una mano en el equipo, pues Luis Alberto decía que los negritos todos juegan bien al fútbol! Luego resultó que no daba una. ¡Jugaba peor que cualquiera de nosotros!



José Luís Muñoz cun grupo de gheisas no Xapón no ano 1962.
(Foto cedida por José Luis Muñoz)

Actuando por ciudades europeas, venían a escucharnos grupos de músicos – sobre todo italianos– y también muchos españoles, especialmente gallegos. Una vez, en Rótterdam, vemos entrar en el local un grupo de unas diez personas, y dijimos: ¡Gallegos! (Por el ruído que hacían) y más aún cuando oímos una voz diciendo (más bien, gritando): "¡Así se toca, galegos. Viva a nai que vos pareu!" Nosotros, no sabíamos donde meternos.

Luego nos tocó venir a España. Madrid fue la primera ciudad en la que actuamos. Volvimos más veces, y ya eran otras ciudades españolas. Cuando nos tocó ir a Mallorca, ahí ya fueron seis meses seguidos en el mismo local. Todo el verano en la playa hasta la hora de cenar. Pero actuábamos a partir de las doce y media de la noche. O sea, todos los días tocábamos al día siguiente! Por aquellas fechas del año 1962, un agente artístico de París andaba loco buscándonos por toda Europa. Nosotros estábamos en una sala de fiestas de Lausanne, y allí nos llegó la noticia de que fuésemos a París a firmar un contrato para ir seis meses a Tokio. Todo fue debido a que un famoso luchador de Sumo, japonés, (esos luchadores que son enormemente gordos y grandotes) recibió en USA un regalo de un amigo consistente en un LP nuestro, grabado en Alemania. Le gustó tanto el disco, que llegó a Japón y le dijo a un agente artístico amigo suyo que nos buscase por Europa y nos llevase a Japón. Así lo hizo, y allí tuvimos ocasión de conocer personalmente a este campeón de Sumo: Ozeki Kitabayama

se llama el luchador. "Ozeki" quiere decir "campeón", en japonés. Kitabayama es un nombre de guerra. "Yama" significa "montaña".

De ahí el nombre del famoso Fujiyama, el volcán-símbolo del país.

